



# ÓRBITA

Xornal do IES RIBEIRA DO LOURO. Xuño - 2010  
EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



"Calar é un acto político, o mesmo ca protestar" (Arundhati Roy)

## Máis teatro ca nunca no IES Ribeira do Louro

Cinco grupos de teatro, coordinados polo Equipo de Normalización Lingüística, levaron á escena algúns retrincos escollidos de clásicos teatrais e cinematográficos: William Shakespeare, Billy Wilder, Ingmar Bergman ou Els Joglars foron os autores dos textos interpretados cun enorme talento polos nosos estudiantes. Ademais, 15 alumnas representaron fermosos monólogos sobre mulleres importantes na historia e completaron así un curso no que o teatro foi o principal protagonista



O RETABLO DAS MARABILLAS, de Els Joglars



O REI LEAR, de William Shakespeare



O espectáculo GRANDES MULLERES NA HISTORIA volve ás aulas por terceiro ano consecutivo



O SÉTIMO SELO, de Ingmar Bergman




Roma



Atapuerca (Burgos)



Parque de Sotavento



"Circunferencias de cristal" (M. Ribeiro)  
Iº Concurso de fotografía matemática



Templo de Ramsés II (Xosé M. Miguez)  
"Unha ollada ao mundo desde o IES Ribeira do Louro"

## Gran preocupación na comunidade educativa de Galicia polo novo decreto sobre o uso do galego no ensino que acaba de publicar a Xunta

Órbita ofrece aos seus lectores unha completa análise sobre este cambio normativo e as súas posibles consecuencias



Inauguración da Biblioteca do noso instituto, totalmente remodelada



Un fermoso agasallo de letras e personaxes de cómic para os alumnos de educación especial de ACEESCA



Uxía Senlle e Sérgio Tannus ofrecen un extraordinario concerto no noso instituto na Semana das Letras

Un mural xigantesco en homenaxe a Uxío Novoneyra - Letras Galegas - 2010





*Na imaxe, algúns dos estudiantes colaboradores da revista Órbita*

#### EDITORIAL:

Xa estamos de novo convosco e traemos unha revista que sobrepasa por primeira vez as cincuenta páxinas de gran formato, con máis contidos ca nunca e nos que, como sempre, quixemos que houbese un pouco de todo: novas, entrevistas, reportaxes, artigos de opinión, creacións artísticas, propostas didácticas, estudos monográficos e moitas, moitas fotografías. O esforzo por parte de todas as persoas que participaron neste proxecto foi enorme, pero ao mesmo tempo moi fermoso porque cada número de *Órbita* é xa para sempre un anaco da memoria do noso instituto e de todos nós.

#### EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

#### SUMARIO:

- Análise do novo decreto (páx. 3-6 e 40-42)
- Teatro: reportaxe e publicación das cinco obras representadas (páx. 7-13), monólogos "Grandes mulleres" (páx. 14-17), Escola de teatro do Porriño e a experiencia dunha actriz (páx. 18-19)
- Escola de pais (páx. 20-21)
- Plan de autoprotección (páx. 22)
- Viales: Roma (páx. 23), Atapuerca (24-25), As Pontes e Parque Experimental de Sotavento (26-27)
- Visitas: Semana Matemática en Vigo (páx. 28), Roteiro Castelao en Pontevedra (páx. 28), Trasalba (páx. 29), Lugo (páx. 29), Castrelos (páx. 30)
- Carta da ANPA ás familias (páx. 29)
- Investigación sobre a xerga xuvenil do Porriño (páx. 30)
- Exposiciones: Aves e paxaros (páx. 31), Cogomelos (páx. 31), Fotografía matemática (páx. 32), "Unha ollada ao

- mundo dende o IES Ribeira do Louro (contraportada).
- Abecedario e personaxes de cómic para ACEESCA.
- Alzheimer (páx. 34-35)
- Día da Paz (páx. 35).
- Entrevista a Ricardo Paz sobre banca ética (36-37)
- Como crear un blog? (páx. 38)
- Charla sobre seitas (páx. 39)
- Inauguración da Biblioteca (páx. 43)
- Semana das Letras Galegas (páx. 44)
- Clubs de lectura (páx. 45)
- Homenaxe a Rosalía: os alumnos analizan *Follas Novas* (páx. 46-48)
- Recomendacións literarias: Marliese Arold (páx. 45), Milena Agus (páx. 49), Caderno dun lector (páx. 49)
- Tres fermosas narracións, dúas delas ilustradas (páx. 50-52)
- Banda deseñada (páx. 53)
- Charla de Fernando Lalana (páx. 54)
- Festas: Magosto (páx. 54), Entroido (páx. 55).
- Pasatempos e caricaturas (páx. 55)

#### Órbita, xornal do IES Ribeira do Louro (O Porriño)

#### ALUMNADO

##### Equipo de redacción:

Noelia Fernández (1º ESO-A), Alejandro Soto (1º ESO-A), Xosé María Alonso (2º ESO-A), Junior Manuel Araújo (2º ESO-A), Andrea González (2º ESO-A), Sofián Bahini (2º ESO-B), Deborah Pulido (2º ESO-B), Tamara Iglesias (2º ESO-C), Jacobo Pérez (2º ESO-C), Manuela Ribeiro (2º ESO-C), Xoana Rodríguez (2º ESO-C), Daniel Román (2º ESO-C), Nuria Sánchez (2º ESO-C), Sara Silva (2º ESO-C), Aroa Torres (2º ESO-C), Nerea Álvarez (3º ESO-A), Aitor Lago (3º ESO-B), Rocío Castaño (3º ESO-C), Lucía Alonso (1º BACH.-A), Iago Prado (1º BACH.-A), Rebeca Rocha (1º BACH.-A), María Saa (1º BACH.-A), Marta Alonso (1º BACH.-B), Florentina Castaño (1º BACH.-B), Andrea Lima (1º BACH.-B), Tania Novo (1º BACH.-B), Vanessa Otero (1º BACH.-B), Tamara Pedreira (1º BACH.-B), Paula Rey (1º BACH.-B), Lara Rodríguez (1º BACH.-B), Nerea Fernández (2º BACH.-A), Sylvia Martínez (4º ESA), Mª Teresa Solís (4º ESA), Alejandro Fernandes (4º ESA), Tania de Alén (CM Xestión Administrativa), Patricia Sanjuán (CM Xestión Administrativa).

##### Colaboracións especiais:

Axier Alonso (1º ESO-A), Lorelai Chapela (1º ESO-B), Cris Míguez (1º ESO-C), Javier Argibay (2º ESO-A), Cristofer Costa (2º ESO-A), Santiago Coto (2º ESO-A), Alisalem Hmetou (2º ESO-A), Ángela Pereira (2º ESO-A), Raquel Fernández (3º ESO-B), Katia Fernández (3º ESO-A), Alberto Martínez (3º ESO-A), Laura Nomicella (1º BACH.-A), Jennifer Rodriguez (1º BACH.-B), Antía González (2º BACH.-A), Iris María Boullosa (traballo de cando cursou 1º BACH.), María Luisa Muñoz (traballo de cando cursou 1º BACH.)

#### PROFESORADO:

##### Entrega e supervisión de traballos de estudiantes:

Xulio César Abalde, Xesús Blanco, Virxinia Calviño, Ana Mª Castro, Sara Costa, Mª Paz Fernández, Victorino García, Pilar González, Mª Xosé Iglesias, Rubén Martínez, Xosé Manuel Míguez, Sonia Omil, Mª Isabel Saco, Mª Fernanda Salgueiro, Aurora Sobrino, Mª Luisa Tenreiro.

##### Textos de seu:

Xulio César Abalde, Virxinia Calviño, Guillermo Comesa, Mª Paz Fernández, Mª Xosé Iglesias, Dolores Méndez, Ana Perdigero, Herminia Pérez, Xosé Luis Rodríguez, Asunción Teixeira.

##### Outros agradecementos:

A.C. Brandao, Xan Casalderrey, Afonso Castro, Xulia Cerviño, Antonio Faña, Mª Lourdes Ferrín, Laureano Girón, Xesús Gutiérrez, Arturo Longa, Antonio Méndez, Verónica Mouríño, Xoana Rosa Muñoz, Eva Mª Pazos, Euloxio Reinoso, Mª Elvira Rey, Mª Encarnación Rodríguez, Miguel Antonio Salgueiro, Laura Tenreiro, Xosé Manuel Villar.

##### A nosa gratitud tamén a estoutros membros da comunidade educativa:

Xunta Directiva da ANPA, Antonio Vilar, Elvira Sabucedo, Enrique Teixeira, Ana Alén, Xusto Gutiérrez, Olimpia Gómez, Mª Carmen González, Cándido Pérez.

##### Asuntos económicos: Rudesinda Ramos

##### Asesoramiento informático: Xoán Manuel Álvarez e Xosé Luis Rodríguez

##### Tratamento para a versión dixital en Internet: Xosé Manuel Iglesias

##### Mecanografiado de artigos manuscritos: alumnado de Xestión Administrativa e Mª Sol Mouzo

##### Complementos de audio e vídeo: David Barros

##### Coordinación: Delio García

# O Goberno da Xunta aproba o novo decreto sobre o uso do galego no ensino, en contra da posición maioritaria da comunidade educativa de Galicia

Dende que se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia en 1981, os sucesivos gobernos autonómicos traballaron para que houbese acordos unánimes no que respecta ao modelo lingüístico no ensino, e conseguironlo. Cómpre lembrar que a lexislación vixente ata agora neste eido foi consensuada e aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2004, nun documento que se chamou *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*.

Por iso, o feito de que a Xunta acabe de publicar o chamado *Decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* de xeito non consensual, está a provocar unha enorme preocupación. Practicamente toda a comunidade educativa se declarou en contra: o Consello Escolar de Galicia, os sindicatos que representan ao 90% do profesorado, todas as asociacións pedagóxicas que exercen o seu labor no ámbito galego, a maioría das federacións de ANPAS, ou institucións tan prestixiosas como a Real Academia Galega ou o Consello da Cultura Galega (no

que están representadas as tres universidades).

Esta preocupación polo que poida pasar a partir do curso que vén chegou tamén á nosa propia comunidade educativa e levou ao claustro de profesores do IES Ribeira do Louro a apoiar un documento elaborado polo Equipo de Normalización Lingüística do centro sobre o novo decreto. Publicámolo aquí, para que toda a cidadanía do noso contorno poida coñecer cal é a posición neste tema dos nosos profesores e profesoras.

O texto intenta responder ás seguintes cuestións: cales son os principais cambios deste novo decreto respecto ao tiñamos ata agora? Había algunha razón pedagóxica para esta viraxe tan radical no modelo lingüístico de ensino? Cal é a situación do sistema educativo galego se o comparamos coas outras comunidades autónomas? (estudo do último Informe PISA) Que consecuencias inmediatas pode acarrejar a súa aplicación?

## POR QUE REXEITAMOS ESTE DECRETO?

1. Supón o maior retroceso na lexislación sobre o galego no ensino dende que se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia en 1981. De feito, coidamos que pode ser nulo de pleno dereito xa que vai en contra da Lei de Normalización Lingüística (1983), considerada de desenvolvemento estatutario, que establece no seu art. 13.2 que “as autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino”. Lembremos os cambios que se veñen de aprobar:

### Decreto ata agora vixente

### Novo Decreto

## EDUCACIÓN INFANTIL

- |                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1. O profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado                                                                                      |                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| 2. Determinarase polo claustro, de acordo cos datos achegados polo mapa sociolingüístico de Galicia, os datos estatísticos e a información achegada polas familias. | → 2. Determinarase preguntándolle cada ano ás familias.<br>(É dicir, os profesionais do ensino, profesores e pedagogos, xa non deciden nada, senón só as familias, ou mellor dito, algunas familias, aquelas que “gañen” a comezo de curso nunha especie de votación). |
| 3. No caso de contornos castelán falantes, por exemplo as cidades, o uso da lingua galega será polo menos do 50%                                                    | → 3. Dise que “profesorado procurará que adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua”, pero non se establecen porcentaxes de tempo mínimas para o galego.                                                                                          |

## EDUCACIÓN PRIMARIA

- |                                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                         |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1. Polo menos o 50% do horario en galego.                                                                           | → 1. Como máximo un 50% en galego; o outro 50% ten que ser en castelán.<br><br>No caso de que se aprobase no centro a impartición de clases en inglés, aquelas porcentaxes reduciríanse (poderían quedar nun 33%)                       |
| 2. Concrétase nesa porcentaxe que, por exemplo, Matemáticas e Coñecemento do medio teñen que se imparten en galego. | → 2. Coñecemento do medio mantense en galego, pero Matemáticas serán en castelán.<br><br>Cada catro anos, a lingua do resto das materias debe ser aprobada polo Consello Escolar (figurarán nun documento chamado Proxecto lingüístico) |

## EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- |                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                            |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1. Polo menos o 50% do horario en galego                                                                                       | → 1. Como máximo un 50% en galego; o outro 50% ten que ser en castelán.<br><br>(Se se dan clases en inglés as porcentaxes poderían quedar nun 33%)                                                                                         |
| 2. Especificanse unha serie de materias que se deben impartir en galego. Por exemplo, Ciencias Sociais, Naturais e Matemáticas | → 2. Ciencias Sociais e Ciencias Naturais (Bioloxía e Xeoloxía) serán en galego; e Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química, en castelán<br><br>Cada catro anos, a lingua do resto das materias debe ser aprobada polo Consello Escolar |



## BACHARELATO

- Polo menos o 50% do horario en galego.



- Xa non hai o mínimo do 50% nin materias obligatorias en galego establecidas pola Administración (cada centro determinará as súas).

- Especificanse unha serie de materias que deben impartirse en galego: por exemplo, en 1º: Filosofía e cidadanía, e Ciencias para o mundo contemporáneo; e en 2º: Historia da Filosofía e Historia de España.



“Cada centro educativo (Consello Escolar) aprobará cada catro anos unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán”

Lembremos que na actualidade o horario completo dun estudiante de 1º Bacharelato atinxerá as 32 horas á semana. Se sumamos todas as horas que un alumno recibe nesas materias que por lei se especifican (contando Lingua e literatura galegas) obtemos só 10 horas. O resto (6 horas) debe completalas o Claustro para chegar polo menos a ese 50%

Este feito vai supor unha **considerable diminución da oferta de libros de texto** e outros recursos pedagógicos para os profesores e profesoras que traballen **en galego**, xa que ás editoriais lles vai ser moito menos rendible editar en galego.

## FORMACIÓN PROFESIONAL, ENSINANZAS ARTÍSTICAS E DEPORTIVAS

- Debe garantirse polo menos un 50% da docencia en galego.



- Xa non se establecen porcentaxes mínimas nin módulos concretos en galego establecidos pola Administración

- Especificase que o módulo de Formación e orientación laboral deben impartirse en galego.



-Só se di: “Cada centro establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e castelán”

(De novo atoparémonos con redución de materiais editoriais en galego, xa agora escasos).

(Poderíanse dar tamén ata o 33% das clases en inglés, o mesmo ca en Bacharelato)

- En todos os módulos garantírase que o alumnado coñeza o vocabulario específico en galego.

## EDUCACIÓN DE ADULTOS

- Nos niveis I (Alfabetización) e II (Primaria) debe impartirse como mínimo o 50% do horario en galego.



- Non se establecen porcentaxes mínimas en galego

- No nivel III (Secundaria) e nos Bacharelatos de adultos, todas agás as materias de linguas específicas

**2 . Non existe ningunha razón pedagógica para propor esta viraxe tan radical no modelo lingüístico de ensino. Os informes oficiais demostran que os resultados e competencias académicas acadadas polos rapaces e rapazas que estudan no sistema educativo galego están entre os melhores do Estado.** Vexamos isto máis polo miúdo:

a) En primeiro lugar, debemos referirnos aos datos do último informe PISA publicado (Programa para a Avaliación Internacional de Alumnos da OCDE). Cómptele lembrar que se trata do estudo más serio que hoxe existe para analizar o rendemento académico dos alumnos e comparar os sistemas educativos no mundo. No último informe participaron os ministerios de educación de 57 países (o centro de coordinación está en Australia). O que se fai é preparar uns exames que permitan avaliar con rigor a competencia científica, matemática e lectora do alumnado de 15 anos (é dicir, aquel que na maior parte dos estados participantes está próximo a rematar a educación secundaria obligatoria). Unha vez que se teñen prontas as preguntas, realízanse as

Venda	9,08	(3,2)	▲
Gales	9,03	(3,4)	▲
Wales	9,04	(3,7)	▲
Galicia	9,05	(3,6)	▲
Portugal	9,08	(3,2)	▲
Irlanda	9,06	(3,7)	—
Escoya	9,06	(3,4)	—
Reino Unido	9,05	(3,8)	—
Croacia	9,05	(2,4)	—
Grécia	9,01	(4,7)	—
Ucrania	9,01	(1,6)	—
Lituania	9,00	(3,0)	—
Polonia, Unida	9,00	(4,2)	—
Rumanía	9,00	(2,6)	—
España	9,00	(2,4)	—
Italia	8,98	(2,8)	—
Noruega	8,97	(3,1)	—
Luxemburgo	8,96	(1,7)	—
Bielorrusia	8,79	(3,7)	▼
Bulgaria	8,76	(3,0)	▼
Mongolia	8,74	(3,0)	▼
Azerbaiyán	8,70	(4,0)	▼
Georgia	8,70	(3,2)	▼
Ucrania	8,64	(3,7)	▼
China	8,54	(3,7)	▼
Chile	8,38	(4,3)	▼
Siria	8,26	(3,0)	▼
Indonesia	8,24	(6,1)	▼

*CADRO 1. A competencia científica dos alumnos galegos está 17 puntos por riba da media do Estado español*

probas nas mesmas datas en centros educativos de todos eses países. O número de exames realizados en cada estado é moi alto (só en España se avaliaron máis de 20000

alumnos), de aí a enorme fiabilidade destes datos. Pero ademais hai algo que nos interesa e é que PISA permite que en estados como o español as comunidades autónomas, se o desexan, poidan facer exames a maiores entre o seu estudiantado, co obxecto de analizar o rendemento educativo do seu alumnado e comparalo cos doutras comunidades e mesmo cos doutros países. No último informe quixeron ter estes datos propios dez comunidades autónomas, entre elas Galicia. Por certo, habería que preguntarse por que as consellerías de educación das sete comunidades restantes non quixeron participar en PISA.

O informe PISA realiza cada tres anos e en cada ocasión a maioría das preguntas (aproximadamente o

60%) céntranse nunha determinada competencia, aínda que tamén se inclúen cuestións para avaliar as outras dúas competencias (por aí un 20% das preguntas en cada caso).

No último informe o estudo centrouse na avaliación da **competencia científica** e como vemos no CADRO 1, **Galicia sitúase 17 puntos por riba da media do Estado.**

Verbo da **competencia matemática**, os resultados son tamén moi positivos. Galicia está **14 puntos por riba** da media do Estado español (véxase o CADRO 2).

E no tocante á **competencia lectora**, os resultados dos estudiantes galegos volven a estar moi por riba da media do Estado, neste caso **18 puntos**.

Reino Unido	495	(2,1)	▲
Polonia	495	(2,4)	▲
Galicia	494	(4,1)	▲
Estonia	492	(2,8)	▲
Hungría	491	(2,9)	▲
Luxemburgo	490	(1,1)	▲
Noruega	490	(2,6)	▲
Croacia	488	(5,2)	-
Ucrania	486	(2,9)	-
Lituania	486	(3,0)	-
<b>España</b>	<b>486</b>	<b>(2,3)</b>	<b>-</b>
Azerbaiyán	476	(2,3)	-
Rusia	476	(3,3)	-
Estados Unidos	474	(4,5)	-
Crisantia	467	(2,4)	▼
Portugal	465	(3,1)	▼

CADRO 2. A competencia matemática dos estudiantes galegos está 14 puntos porriba da media do Estado español

b) Se nos paramos agora a ollar os índices de fracaso escolar no Estado español (é dicir, a porcentaxe de alumnos que abandonan os seus estudos antes de tempo ou deben repetir), Galicia ten, segundo os datos do Ministerio de Educación, un 25,1% de fracaso escolar (unha taxa sen dúbida moi alta se a comparamos con outros países da UE; aquí hai moito que mellorar), pero claro está, o dato que a nós máis nos debe interesar é a comparanza co conxunto de España, xa que hai outros países europeos que invisten moito máis diñeiro en educación respecto do Produto Interior Bruto.

Pois ben, Galicia ten 5,7 puntos menos de fracaso escolar que a media española (30,8%). Lembremos por exemplo as porcentaxes de fracaso escolar dalgúnsas comunidades: Baleares (38%), Valencia (37,7%), Canarias (35,9%), Andalucía (34%), Castela A Mancha (33,7%), Murcia (32,5%), Estremadura (32,4%), Madrid (29,2%), Aragón (29,1%). En realidade **Galicia é unha das comunidades con menor fracaso escolar no Estado español.**

c) Pero para que a análise da calidade do sistema educativo galego sexa completa e poida ser valorada na súa xusta medida, non nos podemos limitar simplemente

a ollar qué lugar ocupan os nosos alumnos nas listaxes de resultados, senón que é preciso ter en conta outros datos. Para que se vexa isto con claridade, podemos pór o seguinte exemplo:

Imaxinemos que desexamos comparar a calidade educativa (e máis concretamente na materia de Matemáticas) de dous institutos de secundaria, un que chamaremos A e que se sitúa no Porriño, e outro que denominaremos B e que se localiza en Vigo. Pois ben, supoñamos que para iso nos fixamos nas notas de Selectividade (unha proba obxectiva e externa aos dous centros) e comprobamos o seguinte: os alumnos do IES A sacan na proba de Matemáticas unha media dun 6, e en troques, os alumnos do IES B teñen de media un 8. Conclusión á que poderíamos chegar: “O sistema educativo no IES B é mellor ca no do IES A, é dicir, seguro que no IES B teñen mellores profesores de Matemáticas ou menos alumnos por aula”. Pero sería esta unha conclusión precipitada. Por que? Porque seguimos analizando e comprobamos o seguinte (o caso, por suposto, é hipotético): todos os alumnos do IES A que fixeron ese exame tiñan pais que non remataron os estudos primarios; e en troques, todos os alumnos do IES B que realizaron a proba tiñan pais con estudos universitarios e, ademais, eran licenciados en Matemáticas. Evidentemente a valoración da calidade dos sistemas educativos dos dous cen-

tros podería entón mudar de xeito considerable.

Efectivamente, segundo o informe PISA, **xunto co sistema educativo de cada país, o factor que máis inflúe no rendemento educativo dos alumnos é o nivel de estudios dos seus pais.** Uns pais que non remataron os estudos primarios poden darles agardimo aos seus fillos, algo moi importante, pero non os poden axudar academicamente, como si o poden facer os que teñen estudos superiores. Daquela, os alumnos que teñen pais con estudos universitarios podemos dicir que xogan con vantaxe á hora de obter mellores resultados.

Pois ben, fixémonos no CADRO 4 correspondente ao último informe PISA, que nos mostra o nivel de estudos dos pais dos alumnos que fixeron os exames:

O cadro é enormemente revelador e amosa dúas cousas: en primeiro lugar, que **Galicia é unha das comunidades cunha maior porcentaxe de fogares nas que ningún dos pais rematou os estudos secundarios** (o 12% fronte ao 7% de Cantabria, Asturias ou o País Vasco); e pola contra, a **nosa comunidade é unha das conta cunha menor porcentaxe de pais con estudos universitarios**, aqueles que máis poden axudar os seus fillos (o 25%, fronte o 29% de Castela e León e mais ARioxia, o 30% de Aragón, o 32% de Navarra e o 36% do País Vasco).



CADRO 4: Nivel de estudos dos pais dos alumnos que fixeron os exames PISA

Luxemburgo	479	(1,3)	▲
Grecia	478	(3,4)	▲
Castilla y León	478	(3,4)	▲
Croacia	477	(2,8)	▲
Asturias	477	(6,7)	▲
Cataluña	477	(5,1)	▲
Centro	476	(4,0)	▲
Portugal	472	(3,0)	▲
Ucrania	470	(3,0)	▲
Italia	469	(2,4)	▲
Estonía	466	(3,1)	-
<b>España</b>	<b>461</b>	<b>(2,3)</b>	<b>-</b>
Grecia	460	(4,0)	-
Turquía	447	(4,7)	▼
Andalucía	443	(5,1)	▼
Chile	442	(3,0)	▼
Rusia	440	(4,3)	▼
Israel	439	(4,6)	▼
Tailandia	417	(2,6)	▼

CADRO 3. No tocante á competencia lectora, os resultados dos estudiantes galegos están 18 puntos porriba da media do Estado

Todo isto dálle aínda máis valor ao sistema educativo galego e confírmalo de novo como un dos mellores sistemas educativos do Estado.

d) Existen ademais outros datos que nos permiten analizar o sistema educativo galego e comparalo co doutras comunidades autónomas, e eses son, por exemplo, os premios que reciben os nosos estudiantes. Imos fixarnos en dous deles, os chamados Premios Excelencia e os Premios Extraordinarios de Bacharelato e Formación Profesional.

Cada ano a Xunta de Galicia outorga 80 Premios Excelencia para os alumnos que inician os estudos universitarios. Na última convocatoria sinalábase que para poder acceder a eles, os alumnos que viñan do Bacharelato debían ter unha media polo menos de 9,30 puntos (o 60% represéntao a media do expediente académico dos dous anos de Bacharelato, e o 40% restante, a cualificación das probas de Selectividade). Como vemos, a media é elevadísima e, así e todo, neste último ano houbo nada menos que 161 estudiantes que cumprían ese requisito; de feito, o propio reitor da Universidade de Santiago chegou a dicir que se trataba da promoción máis preparada da historia.



Pero máis nos interesan ainda, a efectos comparativos, os chamados Premios Extraordinarios. Neste caso, para poder presentarse a nota que se exige é algo menor (8,75) pero agora o que se pide é que fagan uns exames a maiores (do estilo de Selectividad, nos que hai probas de todo tipo). As mellores cualificacións reciben os premios e ademais teñen a oportunidade de ir a Madrid para facer outros exames e competir con alumnos doutros lugares do estado que recibiron

tamén eses premios nas súas respectivas comunidades autónomas.

Como dicimos, a análise dos resultados nesas probas pode resultar interesante para comprobar o nivel dos nosos estudantes no conxunto do Estado. Debemos lembrar que o Ministerio de Educación outorga cada ano 15 premios de Bacharelato e que por porcentaxe estudiantil (Galicia ten o 5% dos alumnos de todo o Estado) a nós corresponderían unha media de 0,75 premios cada ano. É dicir, que

para estar ben os alumnos galegos deberían sumar cada tres anos dous premios.

Pois ben, o que aconteceu no ano 2008 foi algo realmente sensacional e que todos deberíamos coñecer: nese ano concedéronse 3 premios a alumnos galegos (os tres, por certo, procedentes do ensino público), é dicir, coma se Galicia representase o 20% da poboación estudiantil. Ademais, outros tres alumnos galegos (tamén de centros públicos) recibiron os premios extraordinarios de FP

(neste caso convócanse 26 premios. O número é tamén elevadísimo: é como se os nosos estudiantes representasen o 11,5% do total).

Significa isto que somos os mellores e imos obter sempre eses resultados? Xaora que non, mais parece confirmar de novo que o sistema educativo galego está entre os que ofrece unha mellor calidade en todo o Estado, do que debemos sentirnos orgullosos e que debemos coidar.

**3.** Este novo Decreto non garantirá que os estudantes finalicen cada etapa educativa con destrezas lingüísticas en galego. Precisamente unha das cousas nas que debemos mellorar é que ainda existen problemas para conseguir que boa parte dos rapaces e rapazas, sobre todo nas zoas urbanas, teñan fluidez comunicativa en galego. Diminuir a presenza da nosa lingua como lingua vehicular agravará a situación.

**4.** A aprobación deste decreto polo actual Goberno da Xunta significa tronzar por primeira vez o consenso nun tema clave como a lingua e a educación. Ata agora, gobernase quen gobernase, sempre houbo acordos unánimes neste asunto tan importante, e estamos convencidos de que ese clima de paz e entendemento explica en gran medida o éxito acadado polo noso sistema educativo.

Cómpre lembrar que toda a lexislación vixente relativa á lingua no ensino (por exemplo os mínimos do 50% para o galego na Primaria e na Secundaria) xa foi consensuada e aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2004, nun documento que se chamou *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega*. Trátase este dun informe serio e rigoroso, de centos de páginas, para o que se crearon sete comisións de traballo, integradas por un total de 60 expertos e para o que fixeron achegas máis de 900 persoas.

Fronte a esta

maneira consensuada de actuar, a entrevista da dereira aparecida nos medios de comunicación é moi reveladora do método de traballo empregado polo actual responsable da Consellería de Educación, Jesús Vázquez.

Nela parece darse a entender que o grosor do articulado do novo decreto se elaborou a través de conversas informais (alguén podería dicir que de cafetaría), sen o aval dun informe de expertos e sen avaliar o grao de consecución do anterior decreto.

Esta pode ser unha das razóns polas que praticamente toda a comunidade educativa se declarou en contra do borrador: dende os sindicatos que representan ao

90% do profesorado, ata todas as asociacións pedagóxicas que exercen o seu labor no ámbito galego, pasando pola maioría das federacións de ANPAS ou institucións tan prestixiosas como a Real Academia Galega ou o Consello da Cultura Galega (no que están representadas as tres universidades), e más recentemente o Consello Escolar de Galicia.



Entrevista publicada no Faro de Vigo co Conselleiro de educación, Jesús Vázquez (10-01-2010)

¿Son estas realmente las bases para un decreto gallegista?

Son unas bases para el equilibrio, el consenso, ampliamente reflexionadas, consultadas con miembros de la comunidad educativa y que tuvo el germen en la encuesta a los padres.

Con quién se consultó?

Consultar... Claro que hablamos con gente en privado: "Estoy haciendo esto, ¿qué te parece?" Compañeros de la Administración del sector educativo, padres... Pero la consulta va a venir ahora con todos los organismos implicados en el sistema y la defensa y promoción del gallego.

**5.** Preocúpanos nomeadamente o **gravísimo risco de conflitividade** que pode supor aprobar este decreto, **con radicalización de posturas e divisiones no seo da nosa propia comunidade educativa**. Aínda que logo ese novo decreto non tivese demasiado percorrido no tempo e fose declarado nulo de pleno dereito, abriríanse feridas que serían malas de pechar. Vexamos algúns deses conflitos que poden xurdir:

a) Conflitos entre a Consellería e o profesorado.

É a primeira vez desde que temos Estatuto que un decreto vai pretender prohibir a un profesor usar a lingua propia de Galicia. Por iso podemos preguntarnos:

Que vai pasar con todos eses profesores e profesoras que ata agora estiveron cumprindo coa lexislación e apostando pola normalización da lingua galega? Que vai pasar con todos os profesionais do ensino que durante todos estes anos estiveron facendo un

notable esforzo de adaptación dos seus materiais pedagóxicos ao galego ata atinxir unhas ferramentas didácticas na nosa lingua de alta calidade? Moitos xa anunciaron, co apoio dos servizos xurídicos dos sindicatos, que van exercer a desobedi-

encia civil diante deste decreto, para poder cumplir o Estatuto de Autonomía e a Lei de Normalización Lingüística. E que vai facer a Consellería? Vai expedientalos a todos?

(Segue na pág. 40)

# Shakespeare, Bergman, Wilder e Els Joglars, interpretados polos nosos estudiantes

Cinco grupos de teatro, coordinados polo Equipo de Normalización Lingüística do IES Ribeira do Louro, levan á escena algúns retrincos escollidos de clásicos teatrais e cinematográficos

Durante este curso tivo lugar un fermoso acontecemento, o Equipo de Normalización Lingüística do noso centro comezou a traballar dende o primeiro trimestre na adaptación de textos teatrais e cinematográficos, e conseguiu coordinar simultaneamente o funcionamento de cinco grupos de actores e actrices dispostos a levalos á escena. Despois de moitos meses de preparación e ensaios, os nosos estudiantes puideron demostrar os seus excelentes dotes interpretativos e represetaron aquelas xoias artísticas cun enorme éxito, primeiro durante o Día do Libro -para esta data estreamos *O Rei Lear*, de William Shakespeare- e logo na Semana das Letras Galegas, na que incluímos ademais outras catro pezas:



Os nosos actores e actrices durante a representación d'*O retablo das marabillas*, de Els Joglars

*O retablo das marabillas* (arte e cociña), de Els Joglars; *Con saias e a rachar*, de Billy Wilder, e *O séptimo sello*, de Ingmar Bergman.

A potenciación da actividade teatral por parte

do Equipo de Normalización vén sendo unha constante no noso instituto durante os últimos anos, convencidos como estamos das enormes posibilidades que este recurso ofrece na mellora educativa: memoria, expresión

oral, control dos nervios á hora de falar en público, capacidade de integración, responsabilidade ao traballar en equipo, autoestima, creatividade...

A seguir sinalamos a ficha artística e técnica das pezas representadas (dende estas páxinas queremos expresar o noso

agradecemento a todos os colaboradores desta actividade) e facemos algo máis: publicamos os retrincos representados co gallo de que calquera outro centro os poida utilizar.

## O REILEAR, de William Shakespeare

Esta marabillosa traxedia aborda dous temas fundamentais: en primeiro lugar, a revelación de que o máis importante nesta vida non son as palabras senón os feitos; por iso, se realmente queremos coñecer como é o corazón das persoas, que é o que senten por nós, témolos moi doado: vexamos o que fan. Lamentablemente existe moita hipocrisia no mundo e non debemos fiarnos só do que nos din.

E o segundo tema do que Shakespeare nos fala é tan importante coma o primeiro: temos que concienciar-nos de que debemos coidar moito a nosa comunicación cos demás, para que?, para non dar lugar a malentendidos. As persoas precisan afecto de obra, si, pero tamén de palabra.

### Ficha técnica e artística:

Elenco de actores e actrices (por orde de intervención):

Presentadora..... LAURA NORIELLA (1º BACH.)

Lear ..... IAGO PRADO (1º BACH.)

Goneril ..... REBECA ROCHA (1º BACH.)

Reganía ..... JUDIT VILA e VANESSA OTERO (1º BACH.)

Cordelia ..... MARÍA SAA (1º BACH.)

Kent ..... MIGUEL ÁNGEL LAGO (1º BACH.)

Rei de Francia ....ADRIÁN TEIXEIRA (1º BACH.)



Fotografía correspondente ao cartel anunciador da obra *O Rei Lear*, de William Shakespeare, a traxedia que nos fala dun tema moi actual: moitos dos conflitos que xorden entre as persoas prodúndense por mor dun simple problema de comunicación

Decorado (pazo real) ..... Sonia Omil e alumnos de 3º ESO

Atrezzo (mapa do reino de Bretaña).... Abel Fernández (1º Bach.)

Técnicos de escena ... Alfonso Alonso, Rosa Pereira e Aurora Sobrino

Música de inicio ..... Concerto Grosso nº 26 en Re Maior

(“Música para foguetes”), Minuetto, de G. F. Händel

Pano e control musical ..... Brais Domínguez (1º Bach.) e José

Angel Portela (1º Bach.)

Coordinación e adaptación do texto ..... Delio García



Goneril en acción: "Señor, non existen verbas que expresen o meu amor por vós". Lear escuta compracido



Lear con ira, diante das frías palabras de Cordelia: "Dende agora e por sempre, destérnole do meu corazón."



O Rei de Francia expícale que o único pecado de Cordelia é "non saber pór o corazón nos beizos"

### O REI LEAR, de William Shakespeare

LEAR: Vouvos revelar os meus propósitos. Achezádeme ese mapa. Debedes saber que dividín o meu reino en tres parte, pois desexo aliviar a miña vellez dos coidados e desvelos do goberno, deixándoo en mans más novas para, descargado destes negocios, camiñar livián cara á morte. Decídeme, miñas fillas, nesta hora de me desprender de toda autoridade, de todo poder do meu reino: cal de vós me profesa máis amor? A miña xenerosidade será maior con aquela cun carío que mereza máis recompensa. Ti, Goneril, a miña primoxénita, fala en primeiro lugar.

GONERIL: Señor, non existen verbas que expresen o meu amor por vós. Ámovo más cá luz dos meus ollos, más cá espazo e a liberdade; más en todo o existente ou imaxinado; más cá vida ornada de grazas, saúde, fermosura e honra; coma filla ningunha amou endexamais o seu pai. Traede o máis deseñado polos homes: eu ámovo por riba de todo.

LEAR: De canto abranguen estas estremas, desta liña á outra, coas súas fragas mestas, os seus fértiles campos, caudalosos ríos e extensas pradeiras, noméote dona.

Agora escoto a miña filla segunda, a moi amada Regania. Que di?

REGANIA: Estou feita do mesmo metal ca miña irmá e a medida do meu afecto equipárase á súa. Con sinceridade debe declarar o meu corazón que as súas verbas describiron fielmente a substancia dos meus sentimentos. Só que ela quedou curta: repudio os praceres que me poidan proporcionar os sentidos, pois non coñeo outrá felicidade có voso amor.

CORDELIA (*á parte*): Coitada Cordelia! Non, non, nada de coitada: o mérito do meu corazón sobrepasa en moito o mérito da miña linguaxe.

LEAR (*a Reganía*): Ti e os teus herdeiros recibide por sempre este amplio anaco do meu reino, tan extenso, valioso e atractivo coma o que recibiu Goneril.

(*A Cordelia*) E agora, ti, a miña ledicia. Que tes que me manifestar para recibir unha parte máis ricaz cá das túas irmás? Escóítote.

CORDELIA: Nada, señor.

LEAR: Nada?

CORDELIA: Nada.

LEAR: De nada non se saca nada. Fala.

CORDELIA: Ouh, Señor! Son tan malpocada que non sei pór o corazón nos beizos. Amo a vosa maxestade coma unha filla ama un pai, nin máis nin menos.

LEAR: Como, Cordelia? Que dis? Mide ben as túas verbas, se non queres que sufra o teu dote.

CORDELIA: Meu bo señor, déstessme a vida, velastes por miñ e quixéstessme. En correspondencia recibides de min o que o deber me sinal: obedézovos, ámovo e respéctovos fondamente. Se as miñas irmás, como din, aman cun amor tan excluínte, que reservan para os seus esposos? Cando eu case, o home que me reciba levará a metade do meu amor, das miñas atencions e dos meus deberes. Endexamais casarei, coma as miñas irmás, para amar só a meu pai.

LEAR: Agroman do teu corazón esas verbas?

CORDELIA: Agroman, meu pai.

LEAR: Tan nova e tan endurecida.

CORDELIA: Tan nova e tan sincera.

LEAR: De acordo; sexa a sinceridade o teu dote. Dende agora e por sempre, rescindo as miñas obrigas paternais e os vencellos de sangue, e destérrote do meu corazón.

KENT: Pero señor...

LEAR: Silencio, Kent! Non te interpoñas entre o dragón e o obxecto da súa furia.

KENT: Dispón da miña vida se a túa filla menor non é a que máis te ama. Non está baleiro un corazón porque se exprese con voz tímida.

LEAR: Interposte entre as miñas ordes e o seu acatamento? O arco está tenso, ten conta coa frecha.

KENT: Que se dispare, áinda que me atravesse o corazón! Por que non vai perder Kent as boas maneciras cando Lear perde o sentido? Adeus, rei: a liberdade está fóra, aquí está o desterro.

REI DE FRANCIA: É cousa mala de entender que a persoa que ata hoxe foi a vosa filla predilecta, obxecto das vosas gabanzas, consolo da vosa vellez, cometese en tan breve tempo un fallo tan monstruoso que lle arrebate todos esos merecimentos. Pero o seu único pecado foi carecer dunha mirada persuasiva e dunha linguaxe ricaz que lle permitise a expresión dos seus sentimientos.

### O SÉTIMO SELO, de Ingmar Bergman

Nesta peza asistimos a unha das más famosas personificacións da historia do cinema. E é que na nosa existencia hai determinados fenómenos que parecen actuar por vontade propia e sobre os que nós non temos ningún control.

#### Elenco de actores e actrices:

Presentadora ..... LAURA NORIELLA (1º BACH.)  
Cabaleiro..... IVÁN RODRÍGUEZ (1º BACH.)  
Morte ..... HÉCTOR MUÑOZ (3º ESO)

Retrincos sonoro .... "Sons da terra. Ondas gravadas en Oleiros"

Pano e control musical..... Brais Domínguez e José Ángel Portela

Coordinación e adaptación do texto..... Delio García



Unha escena mítica da película de Bergman O séptimo selo: o cabaleiro e a morte enfrentánsense nunha partida de xadrez Vemos a morte moi atenta a calquera descoido do seu adversario

## O SÉTIMO SELO, de Ingmar Bergman

*Na praia. No escenario aparece o Cabaleiro. Reza unha oración. Nunha beira hai unha mochila e un taboleiro de xadrez. O Cabaleiro ponse de crequenas e busca algo na súa mochila. De súpito ergue a cabeza porque sente a presenza de alguém.*

CABALEIRO: Quen es ti?

MORTE: A Morte.

CABALEIRO: É que vés na miña procura?

MORTE: Hai moito tempo que camiño á túa beira.

CABALEIRO: Ben o sei.

MORTE: Estás pronto?

CABALEIRO (érguese): O espírito está pronto pero a carne é feble.

(Decátase de que a Morte está indo cara a el para cubrilo coa súa capa. Mentre esta estántiga camiña pasenxo, soa unha música que acentúa o misterio) Agarda un intre.

MORTE: É o que todos dicides, pero eu non concedo prorrrogas.

CABALEIRO: Ti xogas ao xadrez, non si?

MORTE: Como o sabes?

CABALEIRO: Vino en pinturas e oíño en cancións.

MORTE: Pois si. Son realmente un excelente xogador de xadrez.

CABALEIRO: Non creo que sexas tan bo coma miñ.

MORTE: Para que queres xogar ao xadrez comigo?

CABALEIRO: É á miña conta.

MORTE: Xaora que si.

(Séntanse diante do taboleiro de xadrez)

CABALEIRO: Xoguemos cunha condición: se me gañas, levarásme contigo; se perdes a partida, deixárasme vivir.

(Sacan a sortes a cor das figuras)

CABALEIRO: Para ti as negras.

MORTE: Era o lóxico, non che parece?



Escena d' O séptimo selo. Estamos no séc. XIV. Un cabaleiro volta ao seu castelo, en Suecia, despois de dez anos de terribles loitas nas Cruzadas, e atopo o seu país asolado pola peste negra. El, que é crente, ten dúbidas na súa fe e pregúntalle a Deus por que permite tanto sufrimento.

## O RETABLO DAS MARABILLAS (I), de Els Joglars

Unha sátira sobre os críticos e galeristas de arte, que ás veces pretenden convencernos das excelencias dun cadro ou dunha peza escultórica que non é, no fondo, máis ca unha auténtica tomadura de pelo.

-Elenco de actores e actrices (por orde de intervención):

Presentadora ...LAURA NORIELLA (1º BACH.)

Anadía ..... LUCÍA ALONSO (1º BACH.)

Uxía ..... YÉSSICA GONZÁLEZ (1º BACH.)

Guillerme ..... ABEL FERNÁNDEZ (1º BACH.)

Arlecchino-escultura humana.BALTASAR SÁNCHEZ

-Decorado (escultura vanguardista) .... Sonia Omil

-Música ..... - Peza inicial: *Gallarda 6* de Lluís de Milà (interpretación: Jordi Savall e Andrew Lawrence-King); - Ritual das sinaturas: *Canon de Pachelbel* (interpretación: Jordi Reguant)

Coordinación e adaptación do texto .. Delio García



Velaquí unha imaxe da obra de Els Joglars O retablo das marabillas, tal como a representaron os nosos estudiantes. Na peza, entre outros aspectos, ridiculízanse os críticos da incomprensible arte contemporánea, viciados de snobismo.

### TEXTO

*Estamos nunha galería de arte. Uxía está sentada nunha beira do escenario*

ANADÍA (entra traendo unha escultura absurda): Uxía... Uxía, mira, fixate... Sábes ese tipo tan raro que che dixen que vén cada semana á galería, abre a porta, deixa unha peza e marcha? Pois ben, hoxe deixoume esta trapallada, e dixo: "Aquí lle deixo esta figura. Que me dá por ela?" Estou delata aquí.

UXÍA: Estes presuntos artistas que se atreven con todo...

ANADÍA: E ben, que fago?

UXÍA: Non creo que teña maior interese. Pódeste desfacer dela.

ANADÍA: Ai, por certo, Guillerme acaba de chegar de Berlín.

UXÍA: Moi ben.

(Anadía fai o aceno de levar a peza pero nese intre chega Guillerme)

GUILLERME: Entón, que hai?

ANADÍA: Home, aí o está. Que tal Guillerme, como foi a viaxe?

GUILLERME: Ben, un pouco canso pero ben, ben...

UXÍA: Precisamente estaba a ler a túa crítica no Xornal de Galicia, sobre a antolóxica de Balthus.

GUILLERME (con certa indiferen-za): Ah, si... Unha antolóxica moi frouxa, eh. Si, si..., moi frouxa. (Mira sorprendido a figura) Oes. Que fai aquí este Andy Moore? (As mulleres sorris)

ANADÍA: Andy Moore?

GUILLERME: Isto é un Andy Moore, non si?

UXÍA: Non, non é un Moore.

GUILLERME: Non é un Moore? Pois eu si que eu o xuraría (míralo atentamente) Está xenial, é abriaante. Pero que proposta tan, pero tan interesante (sepárase para velo con más perspectiva, e case choque cunha figura humana).

UXÍA: Coidado, Guillerme.

GUILLERME: Si, xa vexo que tedes aquí a escultura de Antonciño López.

UXÍA: Si, é a homenaxe que fixo ao Arlequín de Picasso.

GUILLERME (sen amosar demasiado interese): Si, si, ben... pero "déjà vu", non. Ademais iso de cambiar a guitarra pola aspiradora parécesme apuntarse á modernidade co seu realismo de... pacotilla. (Volvi mirar a primeira figura) Pero a ver isto, a ver (fai acenos a Uxía para que lla deixe mirar de

novo). Ho, manda forza! E é rompedor, que poderoso resulta. De quen é? (pone a mirar por quen está asinado)

ANADÍA: Ah, pois non sei. É dun tipo moi raro que vén cada semana á galería, abre a porta, deixa unha peza e marcha.

GUILLERME: Ben, pero deixará algunha tarxeta, non?

ANADÍA (con certo medo): Non.

GUILLERME: Como que non?

UXÍA: Nada?

ANADÍA: Nada.(Sentíndose obser-vada) Vexamos con que nome asinou.

GUILLERME: Ah, pois claro.

(Soa unha música de clave, e os tres achéganse á figura como nun ritual. Non ven ningunha sinatura).



Diferentes intres escénicos da representación d' O retablo das marabillas (arte) por parte dos nosos estudiantes. A escultura de vanguarda que atrae tanto a atención de Guillermo, o propietario da galería, é dun tal Andy Moore, artista inexistente na realidade pero que parece facer referencia ao escultor inglés Henry Moore (1898-1986), coñecido polas súas esculturas abstractas de bronce e mármore. A peza que aparece na imaxe, réplica moi semellante á que utilizou o grupo catalán Els Joglars nas súas representacións, foi creada expresamente para as nosas funcións pola profesora do Departamento de Plástica, Sonia Omil.

GUILLERME: Eh, mirade debaixo, que estes ás veces asinan debaixo.

UXÍA: Ves algo?

ANADÍA: E... Si, si... Aquí: ROCA.

GUILLERME: Non, parva, iso é porque traballa con materiais reciclados ... Eh, unha cousa, Anadía, onde están as outras pezas?

UXÍA: Telas abaixa?

ANADÍA: Non.

UXÍA: Entón?

ANADÍA: Desfixenme delas.

GUILLERME (como non dando creto): A ver... Que te desfixecheas delas... Pero que demo queres dicir, eh?

ANADÍA: Tirei con elas.

UXÍA: Non.

GUILLERME: Non me amoles. Non, non, non, non...

ANADÍA: Cando as vin pensei que eran unha forma de transvanguardismo e transimpresionismo sen interese.

GUILLERME: Pero, a ver (alporzado), como vas confundir isto co transvanguardismo, por deus, Anadía. Eh?

UXÍA: Anadía, a próxima vez que decidas algo, consultaos primeiro, se fas favor.

GUILLERME: Uxía, eu que son

socio nunha galería de arte ou dun todo a cen.

ANADÍA: Pero se tampouco estaban asinadas...

GUILLERME (*facendo burla*): Non estaban asinadas... Ou sexa que segundo esta teoría da sinatura pois mira ti: ti tirarías todo o British Museum e só deixarías pois... a cúpula de Foster, e o libro de visitas, coas sinaturas, non si?

UXÍA: A ver Guillermo, isto pódelle pasar a calquera.

GUILLERME: A calquera, non. Claro que non, porque se désedes unha volta más a miúdo por Nova York, esas cousas quizais non pasarián.

UXÍA (*cun sorriso*): Xa imos por Nova York.

GUILLERME: Cando ides por Nova York?

UXÍA: Eu estiven hai seis meses concretamente en Nova York.

GUILLERME (*cos brazos abertos, mirando ao ceo*): Seis meses... Pois mira, todo o que viches está obsoleto.

UXÍA: Está obsoleto Jeff Koons?

GUILLERME: Acabado.

UXÍA: ... William Pope?

GUILLERME: Esquecido.

UXÍA: Pero por favor...

GUILLERME: Dígoche que xa ninguén fala deles... Non, non, non... A ver, guapas... Sabedes algo do "MIPISMO"?

UXÍA: Algo lin sobre mipismo.

GUILLERME: E da "ARTE BIS-AGRA"?

UXÍA: No último Arco, así... así de bisagras.

GUILLERME: E da PINTURA XENÉTICA? (Uxía estrañada) Ah. E do NEOBLÁS..? E do movemento DAT?

ANADÍA: Ai, do movemento DAF, estiven a ler uns artigos hai case nada nunha revista moi boa.

GUILLERME: Pois, mira, chata, liches a revista Motor, porque DAF é un camión. (*alporzado*) Movemento da DAT. Dillo ti, que me pon dos nervios.

UXÍA: Deconstrutivismo Acromático Total, Anadía, DAT, con T.

GUILLERME: Cando non se está ao corrente das vanguardas ocuren estas disparatadas, que se botan novas propostas coma esta marabilla ao colector do lixo.

UXÍA: Anadía, é que realmente a

obra é moi boa.

ANADÍA: pero Uxía, se ti antes me dixeches que...?

UXÍA: Díxenche que?

ANADÍA: Cando deixei a peza aí, ti dixéchesme que... (con acenos, xa que non quere que a oía Guillermo, dille que lla mandara tirar)

UXÍA: Pasaches dunha maneira que nin a vin.

GUILLERME: Temos aquí unha peza extraordinaria, e agora resulta que a nena non sabe de quen é. Como se chama este "ghicho"?

A ESCULTURA HUMANA: Xosé María Daganzo

GUILLERME: Daganzo?

ANADÍA: Ah, Daganzo?

GUILLERME: Eu son quen o pregunto? Daganzo?

UXÍA: Díxéchelo ti?

ANADÍA: Non, díxoo el?

GUILLERME: Pero como o vou dicir eu? Díxéchelo ti?

ANADÍA: Ben, ben. Daganzo.

UXÍA: Anadía, temos un Daganzo.

GUILLERME: Pois haberá que localizar a ese Daganzo.



Nesta imaxe vemos ás autoras da adaptación teatral da película Con saias e a rachar

### CON SAIAS E A RACHAR, de Billy Wilder

As alumnas María Saa e Rebeca Rocha adaptan para o teatro esta divertidísima comedia. Malia vivirmos nun mundo fundamentalmente machista e misóxino, ás veces ser muller ten as súas vantaxes.

Elenco de actores e actrices (por orde de intervención):

Jerry e Daphne ..... MARIÁ SAA (1º BACH.)

Joe e Josephin..... ADRIÁN TEIXEIRA (1º BACH.)

Revisor e Osgood Fielding .. REBECA ROCHA (1º BACH.)

Adaptación do texto..... María Saa e Rebeca Rocha

Efectos sonoros e peneira musical.... María Saa

Pano e control musical..... Brais Domínguez

José Ángel Portela

Coordinación ..... María Saa, Rebeca Rocha e Delio García



Fotografías que recollen distintos intres da interpretación dos nosos actores e actrices: á esquerda, Jerry e Joe chegan á estación de tren vestidos de muller, para fuxiren duns mafiosos. No centro, o multimillonario Osgood faille as beiras a Dafne/Jerry. Na dereita, os dous botan un baile a ritmo de tango.

#### Fragmentos representados de Con saias e a rachar

##### I ESCENA

(Aparecen dous homes, correndo e agochándose)

Jerry: Creo que me deron, creo que me deron!

Joe: Ao violín si que lle deron.

Jerry: Hai sangué?

Joe: Se nos collen por suposto que a haberá, do grupo 0.

Jerry: Joe, a onde imos?

Joe: O máis lonxe posible.

Jerry: Non é o bastante lonxe, coñecemos, e todos os bandidos de Chicago seguiráronos.

Joe: Vamos!

(Corren ata unha cabina de teléfono)

Joe: Dáme unha moeda.

Jerry: Que?

Joe: Unha moeda.

Jerry: Ah si, unha moeda, toma. Vas a chamar á policía?

Joe: Non viviríamos o bastante para declarar contra "Botines Colombo" (Wabba Spead, 98)

Jerry: Debemos de saír da cidade se queremos que nos siga crecendo a barba.

Joe: Irémonos de aquí tan axiña como nos teñímos afeitado.

Jerry: Afeitado?

Joe: Afeitado.

Jerry: Nun momento así? Eses tipos armados de metralladoras para esburacarnos e queres que nos afeitemos?

Joe: As pernas, estúpido.

Jerry: Afeitamos as pernas?

(Joe tápalle a boca a Jerry e pon voz de muller)

Joe: Ola señor Pholiaco, creo que está vostede buscando dúas mozas para unha orquestra... Ahmmm... Ahmmm...

##### II ESCENA

(Aparecen Jerry e Joe vestidas de mulleres, camiñando por unha estación de tren cargadas con malfatas e o violín)

Revisor: Expreso de Florida formando na vía 1 para a Washington, Charleston, Sabana, Jacksonville e Miami. Viaxeiros ao tren, viaxeiros ao tren.

(Jerry tropeza cun tacón)

Joe: Que che pasa agora?

Jerry: Como poden andar con estas cousas? Como poden gardar o equilibrio?

Joe: Debe ser segundo a distribución do peso. Vamos.

Jerry: E esta roupa tan lixeira... Deben de constiparse acotío.

Joe: Deixa xa os comentarios, imos perder o tren.

Jerry: Síntome espido, creo que todo o mundo esta a mirar para mi.

Joe: Con esas pernas? Estas tolo. Anda, vamos.

Jerry: Será inútil continuar esta farsa, Joe.

Joe: Chámome Josephine e ademais inicialmente a farsa foi túa. De que tes medo, ningún che vai facer as beiras. Estes disfraces axudaránnos a saír de aquí, en Florida tiráremoslos.

Jerry: Esta vez asegúroche que non vou a deixar que me leves ata onde ti queres.

Joe: Vamos, Jeraldine. (Seguen camiñando ata onde está o revisor)

Jerry: Ben, aquí estamos.

Revisor: Enviouvos a axencia Pholiaco?

Joe: Si, somos as novas mozas.

Jerry: Noviñas.

Joe: Eu chámome Josephine.

Jerry: E eu Dafne (Joe mirao abriado)

Revisor: Saxofón e contrabaixo. Alégrome de que esteades aquí filiñas, salvástesnos a vida.

Joe: O mesmo lle dicimos.

Revisor: A ver, onde tocastes anteriormente?

Jerry: Pois en varios sitios, é difícil recordalo.

Joe: Estivemos tres anos no conservatorio de música.

Revisor: Viaxeiros ao tren! Tedes os asentos: 7 e 7.A.

Joe: Moi reconeideas.

Revisor: Benvidas.

Joe: Ben achados.

Revisor: (Para o público) Parece que Pholiaco mandounos dúas verdadeiras damas.

(Xa dentro do tren)

Joe: (Agarra a Jerry polo pescoco con cara de malhumorado) Dafne?

Jerry: Nunca me gustou o nome de Jeraldine.

(Jerry apoia a chaqueta enriba da alarma)

Joe: Non te agarres aí, é o timbre de alarma.

(Joe apártaa forzosamente)

Jerry: Porque non miras o que fas?

Rompichelo.

Joe: Que rompín?

Jerry: Rompiches un dos meus sainetes.

Joe: En canto cheguemos a Florida quitámonos todo isto, de acordo?

(Joe zarandeia a Jerry fortemente)

Jerry: Agora rompiches o outro.

##### III ESCENA

(En Florida, aparece Jerry/Dafne vestida de muller levando moitas maletas; sentado nunha cadeira está Osgood. Cando ela pasa por el, tropeza, cáelle o zapato e el intenta axudala)

Osgood: Oh, perdoe, señoriña. Permítame?

Dafne: Moi amable.

Osgood: Son Osgood Fielding III.

Dafne: Eu, eu Cincinta II.

Osgood: Se hai algo que me fascina é unha moza cos nocellos finos. Gústanme.

Dafne: E a min. Ata logo!

Osgood: Permíteme que a axude?

Dafne: Oh, si, grazas. Ha, ha, ha, é vostede moi amable.

Osgood: Resulta delicioso ver sangue nova por aquí.

Dafne: Advírtolle que a miña é do grupo 0.

Osgood: Sempre me gustaron os negocios de espectáculos.

Dafne: Oh, de veras?

Osgood: Si, e a verdade é que iso custoulle a miña familia moito diñeiro.

Dafne: Interésase pola arte.

Osgood: Polas artistas. Estiven casado sete ou oito veces.

Dafne: Non recorda cantas?

Osgood: Mamá é quen leva a conta. Agora está un pouco enfadada conigo.

Dafne: Non me estraña.

Osgood: Cando na cidade comezou a tempada de espectáculos envioume aquí a descansar. Agora imaxina que estou no meu iate dedicado á pesca.

Dafne: (Apartándoo) Fixese onde lanza o anzol señor Philbin, non vaia trabucarse de peixe.

Osgood: Non tema. Cal destes instrumentos toca vostede?

Dafne: O contrabaixo.

Osgood: Oh, fascinante, e emprega vostede o arco ou so petiscas as cordas?

Dafne: Algunhas veces, abofetéoas. Ha, ha.

Osgood: Que feminina é vostede.

Dafne: Non o sabe ben. Ha, ha!

Osgood: A miña última muller era bailarina acrobática, mais ben contorsionista. Fumaba un cigarro suxitándoo cos pés. Extraordinario. Pero mamá fixome deixala.

Dafne: Porque?

Osgood: A ela non lle gustan as mozas que fuman. Por certo, se lle prometese ser bo aceptaría cear conigo esta noite?

Dafne: Non sei... a onde me levaría?

Osgood: Coñezo un sitio que lle vaia gustar, asegúrollo.

Dafne: Pois daquela imos.

##### IV ESCENA

(Están sentados a cear nun restaurante)

Dafne: A cea estivo boísima.

Osgood: Gustoulle?

Dafne: Si, moito.

Osgood: (Para o público) Pois o poste vaille gustar moito máis.

Dafne: Dícia algo?

Osgood: Ehh, que se quere bailar conigo?

Dafne: Oh, por suposto.

(Empeza a soar unha música de tango e eles comezan a bailar. Ao rematar el ponse de xeonllos e ofréelle un anel de compromiso.)

Osgood: Quere casar comigo?

Dafne: Oh, claro que si!

##### V ESCENA

Joe: Ola, Jerry. Como saíron as cousas?

Dafne: Teño moito que contarche.

Joe: Que pasou?

Dafne: Prometimne.

Joe: Parabéns, e quen é ela?

Dafne: Ela son eu.

Joe: Que??

Dafne: Osgood declaróuseme, pensamos casar en xuño.

Joe: Pero que estas dicindo? Ti non podes casar con Osgood.

Dafne: Demasiado vello para mi?

Joe: Jerry, non estarás a falar en serio?

Dafne: Por que? El casa e divorcia-se constantemente.



## O RETABLO DAS MARABILLAS (II), de Els Joglars

Ficha técnica e artística:

Elenco de actores e actrices (por orde de intervención):

Presentadora..... LAURA NORIELLA (1º BACH.)  
 Home ..... GABRIEL ESTÉVEZ (1º BACH.)  
 Arlecchino ..... BALTASAR SÁNCHEZ (1º BACH.)  
 Xerente do restaurante ... DIEGO PÉREZ (1º BACH.)  
 Muller 1 ..... RAQUEL FERNÁNDEZ (3º ESO)  
 Reporteira da BBC .... JENNIFER TEIXEIRA (3º ESO)  
 Muller 2 ..... NOELIA GONZÁLEZ (1º BACH.)  
 Camareira ..... MARÍA TOBÍO (3º ESO)

Decorado (dúas réplicas de cadros de Miquel Barceló:  
 "A paella" e "Gran cuina") ..... María Xosé Iglesias

Técnicos de escena..... Alfonso Alonso e Rosa Pereira  
 Asesoramento en lingua inglesa .... Herminia Pérez

Mª Elvira Rey

Música (peza inicial) ..... Sonata para piano nº II en  
 La mayor, "Alla turca", de Mozart

Pano e control musical..... Brais Domínguez  
 José Ángel Portela

Coordinación e adaptación do texto ..... Delio García



*Como vimos antes, ao falar da arte de vanguarda, esta obra mestra de Els Joglars está chega de críticas burleiras sobre o comportamento deses personaxes moi dos nosos días que xogan coa nosainxenidade para nos venderen fume. Neste caso, a crítica vai dirixida aos novos gurús do séc. XXI, os cociñeiro de elite, eses que nos ofrecen aire no canto de comida e a prezo de ouro, eses que se cren deuses porque substituíron o concepto de "cociña" polo de "laboratorio"*

## TEXTO

Coñecen vostedes a Mozart?

*Na entrada dun Restaurante, cunha ringleira de clientes agardando*

**HOME** (a Arlecchino, que se intenta coar): Que?... Buscas axuda para te suicidares?

**ARLECCHINO**: Ai, non.

**HOME**: Pois veña (faile acenos de que vaía para atrás e aquel obedece).

**XERENTE**: Bos días. Benvidos ao Restaurante de Xosé Mari. Vostedes son os empregados escollidos pola empresa Carrefour?

**MULLER 1**: Si, o señor Ximénez, o xefe de persoal, díxonos que nós eramos os escollidos.

**XERENTE**: Ben, pero non me fagan cola. Todos poderán gozar de balde das ledicias do noso menú cero. Se me acompañan, por favor.

**ARLECCHINO**: Vostede é Xosé Mari?

**XERENTE**: Non, eu son o asesor de imaxe deste negocio e socio de Xosé Mari (*Dan unha volta polo escenario*).

**HOME**: Coidado co chanzo.

**XERENTE**: Xosé Mari considera que comer é o máximo pracer dos sentidos. Por iso ofreceralles un menú para a vista, o oído, o olfacto, o gusto e o tacto. Señores, xantar neste Restaurante sería semellante a..., non sei... Que lles diría eu...? A escouitar unha sinfonía de Mozart, eh? (*Os clientes quedan con cara de descoñecer de quen lles fala*).

**TODOS** (con algo de vergoña): Pois non...

**XERENTE**: Xa..., claro... Tá, ta-tá, ta-ta-ta-ta-ta-ta

**HOME**: Si, iso sóame dun móvil.

**MULLER 1**: A canción é moi bonita.

**XERENTE**: Aquí teñen vostedes as cartas co menú que van degustar (*entrégalles unhas madeiras*)

**HOME**: Isto é a carta?

**XERENTE** (a **Home**): Para vostede cabaleiro.

**MULLER 1**: Tócame a min, non?

**XERENTE** (a **Muller 1**): Para vostede, señorita.

**MULLER 2**: Moitísimas grazas.

**XERENTE** (a **Muller 2**): Para vostede, señora.

**MULLER 1** (a **Muller 2**): Se queres, eu axúdiche a ler a carta.

**XERENTE** (a Arlecchino): E para vostede.

**ARLECCHINO**: Beizóns!

(*Unha reporteira comeza a gravar*)

**HOME**: Eh, escoite, que o señor Ximénez non dixo nada de televisións.

**XERENTE**: Ha, ha, ha. Cabaleiro, está na casa vostede do mellor cociñeiro do mundo. Aquí sempre hai xornalistas e programas de televisión. Ela concretamente é a

señorita Marta Three, da BBC.

**HOME**: Da "bi-bi" que?

**XERENTE**: Da Televisión Británica. Está a facer unha repartaxa desta xornada, do menú cero. Eu imaxino que a vostedes xa os puxeron ao corrente..., é dicir, que nós temos 6 estrelas Michelín. (*Quédanse sen decir nada*)

**MULLER 1**: Ah..., pois... que ben..., non...?

**XERENTE**: Pero vostedes saben que é isto da Guía Michelin?

**MULLER 1**: Pois non.

**HOME**: É un pneumático, home.

**XERENTE**: Xa, moi ben (*ríndose*). Vale, cando queiras Marta.

**REPORTERA** (en inglés): We are in the uptown in Vigo, for a BBC television programme. Come and visit with us Xosé María's Restaurant. You won't find such a cool restaurant as this one in the world. Today is a special day, with the menu zero for the popular classes

(*MULLER 2 - TRADUCTORA SIMULTÁNEA*: "Estamos no centro de Vigo, para a BBC, venán hoxe visitar connosco o Restaurante de Xosé María. Non atoparán outro restaurante no mundo tan de vanguarda como este. Hoxe é un día especial co menú cero para as clases populares").

(*A Home*): Se fai favor, diga o seu nome.

**HOME**: Xesús Carballo Chopos.

**REPORTERA**: É a primeira vez que proba a alta cociña de Xosé

Mari, non?

**HOME**: Si, señora. porque hoxe é de balde, se non isto é moi caro para min.

**REPORTERA** (a **Muller 1**): Moi ben, o seu nome por favor

**MULLER 1** (mirando fixamente á cámara): Eu chámome Puri, sabe.

**REPORTERA**: Non mire á cámara.

**MULLER 1** (agora asústase e mira para o chan): Traballo no supermercado, con ela. É que ela é estranxeira.

**REPORTERA** (á **Muller 2**): De onde vén vostede?

**MULLER 2**: De Saraxevo.

**MULLER 1**: É que ela fai a limpeza do supermercado, sabe.

**REPORTERA**: Son dúas afortunadas que van probar a cociña de Xosé Mari.

**XERENTE** (mirando para a cámara da reporteira, paseando): Vou por aquí non...? Ben, a ver se levantamos un pouquín o nivel. Pois o día do menú cero consiste nun día de aproximación da alta gastronomía ás capas más desfavorecidas da sociedade. Xosé Mari ten un fondo senso da solidariedade e entende que os placeres do padal non son exclusiva das elites. Non, non, non... non estamos a facer ningunha demagogia. Xosé Mari ten previsto pór eses menús de balde polo menos tres veces por tempada, para así contribuir a erguer o nivel cultural do país. Isto haberá que repetilo.



Arlecchino intenta despistar os outros clientes para course

HOME: Pois si, iso está moi ben, pero aquí cando se come, porque é que teñó unha fame.

XERENTE (sorrindo): A ver, acougue, eh, acougue... Pois ben, o aperitivo que lles propón Xosé Mari é unha transubstancialización dun vermut popular. Sintetizamos..., sintetizamos a oliva...

ARLECCHINO (entusiasmado): -iva

XERENTE: ...o croque...

ARLECCHINO: -oque.

XERENTE: ...a anchoa...

HOME 2: -oa.

XERENTE: ... e a pataca..., e todo iso licuouse pois nada, cun vermú da casa e un, chifl, chorriño de sifón.

MULLER 1 (tamén entusiasmada): Sabe vostede, a min o sifón sóbeme á cabeza.

XERENTE (rindo): Moi ben, moi ben. Pois nada, cabaleiro, comecemos por vostede (entra un camareiro cunha bandexa, na que están pouxadas unhas xiringas nun líquido). Por favor, se é tan amable, abra vostede a boca e prepare o padal.

HOME (abre de mala gana e con cara de sufrimento recibe a dose)

XERENTE: Señorita, abra a boca e prepare o seu padal.

MULLER 1: Ah, pois visto así, a min dámelo un pouco de grima, sabe.

XERENTE: Isto? Non, non, muller, se isto lle vai gustar, xa verá. Abra a boca, sen medo, con toda a confian-

(Vén da páxina 11)

Joe: Pero, pero ti non es unha muller. Es un home, nin en broma podes facer iso.

Dafne: E o porvir?

Joe: Jerry, é mellor que te deites, ti non estás ben.

Dafne: Queres deixar de tratarme como unha nena? Non son idiota, xa sei que é un problema.

Joe: Naturalmente que o é.

Dafne: A súa nai, iso é o que me preocupa, pero darame o seu consentimento porque non fumo.

Joe: Jerry, hai outro problema máis grave.

Dafne: A si? Cal?

Joe: A viaxe de vodas, imbécil.

Dafne: Xa falamos diso, el quere ir á Riviera, pero eu inclínome más



O xerente: "Xantar neste restaurante sería semellante a.... escutar unha sinfonía de Mozart"

za do mundo. Af está, moi ben..., Beeeen..., perfecto (a muller recibe a ración con noxo).

(Dirixíndose agora á Muller 2) Señora, é a súa quenda.

MULLER 2: Non, non, non. Por favor, Puri.

MULLER 1: Non, é que sabe vostede que pasa: estivo moi enferma, tivo un cancro de pel, e danlle como cinco ou oito inxeccións cada día.

XERENTE: Vale, vale.

HOME (ainda co mal sabor de boca) Oia, podería traermee unha caña?

XERENTE: Ha, ha, ha. Sábeme mal, eh, pero iso aquí non, eh. Iso pódio tomar mañá en calquera outro sitio, pero iso nós non o tocamos...

E por certo, como poden vostedes comprobar neste comedor non hai decoración, nada que distraia o gran festival dos sentidos. Unicamente preside a sala este marabilloso cadro do xenial Miquel Barceló. (Ve que ninguén di nada) Coñecen vostedes a Barceló?

TODOS (con algo de vergoña): Pois non.

XERENTE: Xa, tiña que supolo. Ou sexa que nin Mozart, nin guía Michelín, nin Barceló? Ah, pero vostedes non se preocupen...

MULLER 1: Ah, non?

XERENTE: Non muller, non desertoan, non. Forman parte da media nacional.



Tradución simultánea: "Estamos no centro de Vigo para a BBC. Non atoparán outro restaurante no mundo tan de vanguarda coma este"



"Isto vaille gustar. Prepare o padal e abra a boca sen medo"



"Neste comedor non hai nada que distraia o gran festival dos sentidos. Unicamente presiden a sala estes marabillosos cadros do xenial Miquel Barceló".

Os bellos lénzos cos que se decoren o escenario son réplicas case exactas de traballos do artista mallorquín ("A paella" e "Gran cuina"), pintadas expresamente para a obra pola profesora do Departamento de plástica María Xosé Iglesias

polas fervenzas do Niágara.

Joe: Escútame. Jerry, ti non estás nos teus cabais. Como pensas arranxar iso?

Dafne: É que non vai a durar moito, Joe. Diríelle a verdade no momento oportuno.

Joe: Cando?

Dafne: Inmediatamente despois da voda: solicítase rapidamente o divorcio, el asigna una cantidade mensual para os meus gastos e eu a vivir tranquilamente o resto dos meus días.

Joe: Jerry, Jerry, escucha Jerry, escucha. Hai disposicións, leis, iso que dis non pode facerse.

Dafne: Shhhh, Joe, non terei outra ocasión de casarme cun millonario.

Joe: Oes, Jerry.

Dafne: Que?

Joe: Queres seguir o meu consello? Esquécete de este asunto, convéntete de que es un home. Es un home.

Dafne: Son un home.

Joe: Iso está mellor.

Dafne: Son un home, son un home. Ah, que desgraza a miña, xa non sei o que son. Son un home. Caramba, que vou facer có agasallo de compromiso?

#### VI ESCENA

Osgood: Falei con mamá, estaba tan contenta que ata chorou. Quere que leves o seu vestido de noiva, é de encaixe branco.

Dafne: Osgood, non podo casarme có vestido da túa nai. Seguro que ela e eu non temos o mesmo tipo.

Osgood: Podemos reformalo.

Dafne: Non fai falla. Osgood, debo ser sincera contigo. Ti e eu non podemos casar.

Osgood: Por que non?

Dafne: Pois..., primeiro porque non son loura natural.

Osgood: Non me importa.

Dafne: E fumo, fumo moiísimo.

Osgood: Éme igual.

Dafne: Teño un pasado terrorífico, desde hai tres anos estou vivindo cun saxofonista.

Osgood: Perdóocho.

Dafne: Nunca poderei ter fillos.

Osgood: Adoptarémoslos.

Dafne: Non me comprendes,

Osgood: Oswood! Bah, son un home.

Osgood: Bueno, ninguén é perfecto.



## 15 monólogos teatrais para celebrar o Día da Muller



Clara Zeikin: "Fun eu a que propuxen que a data do 8 de marzo se considerase o Día Internacional da Muller"



Momento da intervención de Victoria Kent nunha aula do noso instituto

Durante o 8 de marzo, por terceiro ano consecutivo, alumnas do IES Ribeira do Louro encarnaron a mulleres sobranceiras na historia da humanidade, para nos contaren en primeira persoa os seus logros en múltiples especialidades. As nosas actrices representaron os seus papeis na maioría das aulas do IES Ribeira do Louro e ademais levaron o espectáculo uns días despois ata o IES N° 1 do Carballiño, onde quedaron abraiados pola calidade da proposta.

Por outra banda, o Departamento de Filosofía e mais o Equipo de Normalización, organizadores da actividade, tiveron a satisfacción de coñecer que este mesmo ano outros centros educativos de Galicia, como o IES Taboada Chivite, de Verín, prepararon actuacións do mesmo tipo, servíndose para iso dos discursos publicados na nosa revista *Órbita*. Aquí tedes o álbum de fotos da actividade desenvolvida neste curso e mais os textos integros dos monólogos que incorporamos por primeira vez.



Téano (Andrea Lima)

Bos días. Chámome Téano e nacín no século VI a.C na cidade de Crotone, unha localidade que hoxe está no sur de Italia pero que daquela pertencia a Grecia. Fun importante por ser unha gran matemática e dirixir durante varios anos a Escola Pitagórica.

A diferenza do que acontece agora nalgúns países do mundo, en que a muller non pode estudar, na nosa escola pitagórica dábbase moita importancia á educación, tanto de homes coma de mulleres. Considerábbase moi importante que unha rapaza fose intelixente e culta, e a min as matemáticas apaixonáronme desde pequeníña. Fun alumna de Pitágoras e cheguei a casar con el. Cando o meu home morreu, continuei eu a tarefa de espallar os coñecementos matemáticos por Grecia e Exipto.

Gustábanos repetir unha frase que logo se fixo moi famosa: "Todo é número", é dicir, estabamos convencidos de que na natureza todo se podía explicar mediante os números. Se vos decatades, o emprego de relacións matemáticas é algo que facemos acotío; por exemplo, cando viaxamos predicimos o tempo que imos tardar en base a unha función matemática na que relacionamos o espazo coa velocidade media.

Outro caso: a nosa Escola foi a primeira en relacionar as matemáticas coa música e fomos nós os que descubrimos a escala musical. Sabedes que o son producido ó tocar unha corda depende da súa lonxitude, grosor e da súa tensión. Pois ben, o que nos descubrimos é que ó dividir a corda en certas proporcións prodúcense sons praceiros ó oído, é dicir, harmónicos. Como curiosidade pódovos dicir que moitos músicos da vosa actualidade están a buscar algo así como a ecuación da melodia perfecta e usan os algarismos de programas de edición de audio para crear as súas cancións. Moitas grazas.



Fotografía que recolle un intre da actuación de Sofía Brahe nunha aula do IES N° 1 do Carballiño, ata onde levamos as nosas representacións



A profesora Virxinia Calviño coas estudiantes que participaron neste curso na actividade "Grandes mulleres na historia"

Bos días. Chámome Clara Schumann e fun a pianista máis importante do século XIX; o público europeo considerábase tan boa coma Franz Liszt, outro pianista virtuoso neste tempo. O meu marido foi Robert Schumann, un dos grandes compositores do Romanticismo alemán. Nacín en Leipzig, Alemaña, en 1841. Os meus pais eran profesores de piano e tiñan un negocio relacionado coa venda de partituras e instrumentos musicais. Eles preocupáronse por darme dende nena unha formación musical completa cos mellores mestres disponibles.

O meu primeiro concerto deino nun importante auditorio da miña cidade cando tiña só 11 anos. Daquela había outras "nenas prodixio" que tocaban moi ben obras de gran dificultade e conquistaban o público amante da música, pero o problema era que a maior parte destas rapazas, cando chegaban a certa idade, deixaban os escenarios. Por que? Polo machismo existente na sociedade que facía recaer sobre as mulleres a responsabilidade exclusiva de coidar o fogar e de criar os fillos, e impedía que dispuxesen de tempo para desenvolveren a súa vocación.

O meu caso foi único e áinda que tiven oito fillos, consegúin realizar arredor de corenta xiras de concertos por todo o continente europeo. Ademais de concertista fun compositora e escribín unha deliciosa colección de 6 pezas para piano chamadas *Soirées Musicales*, que poderíamos traducir ó galego como Seráns Musicais, unha especie de xuntanzas ou parladoiros musicais que eran bastante frecuentes no século XIX. Finei en 1896. Moitas grazas.



Clara Schumann (Sara Silva)

Chámome Hellen Keller. Fun a primeira persoa xordocega en obter un título universitario e unha gran activista que loitou polos dereitos das persoas con este tipo de discapacidade sensorial.

Nacín en 1880, nunha localidade rural de Alabama, en Estados Unidos. Cando tiña 18 meses era unha nena normal; encantábanme as flores, as aves, a natureza, pero a esa idade enfermei, áinda hoxe non se sabe de que, se de sarampelo, rubéola...; lembraíde que daquela ós nenos non se nos vacinaba de nada, o mesmo que pasa no voso tempo en moitos países do que chamades Tercer Mundo. Pois ben, o certo é que cando a febre me baixou, miña nai notou que eu non pechaba os ollos cando me bafíaban, levoúme ó oculista e descubriron que era cera; logo fixouse tamén que eu non reaccionaba diante dos ruidos fortes, tamén era xorda, e de alí pouco tempo volvíñome muda, xa que esquecí as poucas palabras que xa antes balbuceaba.

Con seis anos leváronme a un experto en educación de xordos, Alexander Graham Bell, que como sabedes foi tamén o inventor do teléfono en 1876, e grazas a el coñecín a unha mestra excepcional, desas que nos cambian a vida; chamábuse Anne Sullivan. Co seu esforzo consegúin, cando tiña tiña dez anos, aprender a ler e escribir en Braille, e a comunicarme directamente cos demais coa linguaxe manual dos mudos. Pero o máis increíble é que tamén me ensinou a falar. Neste caso foi un proceso máis longo. Para ensinarme dicción, puñá a miña man na súa gorxa mentres falaba e logo animábamme a xerar esas mesmas vibracións. E, o que son as cousas, pasados os anos cheguei a ser unha gran oradora. Efectivamente, licencíame en 1904 nunha universidade americana e adiquei o resto da miña vida a publicar libros e pronunciar conferencias para mellorar a calidade de vida das persoas cegas. A miña vida foi varias veces levada ó teatro e ó cine, co título de *O milagre de Anne Sullivan*. Finei en 1968 e coido que pode ser unha boa despedida unha frase que sempre me gustaba dicir: "As cousas máis fermosas e mellores no mundo non se poden ver nin tocar, senón que se senten no corazón".



Hellen Keller (Nerea Fernández)

Chámome Clara Zetkin. Nacín en Alemaña en 1857 e fun unha política partidaria do pacifismo e da reivindicación dos dereitos da muller.

Estudei para ser mestra e ós 24 anos afiliíreme ó Partido Socialdemócrata Alemán, que logo sería prohibido, feito polo que tiven que exiliarme en Suíza durante oito anos. En 1892 fundei un xomal chamado *A Igualdade*, escrito exclusivamente por mulleres, no que entre outras cousas reclamabamos o noso dereito a poder votar nunhas eleccións. En 1910, durante o II Encontro Internacional de Mulleres Socialistas realizado en Copenhague, onde asistiron delegadas de 17 países, fun eu a que propuxen que a data do 8 de marzo se considerase o Día Internacional da Muller ou Día da Muller Traballadora, e tal proposta foi aceptada. Por que o 8 de marzo? Porque nesa data, dous anos antes, en 1908, morreron calcinadas 146 mulleres traballadoras da fábrica téxtil Cotton, de Nova York, nun incendio provocado polos propios empresarios, cando as operarias se negaron a abandonar un peche e unha folga, nos que protestaban polos baixos soldos, as aldraxantes condicións laborais que padecían e o traballo infantil.

Durante a I Guerra Mundial, ese terrible conflito que como sabedes tivo lugar entre 1914 e 1918 e que produciu 10 millóns de mortos, participei xunto con outros activistas en múltiples actividades nas que criticabamos a política belicista do noso país e nas que pedíamos paz. Por expresar estas opinións fun arrestada unhas poucas de veces. En 1920 son elixida deputada no Parlamento alemán polo Partido Comunista, e en 1933, cando Hitler toma o poder en Alemaña, teño que exiliarme na Unión Soviética. Nese mesmo ano ten lugar o meu pasamento. Beizóns.



Clara Zetkin (Marta Alonso)

Chámome Sofía Brahe. Nacín en Dinamarca en 1556 e fun importante por ser unha extraordinaria astrónoma.

Dende moi noviña amosei unha gran paixón polas estrelas e con 10 anos xa lle axudaba a meu irmán, Tycho Brahe, outro gran científico, no traballo da observación astronómica. Uns anos despois quisen ingresar na universidade pero neste tempo só aceptaban homes; por iso convencín a meus pais para que me permitisen tomar cursos particulares en diversas disciplinas académicas.

En 1572 o rei Federico II financiouños a construción do centro de investigación de Uraniborg, o maior observatorio de astronomía da era previa á invención do telescopio, e alí continuamos o noso labor. Conseguimos calcular dun xeito moi preciso a traxectoria dos planetas e a posición de máis de 700 estrelas. Estas observacións foron esenciais para que anos despois Johannes Kepler formulase as tres leis que rexen o movemento dos planetas, e que á súa vez habían servir de base para que posteriormente Isaac Newton formulase a famosa Lei da Gravitación Universal, é dicir, esa lei sobre a forza de atracción mutua que experimentan os corpos polo feito de ter unha masa determinada. Moitas grazas e lembraíde que se ollades o ceo con atención, poderedes atopar moitas respuestas.



Sofía Brahe (Xoana Rodríguez)

Bos días. Chámome Victoria Kent. Nacín en Málaga en 1898 e fun unha gran avogada e política republicana.

Estudei Dereito na que hoxe se chama Universidade Complutense de Madrid e en 1930 convertimme na primeira muller que exerceu como avogada perante un tribunal militar. En concreto, nese xuño asumín a defensa do político Álvaro de Albornoz, a quen xulgaron nese ano por asinar un manifesto republicano, e eu consegúin a súa absolución. En 1931 proclámase en España a II República, un sistema de goberno como sabedes no que non hai un rei que herde o poder do seu pai, senón no que o Xefe do Estado é escollido democraticamente entre todos os ciudadáns. Pois ben, eu son elixida deputada e o Presidente da República, que daquela era Alcalá-Zamora, noméame Directora Xeral de Prisións. Neste cargo continuei co labor emprendido no século XIX pola galega Concepción Arenal, e traballei arrebo para mellorar os cárceres españois, baixo o criterio de que as sociedades están obrigadas a recuperar o delincuente como persoa activa.

Durante a Guerra Civil fixenme cargo da creación de refuxios para nenos e das garderías infantís, e enviáronme a Francia para me encargar da evacuación dos nenos. O 14 de xuño de 1940 os nazis entran en París e eu tiven que refuxiarme na Embaixada de México para que non me detivesen. Vivín cunha identidade falsa, a de Madame Duval, ata que se conseguiu a liberación de París, e neste tempo na capital francesa escribín unha novela autobiográfica titulada *Catorce anos en París*. En 1948 marchei a México, onde impartíñ clases de Dereito Penal na Universidade, e máis tarde a Nova York, onde dirixín durante vinte anos a revista *Iberica*. Nesa cidade finei en 1987.

Chámome Aspasia e nacín no séc. V a.C na cidade grega de Mileto, que agora pertence a Turquía. Fun quizais a muller con más sona na Grecia clásica e unha experta na arte da comunicación e persuasión.

Recibín de cativa unha excelente educación, xa que na cidade-estado de Mileto as mulleres podíamos estudar. No ano 450 viaxei ata outra cidade-estado, Atenas, onde me fixen mestra de retórica. A miña casa converteuse nun centro intelectual e ata ela achegáronse os máis sobranceiros escritores e pensadores, coma por exemplo o filósofo Sócrates. Todos quedaban abraiados cando me escoitaban conversar e argumentar. Alí coñecí a Pericles, o político que gobernou Atenas na súa idade de ouro e o máximo defensor da democracia grega. Lembrade que a maioría das estruturas arquitectónicas que sobreviven da Acrópole de Atenas, incluído o Partenón, comezaron a cons- *Aspasia de Mileto* (Karina da Silva) truirse na época deste gobernante. Pericles e mais eu casamos e eu convertimme nunha das persoas con máis influencia na vida social de Atenas, e tamén nunha asesora política do meu marido, a quen lle cheguei a escribir moitos dos seus discursos. Moitas grazas pola vosa escoita.



Victoria Kent (Raja Rizki)

Chámome Artemisia Gentileschi e fun unha extraordinaria pintora italiana de estilo barroco.

Nacín en Roma en 1593. Meu pai, que fora un dos grandes representantes da escola romana de Caravaggio, ensinou-me a pintar. No seu obradoiro aprendín a técnica do debuxo, a empastar as cores e a dáralles brillantez ós cadros.

Por ser muller non puiden entrar na Academia Profesional de Belas Artes, razón pola que meu pai, cando eu tiña 19 anos, contratou para mim un professor privado. Este chamábase Agostino Tassi e, aínda que pintaba ben, resultou ser un delincuente que case me arruina a vida. Violoume e cando a miña familia o denunciou diante do tribunal papal, os setes meses que durou a instrución do proceso foron tamén para mim un pesadelo polos métodos inquisitoriais deste tribunal. Fun sometida a un aldraxante exame xinecolóxico e torturada usando un instrumento que apertaba progresivamente cordas arredor dos dedos (unha tortura particularmente cruel para un pintor); estes eran os lamentables métodos que tiñan no meu tempo para verificar a veracidade dunha acusación. Ó final creronme a mim e Tassi foi condenado a prisión. Pouco tempo despois pintei unha das miñas obras más valoradas, *Judith degolando a Holofernes*, que algúns críticos interpretan en clave psicanalítica como un desexo de vinganza respecto á violencia que eu sufrira.

Despois vivín e traballei noutras cidades, coma Florencia, Venecia ou Londres, e consegúin crear excelentes cadros cheos de realismo, no que salientan o rigor no debuxo, a acentuación dramática cargada de efectos teatrais e unha aplicación da técnica do claroscuro que lembran a outro gran pintor, Caravaggio. Finei en Nápoles en 1654.



Artemisia Gentileschi (Paula Rey)



Aspasia de Mileto (Karina da Silva)

Chámome Juana Inés de la Cruz. Nacín en México en 1648 e son unha das máximas figuras da literatura do meu país.

De pequena, falando cos veciños, aprendín náhuatl, a lingua orixinaria de México que aínda falan hoxe uns dous millóns de persoas. Con tres anos miña irmá maior ensinoume a ler e a escribir, e en canto descubríñ a biblioteca de meu avó, afeccioneime ós libros. Fun unha auténtica nena prodixio e con trece anos nomeáronme dama de honra no pazo dos virreis de México, onde todos se sentían marabillados pola miña intelixencia e coñecementos.

Malia todo, como eu era muller, non puiden acceder á universidade. Deste xeito, a única maneira que tiven de facer o que quería, que era seguir estudiando e escribindo, e non ter que casar para ser unha escrava do matrimonio, foi ingresar nun convento. A miña cela converteuse en punto de xuntanza de poetas e intelectuais, e cheguei a ter unha biblioteca de 4000 volumes e unha importante colección de instrumentos musicais. En 1790, logo publicar unha carta na que criticaba un sermon de Antonio Vieira (un prestixioso xesuita portugués), un bispo mexicano chegou a escribir sobre mim: "Ánida reconécedo o talento da autora, recoméndolle que se adique á vida monástica, máis acorde coa condición de monxa e muller, ca á reflexión teolóxica, exercicio reservado ós homes". Isto provocou a miña indignación e reacción, e publiquei un texto no que fixen unha acesa defensa do meu labor intelectual e no que reclamei o dereito da muller á educación.

Finei en 1695 pero varios séculos despois da súa creación, as miñas poesías seguen a ser recitadas; as miñas obras teatrais, representadas; e os meus ensaios e cartas, lidos e estudiados.



Juana Inés de la Cruz (Aroa Torres)

Aquí estamoa outras seis mulleres que destacamos en diversas disciplinas do saber. Se queres coñecer algo máis sobre nós, consulta os números anteriores da revista *Órbita* (pódélos descargar da web do instituto).



**Agnodice:** xinecóloga (María González)



**Rigoberta Menchú:** activista indíxena  
(Vanessa Otero)



**Ada Byron:** programadora informática  
(Jennifer Teixeira)



**Safo:** poetisa  
(Leidy Jhoana Quiñones)



**Rosalía de Castro:** escritora  
(Tamara Iglesias)



**María, a Profetisa:** alquimista  
(Raquel Fernández)

# Achégate á Escola Municipal de Teatro do Porriño

O centro cumpre tres anos cheos dunha excelente e frenética actividade teatral, e afortunadamente, unha vez desmentidos parece que de xeito definitivo os rumores sobre o seu posible peche, continuará formando artisticamente a rapaces e rapazas, ofrecéndolle unha alternativa saudable á

NEREA  
FERNÁNDEZ /

A Escola Municipal de Teatro do Porriño abriu as súas portas hai tres anos, no 2007. Daquela era una escola máis cativa pero xa contaba con cinco disciplinas: interpretación, caracterización, historia do teatro, dramaturxia e artes circenses, e as súas clases impártanse no salón de actos do Círculo Recreativo Cultural da cidade. Como só existía unha materia de interpretación, únicamente aqueles maiores de dezaseis anos podían formarse na escola.

A lo largo dese primeiro ano, a escola realizou quince bolos da obra *Tambores na noite*, do dramaturgo alemán Bertolt Brecht. A devandita obra chegou mesmo a participar nun certame de teatro no Grove, no nadal de 2008; porén, dito certame acabou sendo anulado, malia que a obra si fora representada.

Ao ano seguinte da apertura da escola, esta asentouse nun local propio, á beira da Escola Municipal de Música. Así mesmo, introduciu novas disciplinas, entre as que salientan dous cursos de interpretación (maiores de 18 anos), teatro para nenos/as e teatro para adolescentes (de 14 a 18 años). Mativéreronse as anteriores materias e aumentouse o profesorado, repartíndose o traballo nun horario más completo.

Ese mesmo ano, a E.M.T. comezou coas actividades para a celebración do Día Mundial do Teatro, o 27 de marzo. Para este primeiro acto, organizáronse actividades e espectáculos nas rúas do Porriño, realizadas polos alumnos dos cursos superiores da escola e tivo lugar a representación de pequenos retrincos de todas as obras que a escola estaba a preparar ese ano, nun acto celebrado no Centro Cultural. As devandas pezas foron posteri-



Imaxes correspondentes a ensaios e diversos exercicios na Escola Municipal de Teatro

ormente representadas ao completo entre os días 19 e 20 de xuño do pasado ano.

Os más pequenos levaron á escena o texto *O gran teatro*; o grupo dos adolescentes, integrado só por mulleres, representaron a obra *Arte*, de Yasmina Reza, e os de primeiro e segundo de interpretación subiron ao escenario defendendo as pezas *A excepción e a regra*, de Bertolt Brecht, e *Fando e Lis*, de Fernando Arrabal, respectivamente.

Xa no presente ano a escola comezou coa introducción dun terceiro curso de interpretación e unha disciplina máis: teatro para mozos/as (de 10 a 14 anos). O alumnado da escola é bastante numeroso este ano, sobre todo nas materias de primeiro de interpretación e teatro para nenos/as.

O pasado 27 de Marzo volveuse celebrar o Día Mundial do Teatro co mesmo acto no Centro Cultural, onde todos os cursos da escola, amosaron uns anaquiños do seu traballo, que se poderán ver ao completo os próximos 11, 12 e 13 de xuño.

Non ten volta que a creación da escola de teatro supuxo unha enorme fonte cultural para O Porriño, cun milleiro de actividades e proxectos para todo o mundo e para todas as idades, ao mesmo tempo que serve para perder todos esos medos que os más novos senten ao actuar perante un público.

Todo este proxecto levouse a cabo grazas á organización Xerpo Cultural, que ademais da escola do Porriño, conta con outras dúas, na Guarda e en Tui.

hora de gozar do seu tempo de lecer e espallando o teatro por toda a vila e os seus arredores. A alumna de 2º BACH. Nerea Fernández ofrécenos un percorrido pola historia e características da escola, e cóntanos en primeira persoa a súa experiencia como actriz.

Logo dun tempo de dúbidas e incertezas, algúns dos alumnos e pais dos mesmos atrevéronse a falar sobre o tema cos mestres, que por sorte, negaron toda posibilidade de peche.

Así, recuperouse a normalidade nas actividades de rúa, que

se retomaron na Semana das Letras Galegas, coa creación da Biblorrúa, un pequeño espazo situado na praza do concello, onde a coñecida *Lúa con luvas* (Keka Losada) contaba os seus contos na rúa para os más pequenos e tamén para os más maiores.

## A miña experiencia na escola de teatro

Dende moi nova, sempre quixen estudar teatro. A miña vocación artística leva presente en mim desde a primeira vez que no colelio me permitiron subirme a un escenario. Por esta razón, insistín na casa para que meus pais me encontraran algúna escola de teatro preto da casa, algo bastante complicado, xa que o más preto posible era Vigo, pero alí a maioría das escolas son privadas ou non dirixidas a nenos.

Así que pensei en abandonar o meu soño e dirixir os meus esforzos en atopar algunha cousa que me interesara por igual. Porén, cando xa o daba por perdido, meu pai trouxo novas do concello e informoume sobre a creación dunha escola de teatro dirixida a todas aquelas persoas maiores de 15-16 anos. Non o pensei díás veces: matriculeime e no mesmo día, comecei as clases.

Teño que recoñecer, agora que xa pasou tanto tempo, que ao comezo sentíme estraña, posto que as clases eran impartidas dun xeito senlleiro, ademais de que moitos dos que começaron o primeiro día, non permaneceron ata o último.

A creación da Escola Municipal de Teatro supuxo un piar moi importante na miña vida artística. Foi grazas á escola que tiven acceso á información sobre a Escola Superior de Arte Dramática de Vigo, por aquel entón afnada de recente creación, o que supuxo que terminara por definir o meu futuro.

Pero a escola é algo más ca un centro de formación artística, é un lugar de reunión onde coñecer xente que comparte os teus mesmos gustos. Achega un milleiro de experiencias que recomendo a calquera, xa teña 17 ou 40 anos. Non é só subir a un escenario e actuar -porque si, iso determiníase polo talento, non polo aprendido-, senón que a escola é o día a día, clase por clase, os ensaios e as actividades que se organizan. Pode dar medo nun principio, porque o escenario sempre impón o seu respecto, pero non hai nada como o que existe trala escena: as risas, os erros, os nervios, as conversas...

Cantas veces pensamos os alumnos en filmar cunha cámara todos esos intres que tantas boas sensacións nos achegan! E despois de todo un curso traballando nunha obra, moldeánda, facéndoa nosa, non creo que se poida ter unha mellor satisfacción na vida que cando, por fin, mostramos ese traballo ao público, tanto aos nosos amigos e familiares, que comparten indirectamente ese día a día, ese esforzo, con nós, como cos veciños e veciñas da cidade, aos que sempre se lles agradece o seu interese polas actividades culturais que tanto traballo nos levan.

E asegúrovos que non existe maior premio que escutar os aplausos, os asubfos dun público que goza co teu traballo; é tan emocionante que aínda agora sinto ganas de chorar. E ben, non falemos xa das gabanzas, porque nin que decir ten que a todo o mundo lle sentan ben.

A escola non só é algo increíble para min, senón que os alumnos todos que están ou estiveron comparten comigo esta opinión. Todos eles gozan compartindo os seus días e divertíndose nas clases, incluso disfrutan dos nervios e malestares da pre-actuación.

"Non podo asistir ás clases de teatro por culpa das clases particulares, pero o certo é que

se vos bota de menos a todos. Agardo poder volver para o ano, ainda que o miro difícil" di unha ex compañeira do grupo de teatro de adolescentes, mentres que outra, do mesmo grupo, dinos sempre: "O ano que vén volverei con vós. Non sabedes cómo o estrano."

Tras todos os cambios que se sucederon na organización da escola, vinme obligada a abandonar o grupo de teatro do meu primeiro ano, que se correspondería agora con primeiro de interpretación, e por esta razón tiven que comezar de cero nun novo grupo, o de adolescentes. Apesares de que nun comezo só éramos tres, o grupo agrandouse e chegamos a ser seis mozas, sendo bastante coñecidas na escola pola nosa actuación do día 27 de marzo, no que saímos bailando unha canción de Martín, de onde nos quedou o apodo de "Mozas Martini". Así, o cambio tornou de malo a fantástico, e este ano aínda que algunas compañeiras nos abandonaron, entrei xa máis confiada e con ganas de volver velas.

O que non sabiamos ao comezo era que este ano traerían como novidade a incorporación de dous rapaces, o que rompía a dinámica do curso pasado, no que só éramos mulleres. A presenza masculina no curso non tardou en notarse, tanto nas clases, como na obra.

Gustaríame mencionar aos



Na Escola creouse un grupo con mozos e mozas con discapacidade de ACEESCA, ao que os profesores lle teñen especial cariño

meus compañeros/as do grupo dos adolescentes e á nosa profesora, Keka Losada, cos cales gardo unha boa relación, e os que me axudaron a tomar as fotografías para este artigo. Os componentes do grupo son Sara, Celia, Sarai, Javier, Eva e



A Escola Municipal de Teatro do Porriño ofrece a nenos e adultos unha alternativa saudable á hora de gozar do seu tempo de lecer e espalla esta arte escénica por toda a vila e os seus arredores

Airton, todos eles uns grandes actores cos que paso uns grandes momentos e que me achegan tantas cousas.

Sen dúbida ningunha, a escola supuxo todo para mim. O esforzo e preocupación das profesoras Irene Moreira e

**"Asegúrovos que non existe maior satisfacción que escutar os aplausos dun público que goza co teu trabajo. É tan emocionante que aínda agora sinto ganas de chorar"**

Keka Losada sobre o meu futuro no teatro foron moi importantes á hora de tomar a miña decisión. Agora haberá que esperar ás probas de acceso á escola de Vigo (ESAD) e ver se finalmente consigo formar parte dela.

#### Próximos eventos

Entre os días 11 e 13 de xuño do presente ano, terá lugar a representación das obras tetrais preparadas este ano polos cursos da escola, na que ademais dos actores, tamén participan os alumnos de caracterización e dramaturxia, quen se encargan da maquillaxe e posta en escena, respectivamente.

O venres 11 de xuño, os alumnos de teatro de ACEESCA compartirán cartel cos alumnos do grupo dos adolescentes, que presentarán a obra *O home espido e a muller do frac*, unha versión da peza de Darío Fo feita pola escola, na que, a excepción do personaxe do home espido, todos os outros

personaxes foron modificados, sendo transformados en mulleres, a falta de mozos no grupo. O acto iniciárase ás 20:00 da tarde e terá lugar no Centro Cultural do Porriño.

O sábado 12 farán a súa representación os alumnos de segundo e terceiro de interpretación, pondo en escena estes últimos *La Celestina*, de Fernando de Rojas, coa peculiaridade de que non farán unha representación fiel ao texto orixinal, senón que o seu traballo estará baseado na improvisación en escena.

Por último, o domingo 13 de xuño, actuarán os alumnos de primeiro de interpretación, compartindo cartel cos más pequenos da escola, os alumnos/as de teatro para nenos, e as alumnas de teatro para mozos/as.

As portas estarán abertas a toda persoa con interese cultural polo teatro, sendo a entrada de balde, e esperándose que a sala acabe estando chea. No espectáculo todos os alumnos da escola darán o mellor de si mesmos para ofrecervos unha boa actuación e facer que pasedes un bo momento.

#### Matrículas e inscripciones

O prazo da pre-inscrición abrirase en xullo. Como todos os anos, os interesados deberán acudir ao Centro Cultural do Porriño para pedir o formulario. En setembro abrirase o prazo da matrícula oficial, que tamén se deberá pedir no Centro Cultural, e para o que se necesitan fotocopia do DNI e dúas fotos tamaño carné. Para acudir ás clases deberase pagar unha cota mensual de 15€, podéndose pagar por prazos ou convuntamente.



# Como educar un adolescente?

## Unha guía para pais, nais ou titores

Velaquí unha síntese dalgúns dos aspectos máis importantes que se poderían tratar nunha Escola de pais, preparada polas profesoras do noso Departamento de Orientación, Asunción Teixeira e Ana Perdiguer.

A adolescencia é un período difícil da vida na que os pais observan cambios importantes na relación cos seus fillos. Educar é, sen dúbida, unha tarefa complexa que requiere coñecemento, respeito e exemplo cara a eles. Ser pais leva un proceso de instrución que supón reflexión, adquisición de coñecementos teóricos e posta en práctica dos mesmos.

Aquí ofrecemos algunas respuestas a cuestións clave na educación dos fillos adolescentes.

### Sobre disciplina e normas

#### 1. Hai que educar con autoridade?

Actualmente escóitase acotío falar da "desobediencia dos fillos", pero é importante considerar que sería máis axitado falar da "falta de autoridade dos pais". Moitos pais, por propia comodidade ou por temor a ser impopulares perante os ollos dos fillos, manteñen actitudes de concesión constante e ceden diante de calquera petición dos mesmos. Isto é moi prexudicial para eles porque crecerán sen patróns acaídos de conducta e só guiados polo seu libre albedrio.

As normas son necesarias, ánda que sempre dependerá da gravidade do caso, xa que en situacións de posible perigo para o fillo hai que ser firmes (por ex., cando se trata de permitir que viaxe nun coche cun condutor que poida consumir alcohol). Noutros casos (compartir as tarefas cotiás, cuarto ben ordenado, uso do teléfono...) a autoridade debe exercerse no marco do diálogo.

#### 2-Como reaccionar cando o noso fillo non respecta as regras?

Antes de pensar no castigo inmediato, ou de ser demasiado permisivos, hai que escutar o adolescente e permitírille que expoña os motivos do seu comportamento. Cuestionar sempre o que pensa dos seus actos axudaralle non só a comprender por que non estamos de acordo con tales comportamentos

senón tamén a chegar por si mesmo a preguntarse os porqués, a matinar sobre eles e pouco a pouco a responsabilizarse. Podemos dicirlle, por exemplo:

"Faite de conta que ti es o teu pai..., como reaccionarías neste caso?"

Se a pesares disto non entra en razón, debe saber que deberá asumir as consecuencias dos seus actos.

#### 3. Como facer para que cambie un comportamento equivocado?

Podemos facelo mediante a modificación das consecuencias da súa conducta. Por exemplo, por moito que pidamos aos nosos fillos que arranxen a súa habitación, será menos eficaz que se os gabamos cando a arranxen sen pedirlo explicitamente. É dicir, que despois de sorprender ao noso fillo facendo algo de forma positiva, producimos un cambio nas consecuencias consistente en eloxiar a súa conducta, o cal incrementará a probabilidade no futuro dessa resposta axitada.

### Sobre comunicación pais-fillos

#### 4. Cómo podo mellorar a relación, en xeral, co meu fillo?

Algunhas cousas concretas que poden axudar a favorecer a relación son:

- Falar no canto de berrar ou de criticalo.
- Gabalo cando faga algo ben.
- Abrazalo de xeito espontáneo a miúdo.
- Interesarce polas súas cousas en xeral, non só polos seus estudos.
- Compartir ambos os dous pais as tarefas disciplinarias.

#### 5- Sempre estou discutindo co meu fillo por parvadas. Que puedo facer?

Deberíamos ser máis tolerantes nas pequenas cousas para poder esixir nas fundamentais. Pola contra, podemos caer no erro de estar sempre facendo reproches aos nosos fillos, o que pode facer que per-



damos a súa confianza, ao converter a nosa relación con eles en algo desagradable e que, polo tanto, ténese a evitar, perdendo capacidade de influir no verdadeiramente importante.

#### 6. Como abordar cun adolescente certos temas (problemas familiares, cuestións políticas ou socias, amor e sexualidade...)?

O adolescente pode expor preguntas que lle interesan sobre temas "delicados". Debemos ser receptivos perante estas cuestións para lles dar a oportunidade de falar daquilo que lle preocupa, áinda que o tema nos pareza insignificante ou incómodo.

Diane do seu desejo de saber, é inútil, por exemplo, ocultar segredos de familia que acabará descubrindo. Contarollo equivale a demostrarlle que ocupa un sitio na familia e que confiamos nel.

Se o que deseja saber son as nosas ideas políticas, ou a nosa opinión sobre calquera tema importante da actualidade, deberíamos darlle esa información e favorecer o diálogo, permitíndolle ter a oportunidade de que se exprese. Todo isto aumentará o seu sentido da responsabilidade e desenvolverá a súa capacidade crítica perante este tipo de cuestións.

Nunca se debería decir a un adolescente que as cousas que lle preocupan son "de maiores" nin deixar de responder ás súas preguntas.

### Sobre como favorecer a súa independencia

#### 7. Como conseguir que sexan independentes e teñan confianza en si mesmos?

Sobre isto, hai que dicir que tan negativa é a excesiva permisividade como o sobreprotecciónismo.

Na permisividade educativa (educar sen esixencias), non existen normas de conducta nin horarios, non hai corrección nin castigo. Inicialmente, o adolescente presume de ter uns pais liberais, más adiante irá descubrindo que en realidade o que fan é desentenderse del e ser ineficaces no desempeño do seu papel.

Así mesmo, para favorecer a madureza do fillo, os pais deberían desfacerse de xeito gradual dalgúns hábitos de control sobre el que xa non son acaídos nestas idades. Os pais sobreprotectores proporcionan axudas innecesarias aos seus fillos, intentan resolver todos os seus problemas, substitúenlos na toma de decisións, suprimen os atrancos que atopan no seu camiño, satisfán o seus deseños sen lles pedir ningún tipo de esforzo a cambio. Algunxs pais non queren que os seus fillos sufran o que eles sufrieron; outros resistense a que o seu fillo medre, pretenden seguir sendo imprescindibles na súa vida. Estas actitudes propias do amor posesivo son, de feito, unha forma de dominio sobre o fillo.

**8. Como intervir nos seus gustos...?**

Debemos deixar aos nosos fillos que escollan a súa apariencia, pero iso non significa non intervir en absoluto. Non hai que impor ao adolescente os gustos dos pais verbo da roupa, é máis recomendable facer-lles suxestións. En casos concretos, por exemplo, roupa demasiado provocativa ou inaxeitada para ir ao instituto, hai que ser firmes e non consentilo.

Perante as actuais tendencias, como o *piercing* hai que ter en conta a súa idade e sempre deberíamos dar o noso punto de vista (no canto de prohibirlle, por exemplo, que se perfore o embigo sería mellor que



lle fixeramos tomar conciencia do compoñente de imitación que está manifestando). Se finalmente llo permitimos, axudémoslle a elixir un sitio onde se practique en boas condicións.

O adolescente debe ser libre de arranxar e decorar o seu cuarto como el queira, áinda que se debería intervir cando as condicións hixiénicas non sexan as axeitadas. É importante que sinta a necesidade de arrombar a súa habitación para si mesmo, sen que haxa sempre alguén que o faga por el.

#### Sobre lecer e amigos

#### **9. Deben influir os pais na elección dos amigos?**

En primeiro lugar, hai que ter en conta que ainda que o noso fillo cuestione constantemente a nosa opinión, non deixamos por iso de exercer unha influencia sobre el.

Os pais poden transmitir o seu saber e as súas experiencias tocante á amizade. Debemos animalos, por exemplo, a dar importancia nun amigo ás cualidades humanas (xenerosidade, capacidade para abrirse cara aos demais, a modestia...), en lugar de darlla á súa forma de vestir ou o seu éxito ante aos demais.

Cando un adolescente presenta os seus amigos aos seus pais, é un signo de confianza cara a eles. Polo tanto, deberíamos afoutalo a que o faga. Cando os pais respectan a elección do seu fillo, este terá a impresión de que é totalmente capaz de elixir por si mesmo. Necesita sabelo para crecer.

Pola contra, se algúns dos seus amigos nos desgustan non dubidemos en manifestarles os nosos sentimientos. Prohibirlle frecuentar malas amizades xeralmente non fai máis que agravar as cousas. Así e todo, amosar firme e claramente a nosa preocupación si que é útil. Por iso, debemos ser flexibles e tomarnos tempo para explicarle as razóns da nosa desaprobación. Se estas razóns teñen boa base, o adolescente tomará conciencia dos riscos que para el representan tales amizades e poderá renunciar a elas.

#### **10. Como favorecer o uso axeitado do tempo de lecer?**

Para que as posibilidades do tempo de lecer se fagan realidade, os pais deben fomentar bos hábitos nos seus fillos dende as primeiras idades.

O tempo de lecer é visto polo adolescente como unha oportunidade imprescindible para actuar máis libremente, para estrear a liberdade que acaba de descubrir.

É importante transmitirles que o lecer non é ociosidade senón cambio de actividade. O lecer é descanso activo, tempo ocupado con actividades creadoras. Por iso, hai que procurar que non se abandonen, que se levanten e deiten a horas razonables, que aprendan a divertirse sen gastar moito diñeiro.

A familia pode ser un bo lugar onde coñecer e compartir ocios diversos. Os fillos poden ver que os seus pais teñen hábitos interesantes como a lectura, o deporte, o cinema, participar en labores dalgunha ONG...

#### **11. Debemos estar informados de cómo empregan os nosos fillos o tempo de lecer?**

Os pais deben estar atentos aos cambios na vida social do adolescente: saídas ás discotecas, concertos..., pero esta atención non debe supoñer un atranco. O más importante é que aprendamos a confiar no noso fillo. Para conseguilo debemos imponer regras e facer que as respecten. Estas deben ser rigorosas pero ao mesmo tempo abertas á negociación segundo as circunstancias. Por exemplo, antes de dar permiso para as saídas nocturnas, sería necesario aclarar onde vai ir, canto vai durar a actividad, onde e con quen vai pasar a noite, se haberá adultos presentes ou cómo regresará a casa.

É importante que lle expliquemos os motivos que nos levan a actuar dese xeito e que os xustifiquemos. Dicirlle, por exemplo, que as regras son para protexelo, non para castigalo.

Tamén é importante demostrar certo interese polas saídas, por ex., preguntarlle se lle gustou o concerto, se o pasou ben cos amigos, etc... Iso daralle a impresión de que valorámos a súa opinión e abrirá nel unha posibilidade de diálogo.

#### Sobre a colaboración con outros profesionais

#### **12. Como podemos os pais axudarlos a decidir o seu futuro?**

Na adolescencia xa non somos indispensables para os nosos fillos, áinda que sigamos sendo responsables deles.

Ser pais tamén significa aceptar que os filllos medran para seguir o seu propio camiño, quizais diferente ao que imaxinámos para

eles. Agora son eles quen deben atopar o seu camiño.

Saber onde van é, sen dúbida, tan importante como saber "como" e "por onde". O labor dos pais debería ser acompañar ao seu fillo adolescente nunha reflexión sobre estes aspectos. Non hai que deixar que o noso fillo decida só, áinda que reivindique o seu dereito a facelo. Tampouco que crea que non poderá facelo por si mesmo, porque esa sería a mellor maneira de que abandona ese traballo de reflexión.

As decisións de futuro implican a superación de conflitos e prexuízos e iso require un tempo. Polo tanto, é importante falar con calma e axudarlle a ver as cousas más claras, así como a nosa colaboración cos profesionais que poden achegar algúna axuda neste tema: profesores, titores, orientador...

#### **13. Que facer se o noso fillo ten un problema "de carácter": adolescentes intransixentes, en constante oposición, tímidos...**

Cando estes problemas de carácter están localizados en particular na vida familiar e non entorpecen o resto da vida social, afectiva e escolar do adolescente, podemos pensar que forman parte do seu desenvolvemento evolutivo e non entran dentro de ningunha patoloxía. Na maioría dos casos, este carácter maniféstase xa durante a infancia, polo tanto hai que axudar o antes posible aos nenos a que, por exemplo, canalicen a súa impulsividade cara ás actividades físicas ou ensinarles a controlarse a si mesmos.

Con todo, un adolescente que sistematicamente se opón a todo, tanto a seus pais e profesores como a todos os que o rodean, un adolescente impulsivo na casa, no colexio, co adestrador deportivo, un adolescente que se pecha nunha construcción ideal da que non quiere saír e que entorpece a súa vida en xeral..., todo iso debe incitar aos pais a non deixar que eses trazos de carácter esmaguen o conxunto da personalidade do seu fillo e a consultar a un especialista.

#### **14. Cando debemos pedir axuda a un profesional?**

Ás veces, non é doado saber que aspectos do comportamento do adolescente son realmente preocupantes. Con todo, ante a presenza de certos indicios deberíamos consultar sempre cun profesional (psicólogo, psiquiatra):



-Un cambio brusco de comportamento: agresividade, mutismo, fatiga constante, pranto cotián, ansiedade incontrolada...

-Trastornos alimentarios instalados: bulimia real (distinguila do picoteo), anorexia ...

-Manifestacións psicosomáticas repetidas: dores de cabeza, dores abdominais, dores lumbares...

-Unha baixa inexplicable e repentina dos resultados escolares.

-Dificultades para relacionarse cos demás, sentirse só, illado, subestimarse...

#### **15. Como levar a un adolescente a un psicólogo ou psiquiatra?**

Malia desdramatización que se fai hoxe en día das consultas psicolóxicas ou psiquiátricas, decidir levar a un fillo a unha destas consultas dista moito de ser áinda algo natural. En primeiro lugar, hai que aceptar que o fillo ten problemas e que se precisa a axuda dunha terceira persoa. Non sempre resulta doado para os pais, xa que algúns poden sentirse culpables ou non aceptan ben a figura destes profesionais.

Hai que estar dispostos a contarle a un "observador" a historia familiar, con todo o que iso implica. Canto antes se aborde o problema, máis posibilidades existen de que este se poída arranxar doadamente.

A todo o anterior, engádese ás veces, o rexeitamento do adolescente. No caso de que temamos un verdadeiro problema, haberá que obrigalo a ir pero deixando claro que se trata de ter outra opinión, e que iso non suporá por forza ter que volver á consulta ou iniciar unha psicoterapia.

Os sentimentos do adolescente sempre deben ser tidos en conta e este debe ter confianza na persoa coa que se vai reunir. De non ser así, podemos preguntarlle se deseja cambiar e ir a consultar con outro. Deste xeito, daremos ao noso fillo a posibilidade de pasar de ser espectador ou oponente a actor da atención e dos coidados que poída recibir.

#### **Para saber máis**

- Un adolescente en mi vida*, de Diego Maciá. Editorial Pirámide
- Claves para entender a mi hijo adolescente*, de Gerardo Castillo. Editorial Pirámide
- Guía del adolescente*, de Alain Bracconier. Editorial Síntesis



## Crónica dun accidente que non chegou a ocorrer

O Instituto organiza un simulacro de incendio para perfeccionar o Plan de evacuación

O pasado martes, 25 de maio, 18 alumnos e alumnas e un profesor do IES Ribeira do Louro do Porriño non tiveron que ser atendidos de urxencia no hospital do Meixoeiro de Vigo con síntomas de asfixia. Ningún está ingresado e as súas vidas seguen a salvo. Os alumnos e mais o seu profesor atopábanse na aula de música do centro, cando non se produciu un incendio na sala de caldeiras da calefacción, próxima á aula onde se atopaban. Non fixo falta analizar indicios que puidesen apuntar a un escape incontrolado por un defecto no mantemento do sistema ou a un cortocircuito provocado por parte da instalación eléctrica en mal estado. O plan de emergencia do centro funcionou correctamente e a evacuación foi completa e rápida, pero houbo unha excepción: os ocupantes da devandita aula non oyeron o sinal de alarma e o equipo de emergencia decatouse de que faltaba ese grupo.

“O profesor estábanos falando da *heavenly music* (é que temos música bilingüe) cando empezamos a notar que nos custaba respirar. Non se vía fume e ao primeiro non sospeitamos nada. Cando quixemos saír, a porta estaba atrancada e tivemos que pedir axuda berrando polas ventás. Logo oímos o sinal de emergencia e alguén do equipo de emergencia abriunos a porta”; este é o testemuño que non nos tivo que dar Alicia Chaves, alumna do centro, que se atopaba na aula naquela hora.

Segundo o director do centro: “Teremos que perfeccionar todos os sistemas de alarma e o plan de evacuación para evitar sinistros non ocorridos coma o do pasado martes. Está claro que o plan de autoprotección do centro necesita unha revisión a fondo e o persoal do centro precisa recibir a formación axeitada.”

## Profesorado do IES Ribeira do Louro participa nun curso anti-incendios e de primeiros auxilios

Un grupo de trece profesores e profesoras do IES Ribeira do Louro participou durante este ano nun curso de formación destinado a mellorar a seguridade no centro. Tratábase dun curso de



autoprotección. A autoprotección engloba a prevención de riscos, a loita contra as catástrofes e a atención ás vítimas. O profesorado participante recibiu formación sobre prevención de riscos, especialmente o de incendio. Como no caso do noso centro a catástrofe máis probable sería un incendio, o curso centrouse na loita anti-incendios (manexo de medios, forma de actuación, evacuación, etc.). Finalmente, os participantes recibiron formación básica de primeiros auxilios, para os casos de incendio pero tamén para outros

casos (parada cardiorrespiratoria, traumatismos, etc.)

O grao de satisfacción foi moi elevado, destacando a opinión xeral do profesorado de que o asunto da preventión de riscos e da actuación diante de casos de emergencia necesitan máis atención e mellor formación da que ata o de agora existía. Velaquí os testemuños dalgúns dos participantes:

“Impresionoume colgar unha mangueira de bombeiro de verdade; a presión da auga era terrible”, dixo Bibiana Ponte. “Era a ilusión da

miña vida, e agora sei que chegado o caso poderei usala correctamente.

“Gustoome moito a parte práctica, sobre todo a respiración boca a boca”, declara Tomé Cruceiro. “O boneco impresionaba porque lle faltaba medio corpo, pero daba moita sensación de realismo”

En opinión de Miguel Campovello, “o que máis me gustou foron os profes, o Sr. Barbosa e o seu axudante: fixérionos vivir a súa paixón polo que nos transmitían e ensináronnos moitas cousas interesantes”.



Imaxes que reflictan distintos intres do curso anti-incendios celebrado no IES Ribeira do Louro, con clases nomeadamente prácticas

# O privilexio de visitar Roma

TANIA NOVO /

A nosa agradable odisea comezou o 2 de marzo, cando alumnos de 1º e 2º de bacharelato partimos cara ao aeroporto para coller ese avión que nos levaría ao noso destino. Ese intre que tantos meses levabamos agardando estaba a punto de facerse realidad.

A nosa estadía en Roma trouxo consigo o coñecemento da cultura italiana, a súa gastronomía e sobre todo ofrecenos a posibilidade de poder ver de preto esas grandes belezas arquitectónicas que moitas veces vemos por internet, por revistas... pero que non se comparan co inmenso pracer de telas ao carón e sentir que si son unha realidade e que nós eramos uns verdadeiros privilexiados.

Particularmente o que máis me impresionou, quizais pola súa fermosura ou sinxelamente por ser o que moitas veces desexaba coñecer, foron a

fontana de Trevi, o Coliseo e mais o Panteón de Agripa.

## A Fontana de Trevi

A figura central da fonte, fronte un gran nicho, é Neptuno, deus do mar. El vai nun carro con forma de cuncha, tirado por dous cabalos de mar. Cada cabalo de mar réxese por un Tritón. Un dos cabalos é tranquilo e obediente; o outro, inquieto. A auga na parte inferior da fonte representa o mar. A lenda di que voltará a Roma se se lanza unha moeda á auga (débese lanzar por enriba do ombreiro, de costas á fonte)

## Coliseo

Antigo anfiteatro de forma abovedada no que tiñan lugar loitas de gladiadores e espectáculos públicos; o seu aforo era duns 50000 espectadores. O Coliseo ten as dimensións aproximadas que hoxe en día correspondería ao campo de fútbol máis grande do mundo.

## Panteón de Agripa

Templo adicado a todos os



O noso grupo diante das termas de Caracalla, un amplo complexo de baños da Roma imperial, construídas no séc. III

deuses. O teito está descuberto por un pequeno círculo exposito a todo fenómeno atmosférico.

Roma foi verdadeiramente como un conto no que a nostra imaxinación era a protagonista: cada monumento, cada

obra de arte, cada recuncho... facíanos concibir na nosa mente a imaxe dunha cidade perdida, dos nosos devanceiros romanos e os seus costumes.



Mais fotos de estudantes e profesores



A Fontana de Trevi

Panteón de Agripa, templo circular adicado a todos os deuses

Imaxes do Coliseo de Roma, gran anfiteatro construído no século I.



Foro romano, é dicir, a zona central ao redor da cal se desenvolveu a antiga cidade e na que tiña lugar o comercio



Fotografías do Vaticano. É un dos microestados europeos. Ten unha extensión de 44 hectáreas e unha poboación de 900 persoas. Alberga a chamada Santa Sé, máxima institución do catolicismo

# Do Porriño a Atapuerca, diario de a bordo



Para coñecermos mellor os xacementos da Serra de Atapuerca e a historia da evolución humana, a nosa visita contou con algunas clases prácticas

IAGO PRADO /

Todo estaba listo. Ás 7:30 do 5 de novembro, un rebumbio de maletas e agarrimosas despedidas perturbaban, fronte o noso instituto, a tranquilidade da fría e chuviosa madrugada de inverno.

Arrincaba o autocar e o entusiasmo dos seus pasaxeiros traducíase nun murmurio constante, procedente das numerosas conversas que se formaban nas fileiras dos asentos. Pola miña parte só podía fitar na paisaxe, cambiante, dende os frondosos montes da nosa terra ata as infinitas e áridas chairas de Castela.

Despois dun longo traxecto chegamos á primeira parada da nosa viaxe: as Médulas. Unha breve explicación e unha ollada rápida polo pequeno museo serviu para comprender a tamaña importancia daquel lugar.

Formadas polos romanos cuns abraiantes e adiantados métodos mineiros para a época, co fin de obter ouro, erguense estes xigantes alaranxados que nos ofrecen unhas marabillosas vistas e unhas fantásticas rutas para pasear e gozar da beleza destes colosos.

Xantármos neste escenario de película é un recodo que de seguro non habemos esquecer endexamais.

Rematada a visita ás Médulas regresamos ao autobús e puxemos rumbo cara a León, o segundo punto marcado no noso mapa. Perdéndonos entre as súas rúas cheas de encanto, disfrutamos da magnífica arquitectura da cidade, da

cal me gustaría destacar a súa catedral, de estilo góticu, que me gustou en particular.

Facíase tarde así que despedímonos de León e encamiñámonos cara a Burgos, onde habíamnos de pasar a noite. Chegados alí gozamos dunha cea rápida pero encantadora, xa que as luces da cidade cubrían dun luminoso manto as fachadas dos edificios na escura noite, facendo do lugar unha estampa perfectamente sacada dun conto de fantasía.

Unha vez rematamos de encher os estómagos fomos para o hotel a “descansar”.

Tras unha divertida noite de troula (da que omitirei os miudallos) e un leve tempo de repouso, preparámonos para a

nosa seguinte visita: Atapuerca, un dos maiores xacementos arqueolóxicos de Europa. Antes de ir ata a zona das escavacións, participamos nunhas actividades que nos axudaron a comprender como era a vida dos nosos devanceiros: como fabricaban os coitelos cunha pedra e un anaco de mineral chamado sflex, que instrumentos utilizaban para cazar e ata como consegúan prender lume. Con isto, sumado a unha explicación práctica de como diferenciar e clasificar aos nosos antecesores e recoñecer o estilo de vida que tiña cada un, xa estábamos preparados para visitar o xacemento. Alí ollamos o lugar onde se atoparon os restos dos homínidos e continuou a explicadeira cos métodos que se levan a cabo para desenterrrar os fósiles e a identificación destes.


Durante a visita a guía desenvolviu unha gran cantidade de ideas que se sacaron dos restos atopados alí en Atapuerca, como que probablemente os nosos devanceiros practicaran o canibalismo pero só cos homínidos, sobre todo nenos pertenecentes a outros grupos, ou que utilizaban os túneles que se formaban na terra para cazar, tapándoos con follas para que os animais pouco precavidos caeran nestes, morrendo ao instante. A apaixonante e interesantísima visita durou ata o mediodía,




Xacementos de ouro na actualidade





Zonas produtoras de ouro no mundo romano. Como vemos, as Médulas era un dos principais lugares de onde se extraía





Nás Médulas vimos como se erguían estes xigantes alaranxados, que nos ofrecían unhas marabillasas vistas e unhas fantásticas rutas para pasear e gozar da beleza destes colosos



Profesora e estudiantes no interior da Basílica de San Isidoro de León (sécs. XI e XII). No fondo podemos distinguir o Panteón dos Reis, onde se atopan as seis bóvedas que están totalmente decoradas de pinturas (V. número anterior de Órbita)

Catedral de León (sécs. XIII e XIV). Presenta un deseño do máis depurado estilo gótico clásico francés

Catedral de Burgos (séc. XIII), tamén de estilo gótico

Arco de Santa María, un dos monumentos máis emblemáticos de Burgos. Trátase dunha das antigas doce portas de acceso á cidade na Idade Media. Comunica a ponte de Santa María, sobre o río Arlanzón, coa praza de San Fernando, onde se ergue a catedral



Escavación arqueolóxica simulada



Interpretación dos ósos atopados, para comprobar se son de homínidos




Aproximación práctica para entender como vivían e cazaban os nosos devanceiros

momento no que nos diriximos a Burgos para xantar e, agora xa coa luz do día, contemplar a cidade.

Tanto o ambiente do lugar, coma a súa xente ou a súa fantástica arquitectura, na que cabe destacar a marabillosa catedral, conquistan a cada un dos seus visitante, e por suposto nós non fomos menos, xa que, atreveríame a dicir, todos nos sentimos abraiados pola súa fermosura. Pero afná que aquela cidade é estupenda, o autobús esperaba e a morriña pola terra xa comezaba a chegar, así que tras o reconfortante xantar e a visita puxemos rumbo de volta á nosa querida Galicia.

De novo cambiaba a paisaxe, pero desta volta deixabamos atrás as extensas e baleiras chairas de Castela para atoparnos de novo cos nosos montes pintados con ese alegre e fermoso verde co que tanto nos identificamos.



Os nosos estudantes nos xacementos da Serra de Atapuerca, actualmente un referente obrigatorio para calquera estudo da evolución humana



En Atapuerca atoparon indicios do uso do lume e prácticas de canibalismo

Despois do longo traxecto, amenizado con xogos, chegamos o punto e final da nosa travesía, onde os seres queridos esperaban desexosos de volver a vernos.

E así chegamos ao final da aventura, un pouco más sabios, un pouco más aventureiros, pero o que é máis importante: moito más felices e unidos.

# Visita á Central Térmica das Pontes e ao Parque Experimental de Sotavento

Dúas maneiras de entender a xeración de electricidade baixo puntos de vista antagónicos

Durante este ano decidimos que sería interesante que os alumnos coñecesen aspectos relacionados coa xeración de electricidade. Unha das maiores centrais de España está situada nas Pontes de García Rodríguez. Produce preto do 5% de enerxía consumida en todo o territorio.

A viaxe ademais permitía achegarnos ao parque experimental de Sotavento. Aínda que a distancia era importante, finalmente mereceu a pena a visita.

## Preparación previa da visita

Antes de iniciar a excusión á central térmica das Pontes e ao parque eólico de Sotavento preparamos algunas actividades onde os alumnos se achegaron ao mundo da enerxía eléctrica desde dous puntos de vista distintos: produción con impacto ambiental e produción eléctrica utilizando fontes de enerxía renovables.

Nas actividades entregóuselles aos alumnos un cuestionario para que pensasen sobre cuestións relacionadas coa xeración, transporte e consumo de enerxía eléctrica.

### A viaxe

Fai falta unha viaxe de case 3 horas para chegar á central térmica. Cando nos achegamos ao val das Pontes empézase a divisar unha estrutura que sobresae sobre todo o que se atopa ao seu arredor. A cheminea da central vese rodeada doutras edificacions igualmente rechamantes pola súa magnitud.

### Percorrido a central térmica

A carta de presentación desta espectacular instalación é a súa imensa torre de evacuación de fumes. Un total de 356 m que che obrigan a erguer a cabeza para albiscar o final da columna. Para nos facer unha idea do alta que é, podemos comparala cun dos edificios máis emblemáticos de Nova York, o Empire State Building, que mide 381 m ata o último piso. Aquí en Europa a torre Eiffel é máis baixa que esta cheminea.

A visita comeza cunha charla sobre a maqueta da central. Convidánnos a participar na exposición, facendo preguntas clave que poñen a proba os coñecementos dos nosos alumnos sobre os cuestionarios previos á visita. Infórmannos do inicio das obras, alá polo 1972. En tan só catro anos



constrúronse os catro grupos de xeración, que xuntos suman en total 1.400MW de potencia.

### Torre de refrixeración

A miúdo temos a idea de que é este edificio o que provoca a contaminación do medio, porque vemos elevarse grandes columnas brancas parecidas a nubes. A torre de refrixeración non implica unha contaminación ambiental por saída de fumes sulfurosos. Esta estrutura permite que a auga en forma de vapor do circuito primario se arrefrié para que se poída reutilizar na caldeira.

O impacto que ocasionan estas edificacions sobre o medio é o consumo de auga externa que provén do río Eume para conseguir o arrefriado do vapor de auga quente mediante un sistema de intercambio de calor. A auga que condensa nestas torres almacénase nunhas piscinas que se sitúan xusto debaixo.

### Parque de carbóns

A central térmica das Pontes é unha central que consome grandes cantidades de carbón. O carbón almacénase nun silo ao que chaman parque de carbóns. A superficie do silo é de 10Ha (o equivalente a 12 campos de fútbol). O reto deste silo é que a superficie cuberta non dispóna no seu interior de columnas de sustentación. Para conseguir isto utilizáñase arcos percorrendo a parte exterior da cuberta que permite aguantar todo o peso. Esta estrutura foi pioneira no seu día e deu lugar a naves de almacenamento como a de aeronaves existente en Barajas.

### A sala de control

Para chegar á sala de control pasamos pola sala de alternadores. Tivemos ocasión de observar a máquina responsable de converter a enerxía mecánica do vapor de auga en electricidade. O alternador atópase unido mediante un eixo á turbina de vapor. Esta divídese á súa vez en dúas partes: a turbina de alta e baixa presión.

Un dos puntos clave da visita foi coñecer as instalacións da sala de control. Con axuda de dous técnicos, os alumnos preguntaron todos aqueles aspectos dos que dubidaban sobre o funcionamento da instalación. Decatámonos de que a cen-



tral controla uns 70.000 sinais eléctricos.

A sala fora remodelada recentemente nas últimas obras de acondicionamento e todo os pupitres eléctricos substituíronse por sistemas SCADA (Sistemas de Control e Adquisición de Datos) aos cales accédese mediante computadores.

### A mina convertida en lago

Situar unha central eléctrica depende de varios factores. Os dous principais é que se atope cerca do material que se utilizará como combustible e o outro é que exista auga para o funcionamento de todos os sistemas da central. As Pontes ofrece as dúas cousas. Polo concello pasa o río Eume e ademais existe unha explotación de carbón na variedade de lignito.

Na actualidade a mina de lignito deixouse de explotar para reducir o máis posible as emisións de xofre á atmosfera. O proxecto de recuperación da contorna consiste en encher o espazo que ocupaba a mina con auga procedente do río Eume e varios afluentes que se desviaron cando se iniciaron as tarefas de explotación.

Espérase que a totalidade da superficie da mina quede asolagada no ano 2012. Como di o refrán "non hai mal que por ben non veña", e neste senso o desastre ecolóxico da explotación mineira pode reverter beneficios á poboación das Pontes. A Universidade da Coruña realizou un proxecto de aproveitamento xeotérmico baseado na diferenza de temperaturas entre o fondo e a superficie da auga.

Hai que saber que este lago terá un calado máximo de 210 metros. As dimensións do lago será de 5 quilómetros de longo por 2 quilómetros de ancho. Ocupará en superficie o equivalente á cidade herculina.

### A polémica da contaminación

Recentemente a mina sufriu unha reestruturación que busca minimizar o impacto ambiental da central térmica. Algunhas datos sobre a reforma da central fan que as xentes das Pontes volvan ver na central un novo pulo da economía local.

A transformación consiste en adaptar a instalación para un novo com-

bustible, hulla subluminosa importada, en lugar do que viña empregando desde mediados dos anos 90, unha mestura do citado carbón con lignito local. Este deixouse de extraer da mina das Pontes en decembro de 2007, polo esgotamento da mesma.

Desde o punto de vista ambiental, as vantaxes son notables. A central transformada reduce as súas emisións de dióxido de xofre nun 95.5%, as de óxido nitroso, nun 16.5%, e as de partículas, nun 54.5%. O dióxido de carbono baixa un 95% por mellora do rendemento dos grupos; as cinzas tamén diminúen moi notablemente, xa que a súa producción redúcese nun 92.8%.

A pesar de todo a central térmica seguirá contaminando, áinda que bastante menos que hai unha década, cando a central das Pontes e de Meirama supuña o 30% dos sulfuros emitidos á atmosfera en España.

### De camiño a Sotavento, sopran novos ventos ...

Coa mente chea de cousas novas e o estómago baleiro da viaxe e a visita á central térmica, subimose novamente ao autobús. Despedímonos de Mireia, a nosa guía, e puxemos rumbo a Sotavento para coñecer algo máis sobre a xeración eléctrica desde un punto de vista antagónico a como o fan na central das Pontes.

Antes de iniciar a visita ao parque démonos unha boa homenaxe a base de bocadillos e refrescos.

Logo de visitar As Pontes, en fase de recuperación pero tan degradado ecoloxicamente, cabe pensar como o ser humano non se dá conta do que ten ata que o perde. A recuperación, en parte, da contorna das Pontes permite observar como é posible volver reunirse coa Natureza. Sotavento ensíñanos ademais como algo que estivo presente sempre nas nosas vidas, o vento, serve para algo máis que para despeitarse.

### O parque

Sotavento é unha fundación de capital público e privado. Ten instalada unha potencia duns 65MW (produce 30 veces menos electricidade que a central térmica convencional das Pontes). En realidade non se construíu como parque eólico, senón como unha plataforma de investigación para as enerxías renovables. Sotavento é sobre todo un espazo divulgativo. Ofrécense charlas e espazos de traballo, onde se espera que os visitantes poidan desenvolver experiencias con temas relacionados coas enerxías renovables.



Alumnos e profesores que foron á excusión: Equipos Electrónicos de Consumo (CM1 e CM2), Sistemas de Telecomunicación e Informática (CSI) e PCPI de electrónica

Os fins que se persegue son os seguintes:

- A promoción, divulgación formación, fomento e debate de todos os aspectos relacionados coas enerxías renovables.

- Promoción e realización de proxectos, estudos e outras actuacións de investigación e experimentación relacionadas coa eólica en particular e coas enerxías renovables en xeral.

- Fomentar e divulgar a importancia do aforro e eficiencia enerxética para conseguir un desenvolvemento sostible.

- Promover, divulgar e fomentar actuacións que vinculen o desenvolvemento enerxético coa súa integración co medio ambiente.

- Calquera outro tipo de actuación que implique unha mellora na optimización e implantación das enerxías renovables en xeral e da eólica en particular.

#### Interactuando co aforro enerxético e os consumos pantasma

Un dos puntos da visita foi unha posta en común sobre o aforro económico nos sistemas de iluminación. Os excelentes monitores fixáronnos razoar sobre o gasto que supón manter as nosas vellas lámpadas e non desenchufar da corrente receptores como o televisor ou o computador.

#### Aproveitamos toda a enerxía?

O certo é que o problema da enerxía céntrase sobre todo en como organizar os centros de producción de enerxía. A electricidade flúe pola rede, e é importante non entregar á rede máis potencia eléctrica da que esta poida consumir. Todos os días Rede Eléctrica Española (REE) poxa a electricidade que ha de consumirse no mercado. Sábese de antemán o consumo estimado e a capacidade de producción de cada centro, co que se reparte o montante de enerxía entre todos os centros, quedándose coa producción aqueles que más barato produzán a electricidade.

O criterio de reparto non só ten en conta o prezo da electricidade, senón que tamén se ten en conta o compromiso de preservar o medio ambiente. O Centro de Control para o Régime especial (CECRE) que depende de Rede Eléctrica Española coordina todos os centros produtores de enerxía renovables.

Coordinar non é sinxelo. Para que a enerxía eléctrica non supoña un problema hai que procurar que na

rede circule a potencia que se demanda, nin máis nin menos. O exceso ou defecto de enerxía provoca que nun caso sufran as liñas que deben disipar o que non se consume e no outro os consumidores que ven que non chega a potencia que se demanda. Así pois, existen ocasións en que non é posible o aproveitamento de toda a capacidade de producción e parte da enerxía pérdeuse.

#### O hidróxeno, o futuro da enerxía

Neste punto poderíamos pensar que é unha pena que se desperdicie producción de electricidade baseada en enerxías renovables, simplemente por unha cuestión de falta de demanda por parte dos consumidores. Sería posible almacenar esa enerxía que non se consume? A resposta é si. No parque experimental de Sotavento leva a cabo un proxecto pioneiro na producción de hidróxeno. Para entender por que producir hidróxeno antes temos que entender que non podemos almacenar a enerxía eléctrica, pero si sustancias químicas que poden servir como combustible para producir electricidade.

O par químico que suscita actualmente un maior interese tecnolóxico no almacenamento de enerxía eléctrica é o hidróxeno-osíxeno. Ambos constitúen a molécula de auga ( $H_2O$ ) e poden obterse dela mediante electólise (descomposición por electricidade). A posterior combinación de ambos ( $H_2 O_2$ ) para formar auga devolve parte da enerxía absorbida na electólise previa.

A vantaxe do par  $H_2 O_2$  sobre outros reside en que só é necesario almacenar o hidróxeno, xa que o osíxeno pode tomarse da atmosfera da que forma parte nun 20%.

Aínda que sexa a pila de combustible a que revolucionou o uso do hidróxeno, a súa combustión nun motor de explosión con osíxeno é unha tecnoloxía coñecida.

O proxecto consta dunha planta de almacenaxe de enerxía eólica, que empregará o hidróxeno a unha escala que, sen ser a que debería resolver a variabilidade da xeración, permitirá tomar experiencias en operación real que facilmente poderán ser extrapolables para deseñar solucións globais. Deste xeito pódese aproveitar o hidróxeno xerado en períodos de baixa producción eólica e compensar así a posible falta de potencia prevista. De igual forma,



cando existan períodos de desconexión de rede pódese utilizar a potencia xerada para producir hidróxeno.

A producción de hidróxeno conséguese cun electrolizador, alimentado con corrente eléctrica proveniente dos aeroxeradores. O electrolizador produce hidróxeno a baixa presión que logo se comprime para reducir o volume de almacenaxe en cilindros de aceiro a uns 200 bar. Para a posterior conversión a enerxía eléctrica, emprégase un equipo motoxerador de 60 kW eléctricos.

Ambos os sistemas (electrolizador e motoxerador) deséñanse para un completo ensamblaxe nun colector



que non requira unha gran obra civil adicional.

#### Bioclimatismo aplicado ao fogar

Nun século marcado polo esgotamento de recursos enerxéticos e os problemas ambientais derivados dun exceso de consumo, a Fundación Sotavento presenta este proxecto que pretende pór a disposición de todas as persoas interesadas, unha exemplificación real das posibilidades que a bioclimática ofreceños de face a aforrar enerxía e de mellorar a nosa calidade de vida.

A vivenda bioclimática ocupa uns 200m<sup>2</sup>. Tendo en conta o clima utiliza o seu deseño e os propios elementos arquitectónicos, como principais bazas para obter unhas condicións óptimas de habitabilidade no seu interior. A escasa demanda enerxética desta vivenda cóbrese por sistemas enerxéticos renovables e/ou eficientes.

A vivenda, dotada dun sistema integral de xestión, ofrece ao visitante toda a información relativa ao seu funcionamiento e ata permite variar as condicións exteriores (temperatura, época do ano, radiación solar, etc.) para comprobar a súa resposta en distintos ambientes simulados.

O principal obxectivo desta casa é mostrar os fundamentos das construcións bioclimáticas e os distintos fenómenos que nelas se producen. É

importante entender que o confort pódese conseguir dun xeito sinxelo, aforrando enerxía e sendo respetuosos co medio ambiente.

Co fin de entender isto realizamos un percorrido guiado polos seguintes aspectos da vivenda bioclimática:

- A importancia do asentamento no terreo e a forma do edificio para controlar as fontes e sumidoiros de calor (sol, ceo, aire e chan).

- A importancia da orientación para un bo funcionamento bioclimático.

- A optimización e xestión da luz solar no verán e no inverno.

- Os modos de transmisión de calor de acordo cos nosos intereses e habitáculos dentro da vivenda para ter o mellor confort.

- As calidades térmicas dos materiais opacos que se utilicen. Materiais illantes, condutores, acumulación de calor e estabilidade térmica.

- Condicións de confort térmico. Temperatura e humidade relativa

- Usos enerxéticos da vivenda (tipo de electrodomésticos, clases de iluminación, xestión da auga, etc.).

- Funcionamento enerxético integrado da propia vivenda, é dicir a xestión das condicións bioclimáticas con achegas das fontes de enerxías renovables necesarias unido á domótica. Posibilidades e efectos destas intervencións.

- Resultados enerxéticos esperados e medios

- Posibilidade de extrapolación de resultados a outro tipo de construcións bioclimáticas (casa, piso, etc.).

- A utilización de materiais naturais e locais como elementos importantes dunha arquitectura sostible.

- No proxecto aplicarase integralmente o Código Técnico da Edificación, de modo que alcance os valores de excelencia na Cualificación Enerxética.

Durante a estancia na casa chamounos especialmente a atención o ben illada que se atopa do ruído. Ao pé dun muíño do parque, a casa mantiene indiferente ao barullo que este produce.

#### De volta

Logo de pasar varias horas relativamente lonxe do noso querido val do Porriño, subímonos unha vez máis ao autobús para descansar da visita. Atrás quedou o monte e o val pero connosco viaxa tamén a inquietude de entender e aprender cousas novas.

Xosé Luis Rodríguez Fernández

Departamento de Electrónica

## Os estudantes de 2º ESO participan das actividades da VI Semana Matemática de Vigo



SARA SILVA /

O venres 23 de abril, os alumnos de 2º ESO fomos de excursión a un obradoiro de matemáticas no edificio de Caixanova, en Vigo, ao que nos acompañaron algúns profesores. O obradoiro constaba de oito postos. Os que máis nos gustaron e debemos salientar foron os xogos con tangráns e a resolución de problemas. Foi moi curioso e sorprendémonos moito porque

moitos dos exercicios que nos propuxeron, xa os resolvéramos nós na clase.

Todos gozamos moito con esta saída, xa que brincamos coas mates e traballamos con elas dun xeito diferente a como o facemos na aula. Pareceunos unha proposta moi interesante por parte do Departamento de Matemáticas do centro. Pasámolo moi ben e, por certo, déronos os parabéns polo noso bo comportamento.



## Visita ao museo de Pontevedra e percorrido polo roteiro Castelao

NURIA SÁNCHEZ /

O venres 7 de marzo os alumnos e alumnas de 2º ESO fixemos unha saída ao museo de Pontevedra e logo percorremos o roteiro Castelao, co gallo de coñecer algo máis deste persoero.

O museo constaba de dous edificios onde había dende xoias ata unha reproducción do interior dun barco, pasando por unha exposición das obras de Castelao. Alí vimos

colares, cruces, cunchas e amuletos feitos de acibeche que mercaban os peregrinos á súa chegada a Santiago; tamén unha maqueta dun dos barcos que se usou nunha expedición a América, a recreación do despacho de Méndez Núñez e unha mostra de vaixelas de Sargadelos. Co roteiro vimos algúns lugares de Pontevedra que tiñan relación con Castelao, como a Fábrica da Luz, o Café Moderno ou a praza da Ferrería.

Á dereita, unha estatua que representa a Castelao na cidade de Pontevedra.

Embaixo, un debuxo do intelectual de Rianxo que ten máis de oitenta anos e no que denuncia xa o terrible problema da violencia de xénero



# Faite socio da ANPA

A nosa ANPA fai neste artigo un chamamento ás familias para que se animen a participar no seo da asociación

Un ano máis a Xunta Directiva da ANPA traballou na medida das súas posibilidades, co obxectivo de poder colaborar na mellora da educación integral dos nosos fillos/as, pero é necesario que os pais supervisen e se impliquen máis nas vidas dos rapaces, que corrixan e sancionen o mal comportamento e, ao mesmo tempo, que saibam valorar e felicitar o esfizo, a solidariedade, disciplina, respecto, etc. Sabemos que é difícil xa que por desgraza moitos traballamos e non temos todo o tempo para dedicállelo.

Dende a Xunta Directiva temos moitas ganas de seguir traballando para eles, mais queremos recordarvos que non é suficiente coa elaboración do proxecto que se realiza todos os anos. Precisamos a vosa colaboración, sabemos que a vida está mal pero dez euros por familia ó ano non nos fan más ricos nin más pobres, e para a ANPA significaría moito, sobre todo para que o concello nos conceda máis axudas.

Animámossos a todos/as a participar e colaborar no que poidades.

Un saúdo da Xunta Directiva da ANPA

## Entramos na casa de Ramón Otero Pedrayo



Fermoso pazo de Trasalba (séc. XVIII), no que viviu Ramón Otero Pedrayo



No recinto acondicionaron este espacio como sala de butacas e nel pudimos ver representados algunos personaxes ideados por Otero

TAMARA PEDREIRA /

Nesta excursión visitamos o pazo de Trasalba, que Ramón Otero Pedrayo legou a Galicia. Nel viviu coa súa muller, súa nai e o servizo. Puidemos ollar o interior da casa, que se mantiivo así dende a morte do escritor, en 1976. Do interior da casa vimos a cociña, de ferro, e o baño, que era pequeno e con billería dourada;

pasamos por unha sala na que Otero e a familia recibían as visitas, que daba ao dormitorio, cunha cama alta e cunha cabeceira de madeira. O despacho tiña un pequeno escritorio e as paredes cubertas de andeis con libros. Logo diso vimos o cuarto de invitados, e na habitación do lado estaba a da súa nai, que tiña un moble parecido a unha cómoda coa

fotografías da súa voda, e ao lado da cama tiña un pequeno santuario.

Despois de visitar a casa, asistimos a unha representación na que a protagonista nos contou algo dos libros escritos por Otero Pedrayo, coma os *Contos do camiño e da rúa* e *Arredor de si*, e na que se escenificaron algunas historias coa partici-

pación de alumnos e profesores.

Para mi foi unha ricaz experiencia; resultou moi interesante ver como vivira Otero Pedrayo e a representación foi realmente divertida. Gustoume moito que participara o público, aínda que tamén hai que dicir que a muller protagonista da representación era moi boa actriz.

## Excursión a Lugo

RAQUEL FERNÁNDEZ /

O pasado día 25 de marzo parte dos alumnos de 3º e 4º ESO fomos de excursión a Lugo para ver o Museo e uns castros.

A viaxe fixouse un pouco longa pero mereceu a pena. Cando chegamos á Muralla de Lugo o autocar deixounos, e nós seguimos o noso percorrido; e afinda que nos perdemos, logramos chegar.

Xa no Museo fixemos dous grupos: un entrou coa profe Paz nas súas instalacións e o outro dirixiuse co profe de latín e a profe Aurora á Catedral; alí Rubén explicounos un pouco sobre a construcción e as características da Catedral e logo dirixímonos ó Museo. Aquí o guía deuños unha cartolina cunhas preguntas e tiñamos que buscar as respuestas polo edificio. Logo,

reunímonos todos nunha sala para ver quen gañara. Nós perdemos por contar mal os chanzos das escaleiras. Como premio, ós gañadores déronles uns bolígrafos.

Ó rematar fomos comer e os profes permitironos ir xantar a onde quixeramos. Case todos levabamos bocatas, pero unha compañeira trouxera diñeiro para a comida. Non atopabamos un sitio onde houbese hamburguesas ou bocatas. Ó final encontrámolo e comemos nun templo que había nunha praza dentro da muralla. Ó rematar marchamos á praza do Museo, que era o lugar de encontro. Uns compañeiros estaban facendo unhas bromas a uns homes que pasaban por alí, e pasámolo moi ben. Despois desprazámonos ó castro de Viladonga. Alí puxéron-

nos un vídeo sobre a historia do lugar. Ao rematar déronos unhas fotocopias cunhas preguntas que tiñamos que contestar coa información que se atopaba na exposición. Logo leváronos a ver os restos do castro antigo e estivéronos explicando como era todo. Camiñamos pola que fora a muralla do castro e ó baixar ensináronos un proxecto que está á espera dunha subvención para poder traballar nel. Era como un burato e pensan que podería ser unha mina da antigua citania.

Con isto rematou a nosa visita e regresamos para O Porriño despois dun longo camiño. Aviaxe pagou a pena e foi moi divertida.



Diáxas fotografías tomadas durante a viaxe a Lugo

## Vocabulario da xerga xuvenil do Porriño (II)

LUCÍA ALONSO / TANIA NOVO /  
VANESSA OTERO / MARÍA SAA /

Continuando o artigo que comezou un alumno do IES Ribeira do Louro, Alexandre Pires, no anterior número da revista *Órbita*, publicamos outras palabras e expresións propias da xerga que emprega a mocidade do val da Louriña. Moitas delas seguro que as empregastes algunha vez, e se non o fixestes nunca, animámosvos a que as utilicedes (iso si, na situación informal axeitada) xa que tamén é unha boa maneira de ampliar a nosa linguaxe oral.

- Pillar cacho: ligar (*Na festa de onte pillei cacho*).
- Ghastar pista: bailar (*Moza, ghastas pista? / Onte gastei pista toda a noite*)
- Cabestro: persoa que é moi bruta (*Que golpe me deches, es un cabestro*)
- Cego: 1. Borracho ou que non se dá conta do que acontece ao seu arredor (*Bebeu moito e ía cego perdido*). 2. Namorado (*Nótaselle ben que está ceguiño porque só fai pensar nela*).
- Comerlle a bóla a alguén: emprégase para facer referencia a alguén que está a molestar (*Deixa de comerme a bóla que xa teño bastante co meu*).
- Coscarse: enterarse ou darse conta de algo (*Non me cosquei de nada do que me dixo*).
- Enconado: namorado (*Dende que botou moza, anda enconado e xa case non sae cos amigos*).
- Estar de baixón: atoparse tristeira unha persoa (*Hoxe non me apetece saír; estou de baixón e só me apetece chorar*).
- Espichar: morrer (*Antonte espichou*).
- Estirar a pata: morrer (*Antonte estirou a pata*).
- Facer o avión: facerse o xordo (*Non fagas o avión que me escoitaches perfectamente*).
- Farra: festa (*Estiven de farra na despedida de lolanda*).
- Flipar: dicir cousas imposibles (*Non flipes que iso non vai ocorrer*)
- Fliparse: crese mellor ou superior (*Non te flipes que non es tan listo*)
- Ghalar: tomar alimentos (*Teño fame, vou ghalar*).
- Ghuapérrimo: adv. Superlativo de belo (Esta moto é ghuapérrima).
- Írselle a pinza a alguén: despistarse unha persoa sobre algo que tiña que facer (*Esqueceume traercho, fóiseme a pinza*).
- Ir de sobrado: mostrarse fachendoso ou crerse con capacidade para conseguir todo o que quere (*Vai de sobrado; case non estudiou nada e pensa que vai aprobar*).
- Liala parda: cometer un erro grande (*Mesturei sodo con auga e lieina parda*).
- Me caghi no/na: expresión que se usa para maldicir algo (*Me caghi na luz / Me caghi no mundo*)
- Meter ficha: ligar (*O outro día na festa metín ficha. Que bo estaba o rapaz!*)
- Niquelado: perfecto (*O traballo quedou niquelado*).
- No quinto pino: moi lonxe (*O instituto queda no quinto pino*).
- Pirar: Irse dun determinado lugar (*Piro á casa*).
- Pirado: tolo (*Estás pirado*).
- Pisamerdas: substantivo co que se coñece aos zapatos da marca "Converse" (*Giústanme os teus pisamerdas*).
- Plasta: persoa pesada e agobiante (*É un plasta*).
- Rular: circular algo entre varias persoas (*Ao final a noticia rulou duns a outros*).
- Ser a pomada: ser xenial, abraiante (*Esa canción é a pomada*).
- Sudarlla a alguén: expresión que se utiliza para indicar que a alguén lle dá igual algo (*O que digas ou penses de min súdama*).
- Tocho: refírese a algo extenso (*Menudo tocho de libro é o Quixote*).
- Non columpiarse: emprégase cando alguén di algo e non é verdade (*Bueno..., non te columpies que ben sabemos que non foi así*).
- Zoupar: golpear a alguén ou algo (*Non lle zoupes ao rapaz, que se portou ben*).
- Zumbado: tolo, que non está nos seus cabais (*Esa ghicha está zumbada*).



## Un percorrido pola prehistoria no Museo de Castrelos



LORELAI CHAPELA /

Os alumnos de 1º ESO fomos a unha excursión ao parque de Castrelos, en Vigo. No museo explicáronnos como era a vida na prehistoria, que armas usaban, con que cociñaban e as súas crencias relixiosas. Ensináronnos a cazar con arco e a pescar cun arpón; empregamos o primeiro teléfono que existiu na prehistoria e fixemos escavacións arqueolóxicas en diferentes tipos de terreo, descubrindo unha morea de cousas: ósos, puntas de frecha, arxila, etc.

Máis tarde fomos ver o museo arqueolóxico situado na planta baixa. Alí había de todo, dende moedas ata esqueletos dos nosos devanceiros. Para rematar, merendamos mentres dabamos un paseo polos arredores do parque. Estamos desexando volver.

## Colaboración e intercambio de actividades entre os Equipos de Normalización do IES Ribeira do Louro e IES Pino Manso

Durante este curso e continuando cunha liña de cooperación que comezou hai algún tempo, os Equipos de Normalización Lingüística dos dous IES do Porriño quixeron rendibilizar ao máximo os seus esforzos e decidiron intercambiar dúas excelentes mostras fotográficas: o noso instituto cedeulle temporalmente aos nosos compañeiros unha colección de imaxes de peixes e mariscos, que a nosa comunidade educativa tivo ocasión de contemplar o ano pasado, e, á súa vez, o IES Pino Manso quixo compartir connosco unha magnífica exposición para aprender a identificar aves e paxaros. Ogallá que a colaboración se prolongue nos vindeiros anos.



Fotos no noso instituto da exposición "Aves e paxaros de Galiza", cedidas temporalmente polo Equipo de Normalización do IES Pino Manso

## III Exposición de cogomelos do IES Ribeira do Louro

Organizada polo Equipo de Normalización Lingüística e mais polo Departamento de Ciencias Naturais, por terceiro ano consecutivo celebrouse no outono unha exposición micolóxica no noso centro. Alumnos, profesores, pais e persoal de administración e servizos trouxeron exemplares de fungos que logo foron clasificados. Ademais, como vén sendo habitual nos últimos cursos, contamos coa colaboración da asociación ecoloxista ADENCO, cuxo presidente ofreceu unha instrutiva charla sobre o tema para os alumnos do primeiro ciclo da ESO. Por outra banda, xunto coas especies procedentes dos nosos montes, tivemos a ocasión de ver, grazas á xentileza do profesor de Tecnoloxía Arturo Longa, unha interesante mostra filatélica sobre o eido dos cogomelos, con selos de diferentes lugares do mundo.



Charla de Anxo F. Saborido, presidente de ADENCO



A profesora de CCNN Lourdes Ferrín cos seus alumnos na exposición



Como vemos, moitos países do mundo senten unha gran fascinación polos cogomelos e iso refíctese na súa filatelia. Os selos foron cedidos para esta exposición polo profesor Arturo Longa e forman parte da súa impresionante colección particular

# I Concurso de Fotografía Matemática

O Departamento de Matemáticas introduce a fotografía como ferramenta didáctica nas súas aulas

As fotografías están a ser utilizadas de diversos xeitos como material didáctico nas clases desta disciplina académica, porque combinan moi ben os aspectos matemáticos cos estéticos. Con este traballo o Departamento de


Matemáticas do IES Ribeira do Louro pretende contribuír á educación da capacidade de visualización. O obxectivo é facerlle ver ao alumnado que o mundo que nos rodea é pura matemática.




"Polígono irregular"  
Cris Míquez (1º ESO -C)



"Cilindros"  
Javier Argibay (2ºESO-A)



"Circunferencias de cristal"  
Manuela Ribeiro (2º ESO-C)



"Gaudí e as Matemáticas"  
Manuela Ribeiro (2º ESO-C)



"Matemáticas de verán"  
Ángela Pereira (2º ESO-A)



"Xoga coas mates"  
Cris Míquez (1º ESO-C)



"Adiviña o que é"  
Manuela Ribeiro (2º ESO-C)



"As matemáticas dun café"  
Manuela Ribeiro (2º ESO-C)



"Matemáticas cotiás"  
Cristofer Costa (2º ESO-A)



"Os xiros que dá a vida"  
Vanessa Otero e Jenni González (1º BACH.)



"As matemáticas protéxennos"  
Asier Alonso (1º ESO-A)



"As mates ilumínante"  
Santiago Coto (2º ESO-A)



Eixos de coordenadas  
Cris Míquez (1º ESO-C)



"Rectángulo"  
Katia Fernández (3ºESO-A)



"Paralelas"  
Javier Argibay (2º ESO-A)



"Mestura de figuras"  
Alberto Martínez (3ºESO-A)



"Xeometría de andar pola casa"  
Vanessa Otero e Jenni González (1º BACH.)



"Presumo coas mates" (Serie: roupa matemática e complementos)



# Abecedario e personaxes de cómic para imaxinar

Alumnos de ACEESCA recibiron un agasallo especial construído no IES Ribeira do Louro

**Zipi, Calimero, Mortadelo, Obélix ou Mafalda quedáronse a vivir no centro de discapacitados ACEESCA do Porriño.** A recepción tivo lugar con toda a honra despois de que fosen construídos en papel de xornal, en formato tridimensional de máis de un metro de alto, polos alumnos de 4º ESO do noso centro, baixo a dirección da profesora do Departamento de Plástica María Xosé Iglesias, que ademais é escultora e pintora.

Á parte de famosos personaxes de banda deseñada, destinados a incentivar a imaxinación do alumnado do centro de educación especial ACEESCA, os estudantes do noso instituto tamén costruiron con madeira e poliestileno todas as letras do abecedario a tamaño descomunal. “O uso é didáctivo, tanto das letras coma dos bonecos. As primeiras, con ese tamaño axudan os alumnos de ACEESCA a coñecelas”, explica a nosa profesora María Xosé Iglesias. “Traballamos durante 2 anos no proxecto e os nenos fixéreron encantados polo fin social que fá ter; moitos deles, ademais da hora da clase, empregaron períodos do seu tempo de lecer”.


Todo o traballo quedou recompensado pola acollida. A nosa profesora recoñece que foi impresionante ver como os alumnos de ACEESCA se amosaron encantados co agasallo: “Só verelles a cara de ledicia encheunos de satisfacción a todos”.

Durante o acto María Xosé comentoulles aos nosos alumnos: “Hai quen quere, pero non pode, e segue esforzándose, o cal ten un gran mérito; e hai quen pode e non quere. Esta actividade facémola porque destes nenos aprendemos moito”.

Algúns dos estudantes de ACEESCA teñen discapacidades visuais, feito que lles dificulta coñecer as letras; por iso, a súa elaboración a tamaño xigante e pintadas de xeito atractivo será unha grande axuda para aprenderen.

(Adaptación dun artigo publicado no Faro de Vigo sobre esta actividade do noso centro)

Á dereita, alumnos traballando nas pezas artísticas no noso instituto. Arriba, traslado das figuras a ACEESCA. Embaixo, ilusorante entrega dos agasallos aos alumnos de educación especial





# O Alzheimer e a emotiva experiencia dunha filla coidadora

A alumna de 4º ESA Mª Teresa Soliño resúmenos as claves para entender esta doença mental e relátanos en primeira persoa un commovedor testemuño

## De onde ven o nome desta doença?

Dun médico alemán, Alois Alzheimer, que descubriu a enfermidade en 1907, cando observou no microscopio que as neuronas da corteza cerebral diminuían esixeradamente, ocupando ese espazo tecido desorganizado que non funcionaba como neurona.

## Que é o Alzheimer?

É a demencia máis común. Cando se fala de demencia referímonos a unha perda irreversible por parte do individuo das súas capacidades intelectuais e da memoria, da capacidade de comunicarse e expresarse, de organizar a súa vida cotiá e levar unha vida familiar, laboral e social autónoma. Isto conduce a persoa afectada a un estado total de dependencia e, finalmente, á morte.

## A quen afecta?

Preséntase en persoas con idade avanzada, pero tamén cómpre dicir que xa hai individuos diagnosticados con 40 ou 50 anos e mesmo máis novos, áinda que son excepcións.

## Como son os seus comezos?

Comeza sempre con trastornos da memoria. Ás veces pode confundirse con esos pequenos "esquecementos" que afectan por exemplo as amas de casa cando, pola súa rutina diaria ou estrés, en determinado momento non saben o que fan facer: facer a comida, poñer a lavadora, deixar o móvil ou o paraugas na casa... No principio maniféstase no esquecemento de feitos como o día, mes, ano en que viven, ou o nome do seu home e fillos. O que máis lembran estas persoas son cousas do pasado, da súa infancia e xuventude, vivíndoo coma se fose en tempo presente. Ademais poden ter alucinacións: a más común é a que aconteceu en dous dos meus familiares, que era que vían ao seu pai morto habfa moitos anos atrás.

## Como se desenvolve a enfermidade?

Componse de tres fases, áinda que hai quen di que son catro.

Na primeira fase comeza a observarse algúun deterioro cognitivo: principia o "esquecemento". Na segunda xa deixa de falar e de moverse por si mesmo. Na terceira fase encaman, cos conseguintes problemas que acontecen neste estadio: pneumonías, bochas (estas últimas mesmo fan buracos polos cales entraría un puño e saen nas extremidades dos corpos: cóbados, xeonllos, cadrís, calcañas, etc.).

## Que se pode facer?

O mellor para eles é en todo momento o contacto afectivo e emocional, o trato afectuoso que se lle dispensa, que acostuma a ser aceptado e agradecido. Segundo din, na fase final isto pérdece; eu non o accepto, para min foi moi importante esta afectividade ata o último día da súa existencia, ata o seu último sopro de aire.

## Cales son os trastornos típicos?

Nestas 3 fases aparecen estes tipos de trastornos:


- Afasia: Trastorno da lingua. A persoa esquécese das cousas más usuais e das persoas, empeora a comunicación interactiva e o entendemento, e diminúe a capacidade de falar, sentíndose ausente e incómoda.

- Apraxia: Trastorno da mobildade, no sabe facer un simple debuxo, nin sequera asinar un papel ou mesmo vestirse ou peitearse.

- Agnosia: Non reconoce nin comprende o significado do que ve, toca, etc...

- Indiferenza ou ignorancia do problema, o cal pode exasperar a familia. Mentreles eles reaccionan con calma, os do seu arredor poden chegar á violencia con eles perante o grave deterioro mental, e máis áinda trala morte do seu pai, cando a responsabilidade recae sobre os fillos.

- Trastornos da personalidade e da conduta. Ao principio pode



haber problemas de depresión, ansiedade e irritabilidad. Decátanse de que acontece algunha cousa que eles non comprenden; é por iso que nunca debemos falar da súa doença diante deles. Persoas que antes eran bulidoras, despois son tranquilas, e viceversa. Poden estar camiñando durante todo o dia sen esgotarse. Non se pode deixar ningunha porta aberta xa que escaparán. Vólvese desconfiado, agocha as cousas e pode manifestar agresividade.

-Desorientación espacial: Pérdece doadamente e nunha fase máis avanzada non sabe onde se atopa o baño, cociña, o seu cuarto, etc ...

## Cales son as súas causas?

Non se coñecen. O único no que se avanzou foi na identificación dos factores de risco: idade (dos 60 anos en diante); sexo (aparece máis en mulleres); xenética. Outros factores de risco menos relevantes son os seguintes: antecedentes de trastorno cranial (existe unha teoría segundo a cal, canto maior é o nivel cultural da persoa, menos posibilidades ten de contraer a enfermidade); ictus, isquemia, hipertensión, diabete, colesterol, tabaquismo parecen aumentar o risco de padecela.

## Que probas se fan para chegar a un diagnóstico?

Se a persoa ten problemas de memoria que interfieren na súa vida normal e son progresivas, debemos levala ao médico.

Antes dun diagnóstico positivo debemos descartar outras posibilidades: tóxicos, medicamentos, doenças que afectan ao sistema nervioso central, tumores cerebrais, déficit de vitamina B12, etc.

Descartado o anterior, o neurólogo ou xeriatra faralle un test ao doente e familiares que convivan con el para ver se

pode detectar algún tipo de demencia, e para certificalo realizaráselle un TAC, no cal veremos se o seu cerebro está danado, así como análises para descartar enfermidades metabólicas, etc...

## Deben facerse estudos xenéticos?

Ten que quedar a criterio do especialista, pero a mi non me gustaría facelos. Sería realizarles probas aos fillos destas persoas, por se puidesen ser portadores desta doença. Penso que esta lacra do século XXI non está estudiada o suficiente como para dicirle a alguén: "Despois de todas as probas ten vostede algunha pegada de Alzheimer, tome estas pílulas e xa nas seguintes revisións veremos como se desenvolve".

Isto para mi é facer de cobaia dun especialista que se aproveita do medo, porque se áinda hoxe en día non hai medicamento ningún para atallar este problema, como pode alguén darche unha porcentaxe segura de que tes iso no teu cerebro? Hai dous anos fun a unha conferencia dun neurólogo galego chamado Martínez Laxe que dicía que se podían facer as probas, pero o índice de suicidio naquelas persoas ás que se lle diagnosticaba a enfermidade era tan importante como para pensalo dúas veces e non facelas. Coido que iso é o mellor para todos.

## Que é a biopsia cerebral?

É, de feito, a única forma de saber se finan por esta enfermidade.

## Como se reflicte a doença nos familiares?

### CONTAREI A MIÑA PROPIA EXPERIENCIA

Miña nai tiña 65 anos cando lla diagnosticaron. Nunca pensaramos que aqueles esquecementos, desconfianzas..., puideran chegar tan lonxe. De feito un día dixo que non sabía cocinar e despois nin sequera sabía vestirse por si mesma. Decidín levala ao médico e mandáronme ao especialista. Fixéronlle as probas e dixéronnos o diagnóstico: Alzheimer.

## Os estudantes reclaman paz e respeito polos dereitos humanos no mundo

VANESSA OTERO /

O 30 de xaneiro é Día escolar da Paz e da Non Violencia. Este ano os compañeiros afiliados á coñecida asociación internacional denominada Amnistía Internacional quixémolo conmemorar dun xeito especial, achegando o noso gran de area a prol da paz mundial. Máis concretamente adicamos a hora do noso bocata durante a semana do 25 ao 29 a acumular a maior cantidade de sinaturas posibles para combater e abolir a pena de morte, aínda vixente desgrazadamente no século XXI en moitos países. E grazas ao interese de alumnos, parentes e coñecidos, acadamos un gran número de sinaturas. Foi unha experiencia realmente gratificante. Para o ano que vén, debedes saber, alumnos do IES Ribeira do Louro e demais lectores de Órbita, que tedes un oco na nosa pequena familia, podendo contribuír así a axudar aos máis desprotegidos.



Estudiantes dando a coñecer as campañas de Amnistía Internacional sobre a defensa dos dereitos humanos no mundo



O 30 de xaneiro, Día da Paz, conmemora a morte do humanista Gandhi e con este motivo o alumnado de 2ºESO e 1ºBACH leu poesías no patio do instituto

(Vén da páxina anterior)

Daquela non había o que hoxe: obradoiros para estas persoas para que poidan retrasar o avance desta doença, un maior coñecemento do que temos que facer perante unha situación como esta, etc... Daquela só lera un simple artigo nunha revista e con iso tiven que lidar durante varios anos. Sobre todo porque non houbo pautas, consellos... para rexer o que nos caeu enriba. Xa existía AFAGA, pero non tiña constancia dela, e aínda pasaron moitos anos ata que acudín a eles.

Ao principio meu pai compártia esta tarefa comigo e era, claro, moi duro. Tiña unha nai cunha doença degenerativa e meu pai e mais eu con moitas dúbidas, sen ningunha preparación diante do que viña, e o esquecemento do resto da familia, que sempre tiña algunha cousa que dicir para non vir á casa. Deprimianse; nolos dous, en cambio, bailabamos e cantabamos de puro contento. A iso, penso eu, chámase egoísmo, e este durou ata o día do pasamento da miña nai e voltou para a miña desgraza nalgúns familiares hoxe en día.

Por iso se teño que aconseillar algunha cousa é que se obrigue a involucrarse a toda a familia, porque do contrario a persoa coñedora enterrase en vida. Unha persoa non pode afrontar soa o problema. Precísase de todos para levalo o mellor posible e non caer en sentimientos de culpabilidade, desesperanza, frustración, soidade, rancor e mesmo envexa, pois ti deixa de telo

meira... A miña escasa ou nula vida laboral ou social foise á merda. Se sañas da casa só pensabas en volver; se estabas na casa só querías marchar. É unha incongruencia, pero iso foi ao que me levou: a poñer o corpo e a alma, mergullarme no abismo e acabar na consulta dun psiquiatra e un psicólogo, iniciando un tratamento para a depresión. Sentíame incomprendida por todos.

Menos mal que tiña amigas que me convenceron a saír un pouco da casa e así foi como comecei a estudar portugués na escola oficial de idiomas. Unha vez traballei durante un ano, pero tiven de deixalo, sentía culpa por deixar a miña nai desatendida e iso aínda me sumiu máis no pozo. Tamén axudou a iso que soubese que non fá cobrar un euro no día que miña nai morrese. Tiña a miña vida vendida cunha man diante e outra detrás para sobrevivir, pero continué o meu día a día, loitando contra o meu problema e a imaxe cada vez máis desmellorada de miña nai. E a familia sen facer nada, sen unha simple palabra de apoio da súa parte, e cunha despreocupación total pola súa nai. Para qué preocuparse? Acaso non estaba a súa irmá na casa para iso? Non vivía ela á

conta da nai? Cando se pensa así, non hai lugar para remorsos de conciencia, algo que a min me sobraba.

Pero hoxe estou mellor, atópome con forzas para loitar, posúo un traballo que aínda que non sexa gran cousa sérveme para sentirme unha persoa viva, con moitas cousas por facer. Atrás quedaron eses malos tempos, os amargueños dunha larga doença e a morte en vida.

Desexo dicir tamén que non todo foi malo, aprendín a querer a miña nai dunha forma que antes non coñecía. Pódese dicir que non tiñamos moito trato, pero esta doença me uniu tanto a ela que penso que dei todo o amor e o máis sincero de toda a miña vida. Nese sentido foi unha experiencia plena, que safisfixo todas as expectativas e que hoxe en día están marcadas a fogo no meu corazón e na miña mente. Fun filla súa, nai, coñedora, enfermeira e sobre todo souben o que é amar por riba de todas as cousas. Sempre lembrarei ese sorriso que me regalaba, un sorriso de agradecemento e amor. Hai algo mellor ca iso nesta vida?



todo para ocuparte do teu familiar; mentres os demais continúan a facer a súa vida, ti permaneces encerrada nunha casa, atendendo a unha persoa durante as 24 horas do día.

A parte diso, pasas de ser unha filla a ser nai; recae en ti o cuidado total: aseo, comidas, cambios posturais, cambiar cueiros, facer de enfer-

# “Unha banca ética permite crear unha sociedade más xusta”

Entrevistamos a Ricardo Paz, experto en banca ética

Durante o mes de marzo, o profesor de Filosofía do IES Nº 1 do Carballiño e membro da AIS (Asociación por un Interese Solidario) O Peto pronunciou unha charla no noso centro para explicarnos qué son os bancos éticos e as enormes posibilidades

MARTA ALONSO /  
TAMARA PEDREIRA

## Que é un banco ético?

Unha institución ou mesmo una asociación como Fiare ou o Peto que fai una intermediación financeira, é dicir, recibe e deixa cartos para proxectos que melloran a sociedade. Para nós, eticamente aceptable é todo aquilo que contribúe a que a sociedade sexa mellor, que a riqueza estea más repartida, que ninguén dependa da esmola ou dos servizos sociais para vivir e poida traballar e ser independente economicamente.

## Con todos os negocios negros que hai no mundo, é seguro un banco ético?

Si. Non todos os negocios negros son rendibles, como se demostrou nesta crise económica, produto do desmadre do sistema e dunha horrible falta de transparencia. Os bancos más poderosos caeron, todo se veu abaxo e os estados interviron cos cartos de todos nós para salválos. O certo é que a banca tradicional non me parece un sitio moi seguro, como o que pasou en Arxentina hai uns anos, cando moitos bancos, entre eles dous españois, o BBVA e o Santander Central Hispano, quedáronse cos aforros dos pensionistas, da clase media baixa arxentina, é dicir, cos aforros de toda a súa vida.

**“Aristóteles dicía : ‘Ningún home é libre se lle ten que pedir permiso a outro para vivir’.**

O ideario de Peto é ese, poñer medios económicos para que as persoas poidan custear o seu propio proxecto de emprego”



Ricardo Paz nunha entrevista coas nosas xornalistas

Na crise financeira actual resulta que, por exemplo, en Italia o único banco que non tiña problemas financeiros era unha banca ética. A Banca Popular Ética, que manexa millóns de euros, atinxiu xa un tamaño considerable e non tivo nunca ningún problema. Por que? Porque o que non fixo con eses cartos foi xogar con eles en bolsa ou especular, xa que iso é eticamente inaceptable. Cando algúen presta cartos e gaña soamente un xuro máis alto dos que paga por eles, xa xera moitos beneficios. Fiare neste intre está a xerar cartos praticamente coma para manter a súa estrutura sen tocar o diñeiro que ten en depósito; querese dicir, estamos falando de que pode xerar case 300.000 € anuais prestando só 11 millóns de euros, o que é unha miseria se o comparamos co que están prestando os bancos a nivel nacional, e con iso xéranse cartos para ter tres oficinas abertas. O sistema é perfectamente seguro, xera rendibilidade económica e, algo moi importante, supón rendibilidade social. Coido que é esencial preguntarnos sempre: que responsabilidade teño eu cos meus cartos do que ocorre no mundo?

**Na charla comentaches que hai asociacións éticas en Galiza. Hai só asociacións ou tamén hai bancos?**

que ofrecen para mellorar o noso mundo. Sorprende que os medios de comunicación apenas nos informen destas entidades e no actual contexto de crise económica sigan amosándose moi pouco críticos cos bancos privados, principais responsables da mesma.

cubrín Peto, co que cadrei nos seus idearios: facer unha economía ao servizo do ser humano e non escravizar o ser humano ao servizo da economía. Para nós, a economía ten que ser un instrumento para que todos teñan aquilo que é necesario. Aristóteles dicía : “Ningún home é libre se lle ten que pedir permiso a outro para vivir”, e consideramos que o mínimo que ten que posuír unha persoa para non pedirlle a ninguén nada para vivir é a posibilidade de subsistir por si mesmo. Se temos en conta que o traballo é a ferramenta fundamental que temos nesta sociedade, non é razoable pensar que unha sociedade na que temos catro millóns de parados se poida considerar minimamente aceptable, nin do punto de vista ético, nin político, nin económico, nin social... Hai que buscar mecanismos para que ninguén caia na exclusión e o único mecanismo é que a xente teña un traballo; o ideario de Peto é ese, poñer medios económicos para que eles poidan custear o seu propio proxecto de emprego.

## Triunfa a idea do banco ético?

Isto é un camiño lento, porque se fose rápido acabaría noutro lugar que non queremos. Un falar: a Kutxa é unha banca vasca e dende hai tres anos quere que Fiare forme parte dela, dunha entidade financeira tradicional que afirma comprometerse a respectar totalmente o ideario de Fiare. Iso darfalla a Fiare unha gran dimensión; estamos a falar de que en lugar de posuér 23 millóns de euros en depósito, pasarfa a ter 100 millóns, pero tememos que a Kutxa imporfa unhas regras que non terían nada que ver co que nos plantexamos. Xa que logo, nós coidamos que o crecemento de algo como Peto, como Fiare, ten que se producir devagar, reflexionando ben

todo con calma; más vale dar pasos cara adiante pasenxo que correr moito e ter despois que recuar.

### O goberno apóiavos? Dávoso algún tipo de axuda económica?

Non. Nós non somos moi molestos por ser moi pequenos, pero por pór un exemplo, o PSOE débelle 40 millóns de euros o BBVA e o PP outros tantos ao Santander Central Hispano, e se un partido lle debe tantos cartos a un banco non pode tomar unha decisión que vaia en contra dos intereses da banca. Eu creo que non.

**Un problema moi grave da crise é o embargo de vivendas pola imposibilidade de pagamento á banca (dende que comezou a crise, máis de 100000 familias en España foron desafiuadas das súas casas). Como solucionaría isto unha banca ética?**

Nós nunca imos ter ese problema; evidentemente se alguén non pode pagar, nós esperámolo. Non é éticamente aceptable que te quedes coa casa de alguén porque non che pode pagar. Aquí hai que ver qué é máis importante, se o dereito dunha persoa a ter unha casa ou o dereito dun banco a recuperar os seus cartos, e para nós o banco non pode estar xamais por riba do dereito dunha persoa a cubrir unha necesidade básica como é unha vivenda. Ten que haber unha serie de medidas lexislativas que dean un maior prazo para pagar. Neste momento hai medidas deste tipo, e concédese máis tempo, pero non por bondade dos bancos, senón porque ao banco neste momento non lle compensa a expropiación, de xeito que fará todo o posible para que lle paguemos antes de embargar, xa que a vivenda non é rendible.

### A creación dun banco público podería substituír a unha banca ética?

De ningún modo. Os bancos públicos poden ser mellores que os bancos privados? Eu pensarfao, porque o Banco Central Europeo é un banco público e dende logo, o Banco Central Europeo é "a nai de todas as treboadas".

Podería ser interesante un banco público nunha situación conxuntural distinta onde a política dominara a economía, onde os nosos representantes políticos tivesen poder de coacción para que non imperara a lei do máis forte e se levase a cabo unha política de distribución da riqueza, pero hoxe iso é absolutamente irrisorio. Ningunha institución política ten poder de decisión sobre os intereses económicos dos máis fortes. É más, as institucións políticas que creamos, como o Banco Central Europeo son en realidade institucións político-económicas que miran máis polos intereses dos máis fortes que polos intereses da sociedade en xeral. Neste contexto un banco público galego ou de calquera outro sitio representaría un elemento máis ou un elemento de distracción.

**Acabas de mencionarnos as caixas de aforro. Cal é a túa opinión verbo da diferenza entre unha caixa e un banco, se é que realmente pensas que áinda existe unha diferenza?**

Existir non existe. Neste momento unha caixa de aforros funciona exactamente igual que un banco. Por poñer un exemplo, hai unha caixa galega que está financiando directamente unha guerra, é dicir, financia unha empresa de fabricación de armas que despois as vende a un país en guerra.

**E, así e todo, esas caixas de aforros dinse diferentes aos bancos...**

Unha cousa é a diferenza sobre o papel (as caixas de aforros poden dicirse diferentes aos bancos xa que non tratan unicamente de obter un beneficio...), pero eu coido que non, coido que as caixas fan unha obra social como a poden facer os bancos e a partir de aí nada máis. Supostamente o control político das caixas podería levar a unha mellora dos seus servizos de cara aos cidadáns, mais tendo en conta a política e a súa relación coa economía...

**Un banco privado francés finanziou a guerra en Ruanda. Que controles existen para evitar isto?**

Ningún, ningún. A ver, no



A conferencia tivo lugar no salón de actos e foi o fruto da colaboración dos Departamentos de Filosofía e os ENDL do IES Ribeira do Louro e o IES N° 1 do Carballiño. Unhas semanas antes, as nosas alumnas levaron ás aulas dese instituto de Ourense a actividade "Grandes mulleres da historia"

mercado financeiro internacional ti entras coma nun supermercado, colles un carriño e vas collendo cousas. Poñamos por caso que es un comprador compulsivo e levas o carro cheo de cousas; ao chegar á caixa atópase con que tes que pagar 414 €. Sabes exactamente o que custa cada cousa cando colles a tarxeta e pagas? E sabes exactamente o que leva cada produto? En realidade non. Pois no mercado internacional é o mesmo: eu merco un paquete financeiro e en realidade non sei o que levo. Cando ti mercas accións na bolsa, non sabes se iso está relacionadoalgún xeito coa guerra de Ruanda. Eu dende logo non me considerarei nunca inocente da guerra de Ruanda por ter os cartos no banco, porque eu non sei a onde van ese cartos. Cando FIARE se constitúa como banco legalmente recoñecido no banco de España, deixará de capital social uns 3 ou 4 millóns de euros. Nós non temos ningunha garantía de que o

banco non vai financiar algo disto; daquela, nós podemos controlar os cartos que prestamos, pero eses cartos que debes ter inmovilizados, ou que supostamente ten inmovilizados o Banco de España, en realidade manéxan os de xeito que rematas por perderlle a súa pista. E iso tendo en conta que son cartos legais, porque o 40% diñeiro que se move no mundo está en paraísos fiscais onde non hai ningún control, ou no que se chaman "operacións tras o mostrador" nas que se venden por exemplo accións sen ningún tipo de control legal. En moitas destas operacións participan os bancos e converten o sistema en algo absolutamente falto de transparencia.

**Coidas que Caixa Galicia e Caixa Nova deben unirse?**

Non o sei, a verdade; primeiro porque o tema non me interesa en absoluto e, en segundo lugar, paréceme que están xurdindo unha serie de aspectos partidistas nos que cada partido apoia unha parte, eu creo que ás veces sen saber moi ben o porqué, o que serve para facer localismos estúpidos como provocar manifestacións a prol dunha cousa ou doutra.

É certo que ata agora, cando unha pequena empresa galega se uniu a outra maior de fóra, iso sempre trouxo malos resultados para Galiza, polo que neste senso si que é interesante que siga sendo unha empresa maioritariamente galega. Con todo, as cousas son moito más complicadas, xa que as empresas non deben considerarse galegas só por levar o nome galego.



Despois da conferencia, algúns alumnos amosáronse interesados en que o noso convidado lles ampliara algúns dos aspectos tratados

# Blogs, as túas inquedanzas na rede

O profesor do Departamento de Electrónica Xosé Luís Rodríguez preparou para *Órbita* este utilísimo especial sobre os *blogs*. Na actualidade existen decenas de millóns deles e a cifra continúa medrando. Achégate a esta nova maneira de expresarte e dáte a coñecer. Os teus coñecementos tamén contan

Dende un punto de vista mediático, Internet diferénciase doutras canles de comunicación en que calquera persoa pode deixar constancia da súa opinión ou inquedanza. Non é preciso ser xornalista nin escritor de renome ou unha personaxe controvertida. Non hai que pasar nin filtros nin censuras. O que hai é que ter acceso a unha conexión a Internet e ter ganas de contar algo.

¿A alguén se lle ocorre saír un día da súa casa e dirixirse aos estudos da Televisión de Galicia para contar que lle interesan moito o mundo dos cogomelos? Creo que todos temos claro que o primeiro que nos dirían ao chegar é que voltemos por onde viñemos. E é que a televisión non funciona así.

Os contidos televisivos son moi distintos dos contidos en Internet. A televisión escravízanos a estar diante dunha pantalla un día e hora determinados se queremos informarnos dun tema que nos guste.

Os contidos en Internet en troques permiten ao usuario

consultar a información cando o estime oportuno. Existe unha verdadeira liberdade de información, para o bo e para o malo.

O caso é que se queremos contar cousas dos cogomelos teremos que pensar noutra canle que estea ao alcance das nosas posibilidades. Estades a pensar en Internet, va que si? Ben, pois agora teremos que pensar a mellor ferramenta para facelo.

O que se está a demostrar más interesante cando unha persoa quere expresar os seus coñecementos sobre algúna temática é o blog.

Non sempre o mundo de Internet foi tan interactivo como na actualidade. De feito dentro da revolución que supón Internet, vén de producirse un cambio cualitativo importante. O concepto orixinal da primeira xeración de Internet, chamado web 1.0, eran páxinas estáticas que non se actualizaban acotío. Daquela Internet era propiamente unidireccional, é dicir, a información era máis ben de corte informativo e non permitía a interacción directa entre os usuarios.



Hoxe en día, converteuse en bidireccional e permítenos a interacción de todo tipo de contido, sexan estes vídeos, imaxes, textos e inclusive almacenamento e edición de arquivos *online* en tempo real. Estas ferramentas permiten a integración dun tecido social, é dicir, unha rede de persoas que poden interactuar a través de *blogs*, *google groups*, *twitter*, *facebook*, *wikipedia* e unha infinidade de útiles aplicacións que permiten a interrelación de información.

A web 2.0 permite novas posibilidades de traballo autónomo e colaborativo, crítico e creativo, a expresión persoal, investigar e compartir recursos, crear coñecemento e aprender... Coas súas aplicacións de edición todos poden elaborar facilmente materiais de xeito individual ou grupal, compartirlos e sometelos aos comentarios dos lectores.

A web baséase entón nun compoñente social e constitúe un potente medio para construír o coñecemento de forma colaborativa, aos que logo todos poderán acceder mediante achegas individuais.

Como case sempre pasa con isto da informática, un blog parece algo distinto dependendo da fonte consultada. Segundo algunas fontes un *blog*, ou tamén unha bitácora, “é un sitio web periodicamente actualizado que recompila cronoloxicamente textos ou artigos dun ou varios autores, aparecendo primeiro o máis recente, onde o autor conserva sempre a liberdade de deixar publicado o que crea pertinente”. Outros en cambio defíneno como “páxinas web, xeralmente persoais, onde se publican periodicamente noticias, artigos ou comentarios de interese sobre diversos temas ou a propia vida do seu autor”. Sexa como for, o blog é algo que xa ten o seu oco dentro do mundo das ferramentas de Internet.

Existen moitos sitios en Internet onde crear e alojar un *blog* de forma gratuita. Pola súa facilidade de administración e uso recoméndanse os seguintes sitios:

En *Wordpress.com* utilizase o coñecido sistema de xestión de contidos *wordpress* para xestionar os *blogs*.

Outro sitio é o sistema de *blogs* de Google: Blogger. A Coctelera e Nireblog son xestores de blogs españoles que se caracterizan pola súa sinxeleza.

Para crear un *blog* temos entón que localizar algún sitio en Internet que permita a publicación de *blogs*. Un requisito indispensable é crear unha conta na que



# “Hai 300 seitas en España e 50 000 sectarios son galegos”

Charla do escritor Atilano Alaíz no IES Ribeira do Louro

LUCÍA ALONSO /

O número elevado de sectarios galegos abraia o alumnado do IES Ribeira do Louro, que asiste a unha charla do Pai Don Atilano Alaíz, un gran estudo desta cuestión. Para el “a principal receita para non caer nas seitas é a fe”.

Apalabro seita non tivo sempre un significado pexorativo, senón que se consideraba como unha rama da relixión. A fábrica de converter persoas en robots é o significado que lle damos hoxe en día. Pódense considerar dous tipos de seitas: destrutivas e non destrutivas, áinda que segundo o Pai Don Atilano todas son destrutivas, unha smáis que outras. Se falamos do contido, podemos diferenciar catro tipos principais: pseudocristiáns, orientais, esotéricas e satánicas.

En Galiza hai 50.000 sectarios, dos cales 20.000 pertenecen a seitas perigosas. Mientras que en España existen 300 seitas, en Estados Unidos son 3.000.

(Vén da páxina anterior)

teremos que facilitar como dato algún enderezo de correo electrónico. Unha vez que nos deamos de alta, estamos en disposición de seguir un asistente que nos permitirá ir dando forma ao noso proxecto de blog. O asistente permitiría nos darlle un nome ao noso blog baixo un nome de dominio, por exemplo [www.cogumelos.blogspot.com](http://www.cogumelos.blogspot.com). Ademais teremos que escoller un nome curto tamén coñecido como nick, que nos dará a coñecer cada vez que publiquemos algún contido no noso blog.



A profesora de relixión M<sup>a</sup> Fenanda Salgueiro presenta o escritor Atilano Alaíz, analista das seitas

As seitas pseudocristiáns inspiráranse no cristianismo e fanse pasar por cristiáns. As orientais inspiráranse nos métodos orientais. As esotéricas na maxia. Por último as satánicas, as más destrutivas, poden chegar a sacrificar a persoas, incluso a nenos. En Brasil 3.000.000 de cidadáns que viñan do catolicismo convertéronse a

unha seita pseudocristiá, a “Igrexa Universal de Deus”.

As seitas son creadas para fins lucrativos. Unha das diferenzas entre as seitas e a Igrexa é que a primeira é unha asociación cultural que non permite o acceso ás contas administrativas.

As seitas son un grupo relixioso pechado que funcionan

cun radicalismo total, que adoran a un Deus e se oponen visceralmente á sociedade. A característica principal das seitas é a manipulación mental para chamar a máis sectarios.

Para un sectario, o centro do mundo é a propia seita. O líder ten poder absoluto e é considerado como un verdadeiro Deus e os fillos da seita son os fillos da luz. Para introducir un novo sectario son necesarios dous procesos, por unha parte desafectación do propio ambiente, que consiste en separar o individuo da familia e, por outra parte, afección do propio grupo. Existen asociacións que axudan a mocidade a superar os seus problemas co alcohol, tabaco, drogas, etc. e unha vez rehabilitados estes sénense obrigados a agradecelos formando parte da seita.

No século XXI a nova forma de captar componentes para as seitas actuais é mediante os medios de comunicación, principalmente Internet

Un aspecto que nos terá entretidos un bo pouco é escoller a apariencia que terá o noso blog. O asistente amosaranos unha serie de plantillas que definirá o tipo de letra, xogo de cores, posición e estilos dos diferentes elementos que forman o noso blog. Dende o blog sempre nos quedará a opción de poder cambiar algún aspecto da configuración.

Tamén poderemos definir o tipo de interactividade que terán os nosos lectores. Basicamente consistirá en permitir ou non comentarios sobre os contidos ou crear lista

de membros que poden publicar tamén contidos.

Apartir de este punto xa estaremos en disposición de colgar contidos. A isto, como case que todas as accións sobre un sitio de Internet, asóciasele o nome de postear. De nós dependerá que o que exponhamos sexa atractivo para os lectores do blog.

Os blogs serven tanto para o ámbito persoal como o profesional: os sitios de noticias ou xornais dixitais adoitan estar administrados por profesionais, mentres que os weblogs son principalmente

persoais e áinda que nalgúns casos poden estar incluídos dentro dun xomal dixital ou ser un blog corporativo, están acotío escritos por un



autor ou autores determinados que manténen acotío a súa propia identidade.

Existen empresas que organizan concursos para que quen queira poída participar co seu blog e someterse á puntuación do xurado, que non é outro que os usuarios de Internet. Algunxs exemplos de concursos podémolos atopar en:

<http://lablogoteca.20minutos.es/premios-20blogs/>  
<http://blog.espacioeuropanet.eu/uncategorized/concurso/>

(Vén da páxina 6):

b) Conflitos entre os pais e os profesores: pódense empezar a producir denuncias de pais a profesores (sobre todo se hai suspensos polo medio) por impartir a materia nunha determinada lingua.

c) Conflitos entre os profesores. Parécenos a máis grave e a que pode producir máis dano ao sistema educativo galego. Porque o que parece claro é que se se denuncia a profesores por dar as súas clases en galego, vai haber tamén unha reacción contraria e denunciaranse profesores por dar as súas clases en castelán. Os profesores debemos traballar en equipo porque o noso principal obxectivo é a educación dos nenos, e para iso debe existir unha relación cordial entre

todos eles e resulta enormemente irresponsable que a principal autoridade educativa, a Consellería de educación, pretenda minar esa boa relación propiciando a creación nos centros dunha especie de estado policial de vixilancia lingüística.

d) Conflitos entre alumnos e profesores. verbo da lingua usada polo estudiante na aula. Ata agora non había ningún problema sobre este punto, pero tanto porfiaron os actuais responsables políticos en anunciar que que os alumnos "terán liberdade para usar na aula a lingua que lles dea a gana", á marxe do que recomende o profesor, que se cadra nos videnceiros tempos poderemos asistir a un diálogo, inédito ata agora, que Manuel Rivas (*El País*,

19-03-2010) exemplificaba con humor acedo así:

*"-Desculpe por molestarlo, prezado alumno, mais agradería inmenso que vostede teña a amabilidade de responder a esta miña pregunta en galego xa que estamos en clase de Coñecemento do Medio. Podería dicirme, por favor, un nome en galego deste insecto coleóptero de nome científico Lampyris nocticula e en castelán coñecido como luciérnaga?"*

*"-Ni entiendo lo que dices ni entiendo por que me preguntas lo que no sé. A mi no me vas a practicar tú la inmersión y hay un decreto que dice que en el aula puedo hablar la lengua que me sale de los huevos y escribir los exámenes en la que me salga de los cojones. Paso de ti, tío."*

*"-Paso-de-ti. Magnífico! Xa temos un novo nome para o vagalume. Lucecú, vella, lucerna, corcoño... e Paso-de-ti!"*

e) E divisións entre os pro-

6 . Cando lle preguntaron polos motivos nos que se basea a Consellería para decretar que o castelán é para as matemáticas ou para a física e o galego para as ciencias sociais, Jesús Vázquez referiuse a un "criterio de tradición". Se cadra, o actual Consellerio de educación descoñece que os profesores de Matemáticas e Física e Química levan moitos anos dando as súas clases en galego, e que algúns dos que foron os seus alumnos están hoxe traballando en centros punteiros de investigación no mundo:

Todos nos sentimos moi orgullosos cando, por exemplo, un conxunto de científicos galegos que traballan para o Centro Europeo de Investigación Nuclear (CERN), en Xenebra, enviaron o seguinte texto aos medios de comunicación galegos:

“ Somos un conxunto de físicos e enxeñeiros galegos vencellados ao Centro Europeo de Investigación nuclear (CERN) en Xenebra, a día de hoxe uns dos laboratorios científicos más importantes do mundo. Desde a distancia, levamos meses asistindo ao debate que se está a xerar sobre a posición que debe ocupar a lingua galega no noso sistema educativo. Esta cuestión está a provocar unha confrontación continua de posturas e opinións que se estende a distintos ámbitos da nosa sociedade. Se ben consi-

deramos este debate lexítimo tamén coidamos que as posturas deben ser mantidas e defendidas desde a más absoluta rigorosidade, a mesma pola que nós estamos rexidos nas nosas actividades científicas. E vémonos na obriga de intervir cando determinados argumentos que non seguen esta máxima aparecen por parte de persoas cunha opinión que non se restrinxe ao ámbito privado.

En declaracions ao Faro de Vigo, o voceiro da Confederación das Asociacións de Pais de Alumnos de Colexiós Concertados (Congapa), José Ramón Hermida, dicía: “Utilicemos el sentido común. Químicas ou Físicas, con tantas nomenclaturas internacionais, no se pueden dar en gallego. No podemos retroceder”. Ben, for desde a ignoran-

cia, for intencionadamente, declaracions deste tipo resulan totalmente inadmisbeis. E dicimos isto con coñecemento de causa, pois no noso ámbito de traballo estamos acostumados a ter conversas de alto nivel científico de temas moi diversos en galego. Nun entorno no que temos a sorte de traballar con algúns dos mellors físicos e enxeñeiros do mundo, o galego está, modestamente a través de nós, presente como vehículo de comunicación científica. É para isto un idioma exactamente igual de válido que o francés, o alemán ou, desde logo, o castelán. Ben é certo que o galego non é empregado para as comunicacions nin publicacións científicas a grande escala, pero é necesario que se saiba que tampouco o é o castelán. A lingua franca da ciencia desde hai moitos anos é o inglés, e desde logo se

pios pais, coa sensación de que uns gañan e outros perden nas votacións sobre a lingua.

E cal é a razón de todo isto? Pois a clave dámola nesta entrevista (*El País*, 17-01-2010) Anxo Lorenzo, actual Secretario xeral de Política Lingüística:



*"Aíslau no hay ningún problema con las aulas con los idiomas"*

Hay ahora algún problema en las aulas con los idiomas?  
*En las aulas no. Hay un decreto en vigor y se está cumpliendo. En principio, problemas no detecto ninguno.*

¿Entonces, qué necesidad hay de cambiar el decreto?

*Fue una promesa electoral.*

É dicir, se a política debe servir para solucionar os problemas, neste caso úsase para crealos.

algunha lle discutiu no pasado tal condición esa non foi o castelán. O noso obxectivo con esta carta é simplemente evitar que se empreguen argumentos falsos (ou falseados) na discusión dun tema tan delicado e importante coma este. E tamén reivindicar o galego como lingua que nos identifica sen excluírnos estando como estamos lonxe da casa.”

No CERN en Xenebra, a 26 de Maio de 2009 (Fonte: Vieiros.com)

Xabier Gómez Vidal. Licenciado en Física e estudiante de Doctoramento - USC, experimento LHCb / Patricia Conde Muñoz. Doctora en Física de Partículas, Investigación do IIP (Laboratorio de Física e Instrumentación de Física de Partículas) - Lisboa (Portugal), experimento Atlas / Daniel Espinete Pérez, Enxeñeiro de Telecomunicación e estudiante de Doctoramento na USC, experimento LHCb / Jesúsa Fernández Martín. Doctora en Física de Partículas, investigadora asociada da Royal Holloway University - Londres (Reino Unido), experimento Atlas / Abraham Galas Torreiro, Doctor en Física de Partículas, investigador Ramón y Cajalna USC, experimento LHCb / Manel Gillas Torreiro, Doctor en Física de Partículas, antigo staff do CERN no departamento de Física Experimental / Marcos Muñoz Belén, Doctor en Física de Partículas, Catedrático de Física Matemática na Universidade de Xenebra (Suiza) / Diego Martínez Santos, Licenciado en Física e estudiante de Doctoramento - USC, experimento LHCb / Cibrán Santamarina Ríos, Doctor en Física de Partículas, investigador asociado na McGill University - Montreal (Canadá), experimento Atlas.

A uns días do peche de edición do noso xornal, a ENCIGA deu a coñecer o seguinte comunicado:

A Asociación dos Ensinantes de Ciencias de Galicia (ENCIGA), na Asemblea celebrada o 7-V-2010, aprobou por unanimidade transmitir á Consellería de Educación e aos medios de comunicación a seguinte resolución.

ENCIGA manifesta a súa oposición ao decreto de plurilinguismo presentado pola Xunta baseándose nos seguintes argumentos:

1- A nosa asociación, con máis de 650 socios, leva vinte e dous anos de funcionamento e trátase da asociación de profesorado máis numerosa de Galicia. Entre as asociacións de profesorado de Ciencias é a más veterana do Estado español e das más veteranas de Europa. Ao longo destes anos non tivo coñecemento de que ningún dos seus membros recibise ningunha reclamación nin queixa polo feito de ter empregado o galego na aula. Por iso non

comprende o interese da Xunta de Galicia en aprobar un decreto que impón o uso do castelán de xeito obligatorio en materias de Ciencias como a Física e Química, Matemáticas ou Tecnoloxía, vénzose afectados con esta decisión moitos dos socios da nosa Asociación.

2- Ao longo destes anos, nos case 70 números publicados da nosa revista e próximos a realizar o XXIII congreso da nosa Asociación, a maioría das publicacións e comunicacións foron presentadas en galego, probando que é unha lingua tan natural coma outras para transmitir e divulgar ideas científicas. Ningunha razón científica pode argumentar unha chata ou deficiencia por usar o galego para falar de Ciencia.

3- Unha parte importante das actividades da nosa Asociación están relacionadas co estudo, divulgación e investigación de métodos que acheguen a ciencia á sociedade e ao alumnado das distintas idades, o que, xunto co apartado anterior, amosa que o profesorado de Ciencias ten un

interese especial por conseguir a máxima competencia do alumnado galego nas materias das súas áreas e promover o uso común do galego na aula é unha mostra dese achegamento á sociedade galega. O contrario sería continuar a longuísima etapa de imposición do castelán, procurando que o galego estea praticamente fóra do sistema educativo, polo menos de moitas materias de Ciencias, o que vai en contra de todo argumento pedagóxico e lembra os tempos escuros de "la letra con sangre entra", máxima antipedagóxica por excelencia que hoxe todos rexitamos.

4- Diversos informes científicos coñecidos pola Consellería de Educación proban que a competencia xeral do alumnado é menor en galego que en castelán. Dado que necesariamente o obxectivo educativo neste tema é o de acadar unha boa competencia tamén en galego, a Consellería debería tomar decisións para conseguir ese obxectivo. Sorprende que, no seu lugar, apunten

ao contrario, ao reducir as materias a impartir en galego e decidir que a maioría das de Ciencias sexan impartidas en castelán contradicindo no caso do galego o que a propia Consellería promove no inglés.

5- O decreto supón unha imposición aos profesores, moitos da nosa Asociación, do uso do castelán. En vez de promover o uso do galego como sería razoable nunha comunidade cunha lingua propia, promovéñse leis que o desprotegen, involucrando nesta tarefa ao profesorado das áreas de Ciencias. Isto é malo para o país, para os centros, para a docencia das ciencias, para o profesorado implicado nestas áreas e, por suposto, malo para o alumnado e para toda a sociedade galega.

6- Por todo isto, consideramos razoable e apoiamos a decisión do profesorado que se ten manifestado publicamente no sentido de non aceptar a substitución do galego polo castelán nas súas aulas.

Compostela, 27 de maio de 2010

**7 . Sobre o tema do inglés,** eliminouse a abraiente disposición que se recollía no primeiro borrador de decreto de decembro, que case viña a considerar obrigatorio para un centro dar un terzo das clases en inglés se así o querían os pais (abraiente porque revelaba un fondo descoñecemento do sistema educativo galego e español, e podería levarnos a aumentar espectacularmente as taxas de fracaso escolar). Así e todo, no novo decreto ségueselle dicindo á cidadanía que os centros teñen agora a oportunidade de dar clases en inglés. Pois ben, os cidadáns deben saber que iso non é hoxe ningunha novidade (as chamadas aulas bilingües existen xa dende hai anos), afná que iso si, cómpre ser consciente de que a súa extensión levará moitos anos e esixirá fortes investimentos. Por esta razón, sorprenden especialmente os recortes orzamentarios da Consellería nas Escolas de Idiomas de todo o país, a supresión das subvencións aos programas de intercambio con alumnado estranxeiro nos centros de ensino, ou a diminución nun 30% na formación do profesorado neste curso.

**8 . A posibilidade que se contempla no decreto de que os pais decidan a lingua que debe usar o mestre en educación infantil, ou que poidan co-decidir sobre a lingua de determinadas materias en primaria, secundaria e Bacharelato (xa que iso debe figurar no Proxecto lingüístico e este debe ser aprobado polo Consello Escolar), parécenos un grave erro:**

a) Xuridicamente non se sostén. A última sentenza ao respecto do Tribunal Supremo (21-10-2009) deixao ben claro: o deseño dos contidos educativos, dos métodos de ensino e das linguas nas que se imparten as materias é unha responsabilidade da Administración educativa, non dos pais.

Para a análise de toda a xurisprudencia ao respecto, na que se insiste en que esta proposta "transgrede o cadre legal do que consensuadamente nos temos dotado os galegos e galegas", pódese ler a análise xurídica elaborada por máis de cincuenta profesionais do dereito, entre os que se atopan maxistrados, xúices, fiscais e catedrálicos de dereito, neste enlace:

[http://www.udc.es/snld/documentos/pdf/analise\\_critica\\_xuridica\\_bases.pdf](http://www.udc.es/snld/documentos/pdf/analise_critica_xuridica_bases.pdf)

O dictame do Consello Consultivo deixouno tamén moi claro: "Este decreto resulta contrario ao ordenamento xurídico" (12-5-2010). De aí que a oposición política se preguntase no Parlamento galego: "Quen vai defender a legalidade, un Goberno que pretende impulsar un texto unconstitutional ou a comunidade educativa negándose a acatalo?"

b) Con todo, alén do puramente xurídico, parécenos especialmente pertinente aplicar o "sentidiño" que nos recomandan os nosos maiores e razoar do seguinte xeito:

Non podemos meter as familias no lfo de se esta materia hai que impartila en galego, castelán (ou

inglés). Porque, que acontece se logo as cousas non funcionan ben? Ímosllles botar a elas a culpa? Está claro que iso é competencia dos técnicos da Consellería e dos profesores, por algo lles pagan, e algo máis importante, por algo toda a sociedade investiu cartos na súa formación, para que tomasen as mellores decisións; o contrario sería despilfarrar todo ese capital humano. Ata agora foínos ben, por que cambiar?

Na polémica enquisa ás familias realizada pola Consellería de Educación, esta reconeceu que en secundaria só votaran o 38% dos pais, e na FP só o 33%.

E que interpretación podemos facer desta abstención do 62% e do 67%, pois unha lectura na liña que apuntabamos. Moitos deses pais dixéronlle á Administración: "En que lingua quero que se impartan estas materias que me dices? E eu qué sei, vós saberedes, por algo vos pago os meus impostos. O que eu desexo é que o meu fillo reciba a mellor educación e saia ben preparado".



Imaxe do CERN, o maior laboratorio de investigación en física de partículas a nivel mundial



Mesmo entre os que participaron na enquisa, moitos pais confesaban que á hora de pór a lingua das diversas disciplinas o que facían era preguntarles aos seus fillos en que idioma preferfan.

c) E hai un terceiro argumento que podemos emplegar. Por que só poden opinar os pais? Aquí a educación páxana todos os cidadáns, tamén aqueles que non teñen fillos. Non semeilla lóxico que se lles pida a estes que sufraguen o ensino cos seus impostos e que

logo non lles deixen emitir o seu xuízo.

d) E aínda debemos dicir máis algo para refutar a cuestión da “liberdade” de elección dos pais. O que queren a inmensa maioría dos pais e nais non é elixir a lingua das disciplinas académicas, senón que se lles axude na educación dos seus fillos e para iso cómpre aumentar os investimentos e recursos públicos e nunca reducilos.

A este respecto, sería preciso, por exemplo, que a Xunta de Galicia arrequentase considerablemente o número das educadoras

familiares e sociais no

noso país, esa figura que aínda moitos desconecen que existe e que é importantsíssima; vén ser unha especie de *supernanny* que vai polas casas algúns días á semana, para axudar os pais e nais a establecer cos seus fillos unha serie de pautas educativas e normas de conduta. Duplicar ou triplicar o número de educadoras familiares e sociais sería diminuír o fracaso escolar deses rapaces e aumentar o rendemento e a calidade no ensino, ao reducir focos de conflito

nas aulas.

Por iso sorprende tamén que o actual Goberno da Xunta non lles renovase o contrato o pasado mes de decembro a 61 traballadoras do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, as cales tiñan como parte das súas funcións apoiar a aquelas educadoras, ou tamén ir aos centros educativos (sen que a estes lles custase nada), como foi o caso do IES Ribeira do Louro, a impartir mensualmente obradoiros aos alumnos sobre diversas temáticas (prevención de comportamentos violentos, etc.).

#### **9. Aprobar este Decreto sería ir contra o traballo dos Equipos de Normalización Lingüística dos centros educativos e mesmo os podería pór en perigo:**

Non hai que esquecer que estes equipos naceron para potenciar o uso da nosa lingua en toda a comunidade escolar e neste intre están detrás dunha gran parte das actividades complementarias que se realizan nos colexios e institutos, de xeito que veñen traballando tamén para conseguir unha maior calidade do ensino en Galicia.

Aedición de revistas escolares, organización de grupos de teatro, rodaxe de películas,

emisión de programas de radio, funcionamento de moitos clubs de lectura, mostras fotográficas, actividades musicais, festas, concursos de todo tipo, intercambios con escolares doutros centros, etc., é unha proba do que dicimos.

Cada ano que se organizan as Xornadas dos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, calquera asistente pode quedar abraiado coa gran

cantidade e calidade das actividades que se realizan nas nosas escolas impulsadas por profesores e profesoras de todas as especialidades, escolantes que están dispostos a sacrificar moitas horas do seu tempo de lecer a prol da súa vocación docente e a súa paixón pola lingua galega.

É malo de predicir o que pode pasar, mais existe a posibilidade de que se produzan dimisións en bloque dos coordinadores dos

equipos. Por que? Porque se lles vai pedir que asinen a comezo de curso un documento chamado Proxecto Lingüístico, no que se pretende obrigar a profesores que impartiron sempre as súas materias en galego a que se pasen ao castelán. Nin que dicir ten que se iso ocorrese os colexios e institutos galegos perderían moitas das actividades que contribúen á excelencia educativa.

#### **10. En conclusión, o que lle reclamamos ao Goberno da Xunta é que retire urxentemente este decreto, que tantas enerxías nos está facendo consumir, e tamén lle dicimos que se quere introducir algún cambio en materia de lingua e educación, que busque o consenso, como ata agora sempre se fixo. Coidamos que os acordos asinados por todos só deben ser substituídos por outros asinados tamén por todos.**



*Esta declaración foi elaborada polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e apoiada polo Claustro do profesorado do IES Ribeira do Louro*

# Biblioribeira, un centro de recursos

O noso centro ten como unha das súas prioridades a dinamización e posta en valor da biblioteca escolar. Temos traballado moito estes últimos anos para acadar este obxectivo, coa nova distribución dos espazos, coa actualización dos fondos, coa presentación de proxectos de mellora, con actividades de animación lectora ou a creación do blog da biblioteca e do club de lectura.

Asumimos o reto de facer da biblioteca do centro non só un lugar preferente na vida deste, senón de xerar unha nova forma de ensinar, ou o que é o mesmo, un xeito diferente e máis autónomo de aprender.

Este proxecto de transformación da biblioteca foi valorado moi positivamente polos responsables de bibliotecas da Xunta de Galicia e fixo que a partir deste curso, 2009/2010, formemos parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, cunha dotación económica de 8800€, para investir na adquisición de fondos documentais para todas as materias (3500€), material informático (2500€), mobiliario (2500€) e gastos xerais (300€). Formarmos parte do Plan de Mellora supón tamén a



Festa e acto de inauguración da Biblioteca do IES Ribeira do Louro, na que o Director pronunciou unhas verbas

posibilidade de participar na rede colaborativa das bibliotecas escolares e compartir materiais e intercambiar libros, e tamén nos proporciona formación ao profesorado que participamos neste proxecto.

Os cambios na biblioteca son evidentes. Tiramos un tabique para adecuarmos o espazo, rotulamos de novo os fondos, mercamos ordenadores e unha pantalla para informar de actividades, mesas, andeis..., ata unha alfombra e moitos libros e películas, que elevan a máis de 12000 volumes os nosos fondos.

E inaugurámosla, o 22 de abril de 2010 fíxoo o noso director acompañado por gran parte do profesorado, moitísimos rapaces e rapazas, membros da ANPA e o asesor do CEFORE en materia de bibliotecas, a quen lle agradecemos a súa presenza e asesoramento.

Hai outras actividades que evidencian o dinamismo da Biblioribeira. Continuamos con dous clubs de lectura, cuxo proxecto foi ben valorado polas autoridades en materia bibliotecaria e ten unha axuda de 600 €.

Elaboramos diferentes materiais e actividades de formación de usuarios como poden ser a *webquest* sobre Darwin, as diferentes buscas que facemos en proxecto interdisciplinar para saber movernos pola biblioteca, ou mesmo esa *webquest* das

Prazas e Europa. Culminamos estas actividades de alfabetización informacional co Pista das Letras galegas.

Temos conmemorado tamén algúns días importantes dentro do calendario escolar: o Día das bibliotecas; o Día da non violencia de xénero; o Día da Paz; a actividade "En febreiro, ler o amor"; o Día da Muller, o 8 de marzo; a Semana do Libro; a Semana das Letras, e tamén celebraremos o centenario de Luís Seoane, en xuño. Como se ve, non paramos de traballar pero facémolo porque cremos fermemente no poder da lectura e da之力 que ten para cambiar o mundo, ou polo menos, para vivir diferentes mundos.

Biblioribeira



Cartel informativo da celebración da Semana da Lectura




Pegada de carteis da actividade:  
Para que les?



Desenvolvemento do intercambio de libros:  
Ler sempre dá froito



Lectura dos alumnos e profesores no Salón de Actos



A nova pantalla de información da Biblioteca



Representación da obra de teatro "O Rei Lear"

# Unha semana das letras galegas chea de actividades

Organizado polo Seminario de Galego xunto co Equipo de Normalización lingüística, iniciamos a semana das letras galegas o día 14 de maio, coa programada asistencia do alumnado de 2º de ESO ao Correlingua, posteriormente suspendido pola chuvia.

Ese mesmo día o estudiantado de 1º e 4º de ESO participou nun acto en torno á figura de Uxío Novoneyra.



Imaxe dun clásico do noso instituto:  
o xogo PISTA A PISTA

Comezamos coa presentación “Chove pra que eu soñe...”

Este vídeo elaborado pola profesora Paz Pereiro, quere homenaxear a Uxío Novoneyra e compartir, a través das fotos, o amor á terra do Courel.

A continuación rapaces e rapazas de 1º de ESO, coordinados por Aurora Sobrino, fixeron unha lectura de poemas de

Uxío Novoneyra

O alumnado de 4º ESO elaborou unhas presentacións en Power Point, a selerados polo profesor de informática Chema. Como non as puidemos ver todas, escollemos unha.

Por xentileza dun cole de Baralla (Lugo) vimos unha fermosa presentación do *Romance Manoel de Ribadaira*, de Uxío Novoneyra. Nos primeiros meses da guerra civil, o neno Uxío viviu acontecementos terribles. O feito que lembrou con máis espanto ao longo da súa vida foi o asasinato de Manuel de Ribadaira. Este veciño da súa aldea foi asasinado polos falanxistas. En 1976 escribiu este romance onde nos conta o que ali sucede.

Escoitamos *Vietnam canto* recitado polo propio Uxío Novoneyra. Este poema com-



Os estudiantes de 4º ESO recitando a ladaña

púxoo o noso autor para denunciar o masacre da poboación civil que se estaba a producir en Vietnam por parte do exército dos EE.UU.

Por último, marabillámonos coa *Letanía de Galicia*, recitada polos alumnos de 4º de ESO B. A ladaña, en sentido literal, é unha oración relixiosa, repetitiva, coa que se invoca aos santos. En Novoneyra converteuse nun canto de protesta, de denuncia da situación da Galicia oprimida, da Galicia labrega, da Galicia mariñeira, obreira, irmandiña,... que el quere ver libre.

O día 20 de maio, os alumnos de 3º e 4º de ESO, xunto cos de

bacharelato asistiron ao recital da cantante Uxía, acompañada polo músico Sergio Tannus. A Palabra cantada é como se denominaba o concerto. Extraordinario.

O 21 de maio, coordinada polo profesor Xosé Manuel Míguez, disfrutamos coa actividade “De pista a pista”, esa xincana de procura de información sobre o homenaxeado nas Letras galegas.

Ese mesmo día tamén asistimos ás moi profesionais representacións teatrais por parte do alumnado de bacharelato e da ESO, dirixidas polo coordinador do Equipo de Normalización Lingüística.

As follas poéticas do Courel decoraron o acceso á biblioteca para que os versos de Uxío Novoneyra penetrasen na casa das palabras.



Follas poéticas no acceso á Biblioteca

## O IES Ribeira do Louro pendura o mural das letras

O concello do Porriño colabora nesta homenaxe a Uxío Novoneyra

Continuando unha actividade dos últimos anos, que é xa case tradición, os alumnos da ESO do IES Ribeira do Louro, dirixidos pola profesora María Xosé Iglesias, de Educación Plástica, compuxeron un xigantesco mural para celebrar o Día das Letras Galegas, que penduraron na fachada do Centro Cultural do Porriño. A peza, de oito metros de alto por doce de ancho, foi realizada na praza do Cristo diante da mirada de centos de veciños que se detiñan a ollar o traballo dos nosos estudiantes, e tamén de membros do goberno local, entre eles o propio alcalde, Nelson Santos, que foi convidado a asinar o traballo coas súas mans enchoupadás en pintura.

Un cento de alumnos debuxaron un mapamundi sina-



Imaxe da espectacular creación plástica que os estudiantes do noso instituto levaron a cabo para conmemorar o Día das Letras Galegas, baixo a coordinación da profesora María Xosé Iglesias

lando todos aqueles puntos onde existe unha Casa de Galicia. “Dado que este 2010 é ano Xacobeo quíxose representar a presenza de Galicia en todos os lugares do mundo, porque sabemos que en cada un

deles tamén se celebrará dalgún xeito este feito”, explicou María Xosé. Desta maneira, ademais da faciana de Uxío Novoneyra, autor a quen se lle rendeu homenaxe o 17 de maio, puidéronse apreciar os máis de

200 puntos repartidos nos cinco continentes onde hai algún centro galego. Profesora e alumnos agradeceron ao Concello a súa implicación nesta actividade a través da súa achega para facela real.

## Clubs de lectura no IES Ribeira do Louro

SOFÍA LORENZO /

Unha vez dixéronme que a lectura era a auténtica revolución, que nestes tempos nos que toda a sociedade anda ocupada e vive navegando na rede, a verdadeira rebelión era facer algo diferente, coller un libro e pasar a tarde lendo.

Hai uns anos, co apoio dos nosos profesores, neste centro creouse un club de lectura. Un grupo de persoas ás que non lles importaba engaiolarse nos feitos dos libros.

Este ano comezamos como outro ano calquera. Fixérone douceiros: un formado polo alumnado do primeiro ciclo e outro formado polo alumnado do segundo ciclo xunto con

SARA SILVA / AROA TORRES

Dende hai uns anos, o noso centro, o I.E.S Ribeira do Louro, conta cun clube de lectura dirixido, no primeiro ciclo da ESO, pola mestra de lingua e literatura castelá, Sara Costa, e pola mestra de lingua e literatura galega, Aurora Sobrino.

O clube, que por veces conta tamén coa colaboración de Ana Perdiguer, é unha atractiva proposta para todos aqueles alumnos amantes da lectura. Non hai que posufr ningunha cualidade especial para poder pertencer a el, agás unha, a máis importante, querer ler.

Nel poden participar estudiantes de todas as idades. O noso grupo está constituído por alumnos de primeiro e segundo da ESO e todos nós

bacharelato. Reuniámmonos nos recreos e comentabamos entre todos o que nos pareceran os textos.

Pero xa era hora dun cambio... Así os profesores idearon un novo sistema de reunión que consistía en ler un libro no que se baseara unha película, ou viceversa, e así cada certo tempo xuntámonos para mirar o filme, comentar o que nos parecera e comparalo co libro.

Ata agora vimos a película "Descubrindo a Jane Austen" que nos levou a ler o libro "Orgullo e preuxízo", vendo a película do mesmo nome. O último libro e longametraxe que disfrutamos ata agora foi "A clase", de FranÇois Bégaudeau pero está previsto

uidemos xa gozar de apaixonantes obras como: "Lúa do Senegal" (en galego) de Agustín Fernández Paz, "Usha" (en galego) de María Reimóndez, ou "Película Virgen (cuentos perversos)" (en castelán) de Jordi Sierra i Fràba.

Os títulos son moi variados e en ambas linguas. Todos os libros son escollidos polas mestras, ainda que tamén se aceptan propostas dos rapaces e rapazas do grupo. Para comentalos, os integrantes do clube acudimos a unha reunión cada mes coa finalidade de falarmos de que nos pareceu o libro, que foi o que máis nos gustou, que sentimos ao lelo... Tamén podemos deixar a nosa opinión na páxina web do instituto, no blog do clube.

En resumo, o clube de lec-



O profesor Xulio Abalde con algunas das integrantes do club de lectura deste ano (2º ciclo da ESO e educación secundaria postobrigatoria)

que antes das vacacionés nos reunamos por última vez para ver "O lector". Realmente esta iniciativa paréceme moi educativa e divertida, xa que é unha

boa forma de coñecer a máis xente que comparte os teus gustos e de compartir os teus pareceres cos demás.



As profesoras Aurora Sobrino, Sara Costa e Ana Perdiguer nunha xuntanza cos integrantes do club de lectura deste curso (1º ciclo da ESO)

tura é unha boa elección para todo aquel que queira ler e compartir as súas ideas con máis xente. ¡Recomendámolo!

Se queredes máis información sobre o clube en xeral, ou sobre as súas lecturas, entrade na páxina do instituto.

JUNIOR MANUEL ARARÚJO /

Míriam é unha adolescente de 16 anos, que vive na súa casa coa súa nai, pai, avoa e a súa irmá Jenny. Tamén a acompaña na casa un canciño.


A vida de Míriam chega a un punto en que se enche de agobios, porque ela vese gorda cando realmente pesa apenas 60 kg, e aínda por riba namórase de Boby, o seu profe de

inglés, e os seus pais están a piques de separarse.

Míriam quere ter un corpo bonito para que Boby se fixe nela, e para a viaxe de fin de curso ponse como obxectivo pesar 40 kg. E así foi, a protagonista deste libro comezou a deixar de comer moitos produtos e a cismar coas calorfas que tiñan todos os alimentos. Ela, canto más adelgazaba máis gorda se vía, e cando

chegou o día da excursión só pesaba 39 kg.

Este é un libro que hai na biblioteca do instituto e a autora chámase Marliese Arold. Persoalmente, gusto me moito e coido qu é un bo libro para que os adolescentes lean, xa que o problema que se describe parece que está de moda nos últimos anos e un só se dá conta que está sendo prexudicado cando é demasiado tarde.



Un libro interesante para que nos concienciemos do problema

## Rosalía baixo o prisma do alumnado de bacharelato

O 15 de xullo deste ano címprese 125 anos da morte de Rosalía de Castro e Órbita quíolle facer unha homenaxe moi especial. Aproveitando unha tarefa escolar que os estudantes de 1º de bacharelato debían realizar para a materia de Lingua galega, consistente na lectura e análise literaria de *Follas Novas*, decidimos facer aquí unha escolma dalgúns dos mellores traballos (todos pertencentes a este curso, agás dous casos). Este especial vainos permitir coñecer algúns dos poemas que máis impresionaron o noso alumnado e ao mesmo tempo amosaranos a excelente capacidade analítica dos nosos rapaces e rapazas. Comezamos cunha belísima descripción da nosa escritora por parte dunha alumna, realizada a partir dunha fotografía.



“Se digo Rosalía de Castro... (sóache ese nome?; e a que galego non?), estou a referirme a unha das grandes autoras da literatura universal. Aquí a temos, nesta fotografía na que loce un sorriso a medio facer, o que adoita ocorrer cando sorrimos sen desexalo, por obriga. Non hai unha felicidade que mostrar nin alegria que lle ilumine os ollos. Xa polos seus poemas adiviñamos unha personalidade melancólica e depresiva, o que nunca lle permitiu chegar a un estado de felicidade e de paz; xa pola súa obra moitos dos seus lectores pensaban que agardaba a chegada da morte coma un descanso, supón que para ela escribir era un antípicio dese descanso.

Temos visto a Rosalía, o mesmo ca nesta imaxe, cun sinxelo recollido e cunha vestimenta escura que non chama a atención e que indica que prefire pasar desapercibida; se cadra iso é o que explica a súa reticencia por publicar as súas obras e o feito de pouco antes de morrer mandase a súa filla queimar os seus textos inéditos.

Quizais se Rosalía vise agora o importante que foi para os galegos, que todos coñecen o seu nome por defendelos a eles, a súa lingua e a súa terra, sentiría unha pequena satisfacción, a de comprobar que pola súa obra toda Galicia lle estará eternamente agradecida”.

TAMARA PEDREIRA

*¿Por que, Dios piadoso,  
por que chaman críme  
ir en busca da morte que tarda  
cando a un esta vida  
lle cansa e lle afrixe?*

*Cargado de penas,  
¿que peito resiste?  
¡Cal rendido viaxeiro non quere  
busca-lo descanso  
que o corpo lle pide?*

*¿Por que si un non rexe  
as dores que o oprimen,  
por que din que te amostras airado  
de que un antre as tombas  
a frente recrine?*

*Cava lixeiro, cava,  
xigante pensamento,  
cava un fondo burato onde a memoria  
do pasado enterremos.  
¡Á terra cos difuntos!  
¡Cava, cava lixeiro!  
E por lousa daráslle o negro olvido,  
i a nada lle darás por simiterio.*

*Mais ve que o meu corazón  
é unha rosa de cen follas,  
i é cada folla unha pena  
que vive apegada noutra.*

*Quitas unha, quitas dúas:  
penas me quedan de sobra;  
hoxe dez, mañán corenta,  
desfolla que te desfolla...*

*¡O corazón me arrincaras  
desque as arrincares todas!*

*Inferno no mundo,  
e inferno sin límites  
máis alá desa cova sin fondo  
que a ialma cobiza  
que os ollos non miden.*

*Si é que esto é verdade,  
¡verdade terrible!  
ou deixade un inferno tan soio  
de tantos que eisisten  
ou si non, Dios santo, piedade dos tristes.*

“Gustoume este poema porque o seu tema é a necesidade, por parte do suxito lírico, de esquecer axiña o pasado que o atormenta, comparando ese proceso co enterramento dos defuntos. Ademais expresa o seu desexo de esquecer rápido coa constante repetición de “Cava lixeiro, cava” e “Cava, cava lixeiro”. Neste último fragmento amósase tamén a súa desesperación por conseguilo mediante o uso de exclamacións”.

M<sup>a</sup> LUISA MUÑOZ

“Neste texto exprésase o lamento do suxeito lírico cara á persoa que a pretende consolar, xa que como ten o corazón cheo de mágoa, por moito que esa persoa a axude, por moito que conseguiuse retirar do seu pensamento todas esas penas que lle fan mal, en realidade arrincáranlle o corazón, quitaránlle a vida. Para a voz que fala no poema, esas angustias e preocupacións conforman todo o que ela coñece, o seu día a día, e xa non imaxina unha vida sen elas.

Marabíllame a imaxe que utiliza a autora para describir unha realidade que atopamos en todos nós, porque dar a esquecemento as penas, non o pode negar ningún, é un proceso difícil e doloroso, e aínda cando cres que xa están superadas queda no corazón un oco, como o deixado por unha folla arrincada dunha rosa, que é imposible de encher, e permanecerá aí por sempre, ferindo”.

IAGO PRADO

### Amores Cativos

Era delor i era cólera,  
era medo i aversión,  
era un amor sin medida,  
¡era un castigo de Dios!

Que hai uns negros amores de índole pezoñenta  
que privan os espíritos, que turban as concencias,  
que morden si acariñan, que cando miran queiman,  
que dan dores de rabia, que manchan e qu' afrentan.

Máis val morrer de friaxen  
que quentarse á súa fogueira

### DE BALDE...

Cando me poñan o hábito,  
si é que o levo;  
cando me metan na caia,  
si é qu'á teño;  
cando o responso me canten,  
si hai con que pagarle ós cregos,  
e cando dentro da cova...  
¡Que inda me leve San Pedro  
Se só ó pensalo non río  
Con unha risa dos deños!  
Que enterrar han de enterrarme  
anque non lle den diñeiro...!

### ¡TERRA A NOSA!

#### VI

¡Si, si! Dios fixo esta encantada terra  
pra vivir e gozar;  
pequeno paraíso, este é un remedio  
do que perdeu Adán.  
Este prácido sol que nos alumia,  
estes aires do mar,  
este tempo soave, estas campás  
que non teñen igual;  
esta fala mimosa que nós temos,  
de tan dose solás  
que non sabe decir si non cariños  
que hasta os corazóns van;  
esta terra, n'hai duda Dios a fixo  
pra ser amada e amar.  
¡Ei!, Galicia, a que dorme soños de ánxeles,  
e chora ó despertar  
bágoas que, si consolan as súas penas,  
non curan os seus mals!

Afirmación de orgullo e satisfacción por parte de Rosalía ao falar de Galicia. Neste texto a autora séntese chea de ledicia e moi namorada da súa terra.

Neste poema Rosalía explica moi ben o que é Galicia e as características que a fan diferente. Sen dúbida, a parte que máis me gustou foi aquela na que fala da lingua galega. Ela definea como unha fala mimosa, que só sabe decir cariños e sempre chega aos nosos corazóns. O máis curioso é que estes versos fixeron que cavilara sobre o tema, porque o que si é certo é que unha das cousas que máis me gustan da miña avoa é cando, co seu sorriso nos beizos, se dirixe a min chamándome "miña rula", palabras pronunciadas con tanta dozura e cariño, que chegan ao corazón. Por iso aquel que áñda hoxe en día pensa que a nosa lingua é un idioma vulgar, non sabe o que di.

LAURA NORIELLA

Este poema pódese interpretar no senso de que "hai amores que matan". De feito, hai pouco recitouse este poema nun acto no que se denunciaba a violencia de xénero. Mais o fascinante da obra de Rosalía é a multiplicidade de lecturas que ofrece. Vexamos estoutra interpretación do mesmo texto por parte desta alumna:

"O tema deste poema coido que é o desprezo e a aversión polos amores apaixonados, que son tratados como algo completamente negativo para as almas. Paréceme moi interesante que Rosalía, áñda sendo unha muller adiantada ao seu tempo, se vexa tan influenciada pola moral da época como para amosar un sentimento no que eu interpreto tanta escuridade. Chama a atención este rexixitamento tan profundo cara aos amores que na época na que o poema foi escrito se consideraban ilícitos, porque dá a sensación de que ela se chegara a ver perturbada polos danos que transmiten. Para mim é tamén unha proba desa fonda moral cristiá que inundaba a Rosalía e que non deixa tamén de sorprenderme por ser a Igrexa unha das grandes opresoras de Galicia en determinado momento. A opinión da autora sobre este tema resulta hoxe case imposible de compartir por ser unha óptica que nos queda xa moi lonxe".

MARTA ALONSO

Burla da autora cara a todos aqueles que fan que algo tan natural e polo que habemos de pasar todos, como é a morte, poida chegar a ser tan caro que as clases sociais con menos recursos non poidan permitirse semellante "luxo".

É un divertido poema que trata un dos temas más contradictorios que podemos atopar: o cobro pola morte. Que lóxica ten que che cabren polos gastos derivados de algo que non podes evitar? Realmente é algo que chega a provocar gargalladas pero á vez é unha cuestión moi seria: que fai unha persoa que non ten diñeiro para un cadaleito ou para un nicho? Eu apúntome á opción que dá Rosalía, quen sabiamente di: "(Dáme o mesmo) que enterraran han d'enterrarme / anque non lle den diñeiro".

IAGO PRADO

### VIVIR PARA VER

Marcháchete un día  
ti, aquel que eu quería,  
fuxiste da terra  
que tanta alegría  
i encantos encerra.  
Dixeches: "María,  
máis dose que as meles,  
máis linda que as frores,  
paloma sin feles,  
non chores, non chores,  
que ausencia envivece,  
non mata, n' esquece,  
os doses amores,  
que a dicha axuntou.  
¡Eu voume..., mais si ora  
delor nos ofrece  
fertuna treidora,  
jamás te olvidara  
quen tanto te adora,  
quen tanto te amara.

¡Adiós, miña vida!  
No peito escondida  
te levo, ante tanto  
non torno a te ver,  
¡Ti espera!, pois xuro  
por Dios sacrosanto,  
que si non morré,  
aquí hei de volver.  
Morrer, non morreche...  
i anque eu esperara...,  
¡que ben que compriche,  
palabra que diche,  
amor que tiveche!  
Que os anos pasaron,  
as frores mucharon,  
os negros cabelos  
en brancos tornaron,  
e nunca máis, nunca,  
¡poder d'un querer!,  
quixeches volver...  
Vivir para ver.

A promesa incumprida dun mozo que suponemos emigrante de volver a carón da súa amada e a decepción dela ao verse avellentar agardando por el.

Na miña opinión este é un tema especialmente crudo dentro da poesía de Rosalía e que ela plasma nos seus poemas dun xeito moi especial. Eu non podo nin imaxinar o sufrimento das persoas que, como os amantes do poema, tiveron que separarse e resignarse a algo tan duro como o esquecemento. Esta artista ten un don especial para nos facer sentir estas penas, para facer que nos doian estas feridas da emigración que en moitas ocasións áñda seguen sangrando.

MARTA ALONSO



## XAN

Xan vai coller leña ó monte,  
 Xan vai a componer cestos,  
 Xan vai a poda-las viñas,  
 Xan vai a apaña-lo esterco,  
 e leva o fol ó muíño,  
 e trai o estrume ó cortello,  
 e vai á fonte por augua,  
 e vai á misa cos nenos,  
 e fai o leito i o caldo...  
 Xan, en fin, é un Xan compreto,  
 desos que a cada muller  
 lle conviña un polo menos.  
 Pero cando un busca un Xan,  
 casi sempre atopa un Pedro.

Pepa, a fertunada Pepa,  
 muller do Xan que sabemos,  
 mentres seu home traballa,  
 ela lava os pés no rego,  
 cáttalle as pulgas ó gato,  
 peitea os longos cabelos,  
 bótalles millo ás galiñas,  
 marmura co irmán do crego,  
 mira se hai ovos no niño,  
 bota un ollo ós mazanceiros,  
 e lambe a nata do leite,

e si pode bota un neto  
 ca comadre, que agachado  
 traillo en baixo do mantelo.  
 E cando Xan pola noite  
 chega cansado e famento,  
 ela xa o espera antre as mantas,  
 e ó velo entrar dille quedo:  
 -Por Dios non barulles moito,  
 que me estou mesmo morrendo.  
 -¿Pois que tes, ña mulleriña?  
 -¿Que hei de ter? Deita eses nenos,  
 que esta madre roe en min  
 cal roe un can nun codeño,  
 i ó cabó ha de dar comigo  
 nos terrós do simiterio...  
 -Pois, ña Pepa, toma un trago  
 de resolio que aquí teño,  
 e durme, ña mulleriña,  
 mentres os meniños deito.

De bágoas se enchen os ollos,  
 de Xan ó ver tales feitos;  
 mas non temás, que antre mil,  
 n'hai más que un anxo antre os demos,  
 n'hai más que un atormentado  
 antre mil que dan tormentos.

## PASADE

Brila, raio da aurora,  
 cal un sono de paz branco e purísimo.  
 A aquel que naceu cego, ¿que lle importa  
 o teu fulgor divino?

Xemí, serenas ondas,  
 co romor dos pinares.  
 Músicas, ¡ai!, e cantos i armonías,  
 para un xordo, ¿que valen?

Pasá, pasade, hermosas,  
 feitizo dos que esperan e dos que aman.  
 Amores e praceres son mentira  
 pra quen ten seca a alma.

O suxeito lírico expresa a súa imposibilidade de ser feliz, tal e coma se fose un verdadeiro incapacitado nos aspectos máis pracenteiros da vida.

TANIA NOVO

Dende aquí vexo un camiño  
 que non sei adónde vai;  
 polo mismo que n' o sei,  
 quixérao poder andar.  
 Istreitiño sarpeantea  
 antre prados e nabals  
 i anda ó feito, aquí escondido,  
 relumbrando más alá.  
 Mais sempre, sempre tentándome  
 co seu lindo crarear,  
 que eu penso, non sei por qué,  
 nas vilas que correrá,  
 nos carballos que o sombrean,  
 nas fontes que o regarán.  
 Camiño, camiño branco,  
 non sei para dónde vas;  
 mais cada vez que te vexo,  
 quixería poderte andar.  
 Xa collas para Santiago,  
 xa collas para o Portal,  
 xa en San Andrés te deteñas,  
 xa chegues a San Cidrán,  
 xa, en fin, te perdas...¿quén sabe  
 en dónde?, ¡qué más me dá!  
 Que ojallá en tí me perdera  
 pra nunca más me atopar...  
 Mais ti vas indo, vas indo,  
 sempre para donde vas,  
 i eu quedo encravada en onde  
 arraigo ten o meu mal.  
 Nin fuxo, non, que anque fuxa  
 dun lugar a outro lugar,  
 de min mesma, naide, naide,  
 naide me libertará.

ANDREA LIMA

## Dúas valoracións sobre o conxunto do libro “Follas Novas”

“A miña primeira impresión cando souben que tiña que ler este libro foi de pouco entusiasmo. Pensaba que tan só sería un libro de poemas como outro calquera e, xa que a poesía non é o meu forte, non estaba moi leda.

Pero trabuqueime; as poucas ganas que tiña de ler este libro foron tornándose en ganas de seguir avanzando no poemario. Fun adentrándome nas páginas á vez que sentía a dor e a caraxe ou nalgún caso a ledicia que a autora nos quería transmitir. Os pensamentos que ela escribiu quedaron plasmados no papel e inmortalizados para que máis adiante calquera de nós puidese gozar e entender un pouco máis todo aquilo ao que, ás veces, non damos tanta importancia pero que dun xeito ou outro marcou o que agora somos”.

MARÍA SAA

“Eu nunca fun, en realidade, unha grande afeccionada á poesía, da miña preferencia foi sempre a prosa e, non obstante, a obra que acabo de ler foi diferente. Este poemario impresionoume pola fonda carga negativa que leva; transmite unha visión francamente escura e terrible que chega, certamente, a facerse monótona, tal e como ela di no seu prólogo. Con todo, lendo estes poemas puiden ver e sentir a nosa terra noutro tempo, un tempo cheo de inxustias e desgrazas que sufrieron os nosos devanceiros, e iso foi algo que me impresionou fondamente en poemas que trataban temas como a emigración, nos que puiden sentir os pesares e dores daqueles tempos. Rosalía tiña un don para isto, para amosar as dores das xentes, e iso ponlle unha nota de encanto especial ás súas obras. Por iso non podo por menos que dicir que foi un poemario moi fermoso.”

MARTA ALONSO

O desexo do suxeito lírico de fuxir de si mesmo e dos seus pensamentos. A persoa que fala no poema vese tentada a darlle un cambio radical a súa vida, collendo outro camiño que a faga esquecer ou perderse nel, ainda sen saber o que se pode atopar.

É por mor dese sentimento de angustia e desexo de esquecer que as persoas serían quen de deixalo todo e coller outro vieiro sen saber onde irá parar. Coido que é algo que podería acontecer nunha chea de ocasións, pero ao final case nunca te arriscas a emprender esa viaxe con destino ao descoñecido.

JENNIFER RODRÍGUEZ

## MILENA AGUS OU A ARTE DE EVITAR AS TRABADELAS DA VIDA

Milena Agus é unha profesora italiana que vive e traballa en Cagliari (Sardeña) e é autora de varios libros que a revelaron coma unha grande escritora que triunfa no panorama literario internacional.

Muller dunha grande timidez, ten a virtude de atopar en poucas palabras o corazón das cousas e é quen de crear un mundo absolutamente fascinante, orixinal e sempre inconfundible que atrapa ao lector coas frases más simples e as historias más cotiás, nas que mestura sempre, e "ate o infinito", a tenrura coa cruidade, o encanto co desencanto, a felicidade más exultante coa dor máis desgarradora...

Emprega como escenario unha Sardeña luminosa, de vento maestral e mar brillante, profunda, máxica, idílica, ainda que só en ocasións... Porque neste paraíso de luz mediterránea, a vida desenvólvese entre as sombras da dor, da desesperación, da frustración... dunhas personaxes fráxiles, inadaptadas, de espíritos mutilados, afieitos a convivir coa ameaza do suicidio

como única tábua de salvación. Non obstante, a pesar de que este se fai efectivo nalgúns ocasions, a literatura de Milena Agus zumeaga un optimismo contaxioso que exalta valores coma o da familia e a amizade que nos amparan, o amor que nos salva da loucura, a literatura e a música que nos permiten transcender a realidade e achegarnos á plenitude, o pracer sexual e poder reconfortante dunha boa comida sarda... Este vitalismo aparece envolto nun estilo sutil, conciso, afastado de alardes retóricos pero intenso e verdadeiro.

Na súa traxectoria literaria destacañ catro títulos dos que faremos a seguir:

*Mientras dorme a quenlla*, o seu primeiro libro, é unha novela curta, sensual, emotiva e divertida, chea de metáforas sobre os retos que día a día se nos presentan. Cántanos a vida dunha familia pouco convencional, estraña que, malia todo, coma calquera outra familia de calquera outro país sofre o axexo da quenlla, metáfora da vida, un tiburón xigante, de dentes afiados e que non parece durmir nunca esperando a que alguén se descoide

para o devorar. Os protagonistas, coma todos, tentan manter dumido o tiburón no seu camiño cara á felicidade, ao longo do cal nos atopamos cara a cara coas súas misérias, coas ataduras físicas e psicolóxicas que, ás veces, poden destruílos.

*Mal de pedras* é, ata o de agora, a novela de maior éxito da autora. O "mal de pedras", pedras no río, é a enfermidade que sofre a protagonista pero é tamén unha metáfora das pedras da vida que todos levamos dentro e que, o mesmo que as do río, temos que desfacer e ir expulsando para poder vivir sen a dor que provocan. A protagonista consegue superar a enfermidade, só dende o plano metafórico, coñecendo aquilo que máis ansiaba e que lle parecía vedado: o amor, aínda que a historia sofre un xiro inesperado nas últimas páxinas do libro, entrando, entón, en xogo a literatura e a imaxinación como elementos conformadores da realidade.

As ás de meu pai ten, como *Mal de pedras*, unha narradora adolescente que conta, baixo forma de diario, a vida de Madame, propietaria dun terreo obxectivo dos especuladores

inmobiliarios.



*La contessa di ricotta traxiuse ao castelán cun título moi diferente do orixinal: La imperfección del amor*

amor fan dela unha fermosa meiga dos nosos tempos.

*A condesa de manteiga* (editada en castelán como *La imperfección del amor*) é a última novela de Milena Agus. A través das súas páxinas asistimos a un fragmento da vida "imperfecta" de tres irmás que loitan contra esa imperfección, ao mesmo tempo que un certo fatalismo percorre as páxinas do libro para acabar desaparecendo fronte ao triunfo da ilusión.

Dolores Méndez

Departamento de Lingua Castelá

## CADERNO DUN LECTOR (IV)

Esta é unha pequena historia persoal. Sen deixar de ler porque a oferta de lecturas é ampla, e por suposto, nesa vasteza de opcións, non sería xusto dicir que non exista resposta a toda esixencia. Conforme unha persoa vai lendo crea un corpus que chega por diferentes roteiros: mencións dos autores, críticas literarias, conversas con outros lectores, revistas especializadas, libros que falan de libros, a curiosidade persoal, a investigación...

Este corpus concrétese nun índice de autores e títulos que responde a un perfil literario consono o lector: o uso da narración, a novidade estrutural, as temáticas, os riscos assumidos polos escritores, as valoracións críticas, os premios de prestixio -nacional, da crítica...-, as recensións de escritores consagrados, a propia intuición do lector... son os factores condicionantes.

O seguinte paso é buscar os libros desexados. Arroupado pola inxenuidade este lector vai ás librarías con maior oferta de actualidade e clásicos e pensa que só tocará refrear a orde de mercados.

Primeira sorpresa: do listado elaborado de 40 títulos, soamente ten dispoñibles 4 (un mísero 10 por cento da súa petición). A satisfacción vai durar pouco. Aldraxada a inxenuidade coa que se acudiu, tentase un segundo intento: deixar feito un pedido, dos 36 libros restantes. Acontece unha das maiores dores. Agás seis títulos, que si quedan reservados (ou sexa un 15 por cento das obras que fallan por adquirir), os demás están descatalogados.

gados ou con extrema dificultade para adquirilos.

Segunda etapa: iníciase unha peregrinaxe por librerías de vello na contorna, recuperando a exaltación e o ánimo, nunha das falan de ter uns 40000 volumes. Despois de revisións de fondos, de perderse na inmensidez dos andeis, de solicitar a axuda do persoal do establecemento, ten a súa disposición sete títulos (ao redor dun 33 por cento dos libros restantes).

Terceira xestión: consigue enderezos doutras casas de vello pola xeografía do territorio español, e ciscados por todo estado, ten librerías, ciudades, rúas, números... de 20 dos 23 títulos restantes. Loxicamente á espera de facer turismo ou atopar un intermediario que facilite o labor, porque doutro xeito, o encarecimiento, por mor de transporte, será desorbitado.

Último sobresalto: como poden estar descatalogadas obras de autores fecundos, exitosos, e por riba de todo, de gran calidad literaria?


Vai o listado (que tanto desvelos ocasionou): é da Literatura Española e Hispanoamericana, faise mención por países:

**Arxentina:** "El entenado", de Juan José Saer; "La liebre", de César Aim; Rosaura a las diez", de Marco Denevi; "Museo de la novela eterna", de Macedonio Fernández; "Adán Buenosayres", de Leopoldo Marechal; Autores reivindicados: Rodrigo Fresán, Ricardo Piglia e Tomás Eloy Martínez.

**Colombia:** autor reivindicado, Fernando Vallejo.

**Cuba:** "Cobra", de Severo Sarduy

**México:** "Confabulario definitivo", de Juan José Arreola; "Los de abajo", de Mariano Azuela; "Noticias del imperio", de Fernando del Paso; Autores reivindicados: Juan Villoro e Jorge Volpi.




**Perú:** "El mundo es ancho y ajeno", de Ciro Alegria; "Los ríos profundos", de José M. Arguedas; "Reo de nocturnidad", de Alfredo Bryce Echenique.



**República Dominicana:** "Solo ceniza hallarás (bolero)", de Pedro Vergés.

**España:** "El río de la luna", de José M. Guelbenzu; "Escuela de mandarines", de Miguel Espinosa; "Las piñas", de Miguel Sánchez-Ostiz; "Larva. Babel de una noche de San Juan", de Julián Ríos; "Fuegos con limón", de Fernando Aramburu; "Conocerás el poso de la nada", de José Luis Castillo-Puche; "Los galgos profundos", de Corpus Barga; "Antagonía -tetraloxía-" e "Estela de fuego que se aleja", de Luis Goytisolo; "Guarnición de silla", de Alfonso Grossó; "Teoría del zumbel", de Benjamín Jarnés; "El grano de maíz", de José Jiménez Lozano; "Las últimas sombras", de

Ángel Lertxundi;



"Ladrón de lunas", de Isaac Montero; "Las historias naturales", de Joan Perucho; "Te dejo el mar", de Carme Riera; "Incierta gloria", de Joan Sales; "Las bailarinas muertas", de Antonio Soler.



**Os tres "imposibles":** "Silvio en el rosedal", de Julio Ramón Ribeyro (autor peruan); "Gracias por la propina", de Ferrán Torrent e "La ruina del cielo", de Luis Mateo Díez.



Notarase que nese listado non hai ningún autor galego. A razón é que todos os autores, que responden os perfís establecidos, están en circulación.

Con todo, esta brevíssima historia agriada pesa en positivo. A descuberta de tesouros agachados anega a tristura. Vaia en boa hora, que xa está proxectada unha nova viaxe.

Xulio César Abalde García

Departamento de Lingua Castelá

Texto: MARTA ALONSO

Ilustración: ANTÍA GONZÁLEZ

Esta maña espértanme dous nenos, pois, berrando a todo berrar: foxen dun pequeno can que, recén ceibado pola súa dona, os persegue. Río un pouco, pero deseguida o frío infernal e más a dor na perna fulminan a miña pequena pinguiña de felicidade. Érgome lentamente, non teño presa, e comezo a camiñar trenqueleando polas rúas de Vigo. Hai días tropecei de noite nun desnivel da rúa e escochei un pé. Magóame máis por cada día que pasa pero non quero ir ao médico. Morrería de vergoña. Con estas guedellas ensarilladas que hai meses que "non olen un peite" e esta roupa porcallenta que non cambio dende que dende que estivera naquel fogar de acubillo. Serfa aldraxante presentarme así nun médico, cheo de xente da marabillosa clase media que leva alí ós seus pequechos para que lles certifiquen que a dor da caluga só é unha mala postura na cama. Se aparecese sería horrible, exactamente como vai ser agora mesmo, que entro nun bar na procura de algo quente que levar á boca. Ás oito da mañá todo está pechado agás estes bares de xente traballadora e ademais, aínda que estivesen abertos os comercios, nun oitenta por cento deles botaríanme educadamente. Xa coñezo este bar, e tamén o único motivo que fai que ature estas miradas cheas de crueza que me dirixen o resto dos clientes; esas miradas de desprezo coma se, polo feito de que a vida se estivese rindo de min xa hai tempo, fose a facerlles mal. Ás veces, tentame o demo de berrarles a todos que eu tamén un día fun coma eles, que tamén un día almorcei café e bolos nun bar coma aquel, que tamén tiña traballo, familia e amigos cos que compartir unha cervexa e que nada diso é para sempre.

En fin, o único motivo é ela, Julia, a camareira. Non é dona do local, e aínda así, de vez en cuando escapa cun café ou un anaco de pan para min. Na actualidade é a única persoa que me trata como un igual, que non me pon cara de noxo cando me achego. É unha muller belida e alegre, unha das persoas agradables que te poden facer sentir ben aínda que xa non sexas nada, coma min. Sei de sobra que está casada e que é feliz na súa familia e aínda así non podo evitar... amala. Pero ámoa como se ama a unha deusa, o meu maior desexo é que siga sendo feliz e estando alegre, e algún día aparecer no bar cun traxe novo e cartos para pagarlle o café e dicirlle: "Julia, hoxe convidó eu". É o que más quixera na miña vida. Saio do bar despois dun anaco, cunha quentura marabillosa no estómago polo café que me regalou. Hoxe tiña cartos para pagarlle, por unha vez, pero ela dixo que non pasaba nada, que o deixara estar, que de todas formas fan rematar tirando o café. Sei que non é certo, que é simple piedade, pero non quero darlle voltas ao tema. Sigo vagante pola rúa. Non sei que vou facer hoxe, realmente non teño nada en absoluto que facer. Meto un momento as mans lañadas no peto, para ver se consigo libralas deste frío horrible que se mete nos ósos e que me provoca arrepíos por todo o corpo, e topei co meu tesouriño: un pequeno peón de xadrez de cor prata que regalaban co Faro hai xa tempo e que un día, nun parque, viñera regalarme un neno; é o más bonito que teño e gárdoo moi gárdadiño, pois iso xunto cos tres euros cincuenta e sete céntimos que xuntei onte pola noite, constitúen a miña facenda total. Non teño nada máis no mundo.

Debo procurarme mantenza para hoxe, e para iso terei que pedir. É a parte máis odiosa desta existencia, aínda peor cás miradas de noxo dos clientes dos bares e peor que os comentarios pezoñosos das adorables mamás que levan os seus nenos aos parques onde eu paso as noites ás veces. Esas mamás que lles susurran, tentando que eu non me dea conta, que se afasten de min, que son un señor malo; e cuando eles ás veces no medio dos seus rebuldos polo parque se achegan a min sen se decataren, deseguida botan a correr cara as súas adorables mamás, que lles dan un caramelo para tranquilizalos. Pedir é aínda peor que todo iso. Todas as persoas do mundo deberían facelo polo menos unha vez na vida, seguramente despois lle darían moito valor a todo o que teñen; o sentimento de pena por un mesmo é noxento, pero fai ver as cousas doutra forma.

Hoxe non puiden xantar. Só para a hora da cea dei xuntado dous euros e tres céntimos que, co que tiña de antes, me chegaron para un bocadillo e unha botelliña de auga, e aínda puiden aforrar algo. Noto que vai escurecendo máis e máis segundo se vai densificando o meu bafo: xa é hora de buscar algún lugar onde durmir, e con estas temperaturas terá que ser amoreado con outras moitas persoas da miña condición nunha calella para non morrer de frío. Segundo chego, escotto un forte salouco e moitos berros. Algunha risa tamén forma parte da orquestra daquel lugar. Busco un recuncho no que acomodarme para poder durmir e unha vez estou tumbado, nunha zona bastante baleira, comezo o pesadelo de todas as noites, o pensar e darlle voltas á testa sen parar. Penso en como cheguei aquí, ao último inferno, en como as esperanzas se esvaeron devagar e como pouco a pouco vou caendo na maldición de aceptar esta situación, como pouco a pouco perdo as ganas de loitar por algo mellor nun mundo que desde aquí se ve moiito más cruel, más frío, e más absurdo, e penso en como pouco a pouco vou caendo no esquecemento de quen fun e perdendo, polo tanto, o único que me ataba por un fío de seda á vida.



## O SOÑO

Texto: TAMARA PEDREIRA

Ilustración: FLORENTINA CASTAÑO

Sentía a quentura do sol sobre a pel dos brazos, das pernas e da cara. Tamén oía o son das ondas do mar moi preto de onde me encontraba e o cheiro a salitre chegaba a miñ con cada sopro do vento, que provocaba que o meu cabelo en movemento me fixera cóxegas na cara.

Por vez primeira abríñ os ollos e a luz que ceibaba o sol cegoume por uns segundos nos que non puiden ver ren. Cando os meus ollos puideron enfocar mellor, distinguíñ un ceo perfectamente azul salpicado dunhas albas e esponxosas nubes. Erguinme e quedei sentada nun chan cuberto de herba. Pestanexei varias veces xa que non daba crédito do que vía. Por algúna razón sabía que estaba soñando pero a verdade é que esa belida paisaxe que contemplaban os meus ollos parecía certa.

Estaba sentada nun campo a carón do mar, o cal estaba nunha perfecta calma. Mirei ó meu redor e vin que un monte cunhas árbores de cor verdecente se abría camiño no lado dereito do campo; no esquierdo o campo estendíñase ata formar un pequeno cabo, o que facía que a pequena praia tivera forma de media lúa.

Mireime a miñ mesma e deime conta de que levaba un sinxelo vestido de seda branca que me chegaba ata os xeonllos. Tamén me decatei de que fá descalza.

Púxenme en pé e sentín a herba quente polo sol na planta dos pés. Había un obxecto que desentoaba coa paisaxe, non porque fora algo pouco habitual nun contorno así, senón pola abrumadora sensación de soildade que ceibaba o lugar. Polos arredores non se distinguía ningún tipo de presenza humana, pero alí estaba ese obxecto que tanto me abouzába coa súa presenza: un simple banco de madeira.

Sen saber moi ben por que, camiñei onda el e senteime. Sentada no banco puiden ver que unhas escaleiras, tamén feitas en madeira, levaban á praia. Un sopro de vento fixo que o cabelo se me metera nos ollos e cando conseguíñ apartalo da cara, vin que no mar, no que antes non había outra cousa que o reflexo do ceo, agora podía apreciarse algo nunha zona máis afastada e escura, ó carón dunhas rochas sobresaíntes, que provocaba un lixeiro chapoteo e que facía aparecer espuma.

Con curiosidade fixen baixar polas estreitas escaleiras de madeira os meus pés descalzos ata chegar a pisar a area tan branca coma a miña pel, o que provocaba unha visión desconcertantemente monocroma. A area era suave e agradable ó tacto. A marea estaba alta e nuns poucos pasos a auga cristalina xa cubría os meus pés ata os nocellos. Percorrín a pequena praia en forma de media lúa ata situarme en fronte da zona escura que estaba na auga. Metinme no mar ata que a auga me chegou á altura dos xeonllos, mollando o vestido. Había demasiada escuma como para poder distinguir o que alí había. Dubidei entre achegarme máis ou non. A curiosidade dicíame que o fixera pero a medo mantíñame no sitio. Ó final gañou a curiosidade e achegueime un pouco mais ata ter o nivel da auga cubríndome ata a cintura. De súpito esos impetuoso movementos tornáronse nunha calma parcial na cal distinguíñ quen era o causante dese balbordo, máis ben tería que dicir a causante. Era unha moza cun cabelo dun intenso vermello que parecía intentar saír da auga pero non era capaz. Os seus ollos verdes craváronse nos meus e unha mirada suplicante formouse na súa cara.

-Por favor, axúdame a saír da auga. Teño o pé atrapado e non podo saír.

A súa voz soaba desesperada e sen pensalo nadei cara ela. Todo foi tan rápido que nin me deu tempo de preguntarme que facía esa rapaza alí. Afinda que non estabamos moi lonxe da beira, case non



tocaba cos pés no fondo. Agarrámonos das mans e intentei tirar dela, pero sen resultado. A moza parecía cansada. Non podería aguantar moito, nin sequera agarrándose a rocha que había ó seu carón. Sen pensar mergulleime no fondo e mirei o seu pé atrapado nun buraco que había entre as rochas. Intentei puxar del pero ela empuxoume ca perna ceibe. Subín á superficie en busca de oxíxeno.

-Magóame moito se me tiras do nocello.

-Non podes aturar a dor un pouco? –preguntei intentando pensar rápido nunha maneira de sacala de alí.

-Non, non me tires. Non rexo esa dor. –dixo saloucando asustada.

-Temos que facer algo, a marea está subindo...

Todo cambiara moito. Onde estaba o sol e a calma do mar? Onde se achaba aquel paraíso no que espertara eu? Agora todo tornara por completo. O ceo cuberto de nubes grises, o vento soprando en fortes sacudidas, as árbores movéndose con violencia ó son do vento e o mar embravecido. Xa non quedaba nin pinga daquela quentura que antes había no celme do aire. Mentre a moza e eu nos agarrabamos á rocha para manternos a flote e intentaba dar coa solución que a sacara de alí, vin de esguello unha figura escura sentada no banco.

-Mira, alí hai alguén! Vou pedir axuda. Xa volvo.

Nadei ata a beira do mar, non sen dificultade, pero consegúin chegar. A roupa mollada facía que me fora más complicado andar e agora fá un frío que facía que me castañolearan os dentes.

-Por favor, que alguén nos acuda. Por favor, hai unha moza que está en perigo.

Ante todo isto a figura permanecía impasible. Como non se movía, subín as escaleiras e vin que se trataba dun mozo. Ia completamente vestido de negro, a cor do seu pelo era igual ó da roupa, o que facía unha gran contraste coa súa pel da cor do xiz. Os ollos eran dunha intensa cor azul.

Achegueime onda el e intentei explicarlle que aquela rapaza fá afogar se non a quitabamos de alí, pois a marea seguía a subir e acabaría por cubrila. Ningún intento meu fixo que o rapaz se movera. Collino polos ombreiros e presa do pánico comecei a zarandearlo pero el seguía a fitar cara ó mar coa mirada perdida. Pasóuseme pola cabeza que igual estaba nunha especie de shock e decidín darlle unha labazada para sacalo del. Antes de que a miña man chegase a tocarlle a cara a súa man estaba parando o meu ataque.

-Será mellor que esteas quieta. Non queiras acabar ti coma ela –dixo cunha voz fría que me producía arrepios. Soltoume e aparteime del.

-Pero que dis? Non pensas axudarnos?

## LEMBRANZAS

Texto: MARÍA SAA

Agora que todo rematou, agora que para min xa non quedan esperanzas de ter un futuro mellor, estou a piques de subir ao tren. Todo por culpa desta guerra terrible que levou os bos para deixar sen castigo os culpables.

O tren ponse en marcha e ao ollar para a fiestra non pudo dar a esquecemento todos esos recordos, e dóeme porque o único que eu quixera é escorrentar de min todas as lembranzas dela.

Nunca esquecerí aquel día de verán no que a coñecfn. Eu tornaba da mili e, de novo no pobo, quisen percorrer todos aqueles lugares nos que, máis dun ano atrás, deixara a miña infancia. O que máis me gustaba era subir ata aquel penedo tan alto, alá no medio do monte, rabuñándome coas silveiras. Pero érame igual, estaba tan ledo de voltar á vila! Despois dun bo pouco contemplando todo dende aquela perspectiva tan fermosa, baixei á praza. Supuña que alí me atoparía cun gran balbordo pero ao chegar alí nada máis que estaban algunhas mulleres e o crego, que ao verme me saudou cun sorriso. Sentinme un pouco magoado ao non atopar a ningún dos meus amigos, pero todas as coitas marcharon de min no mesmo momento no que a vin. Estaba tan belida! Os cabelos louros caíanlle polas costas, mentres o sol da mañá iluminaba as súas meixelas rubias. Ela dirixíase á tenda e eu, como hipnotizado, collín un ramallo de flores e espereina. Cando saíu, loitando contra a vergoña, erguinlle as flores e pregunteille: "Lémbraste de min?". Por suposto que si. Aínda que daquela eramos pequenos, mirábaa xogar coas súas amigas mentres eu tiraba a buxaina ou disputaba un partido de fútbol cos meus. Falamos durante un bo anaco lembrando vellos tempos.

Os días fan pasando e canto máis avanzaban, máis ganas tiña de voltar a vela. Por sorte atopeina un día cando fa camiño á fonte. A partires dese intre, como por un cadar, quedamos sempre alí. Paseabamos, falabamos da súa vida, dos seus pais, dos seus costumes e de cando en vez eu contáballe anécdotas do meu tempo na mili. Encantábame escoitala, falaba con esa voz tan doce... Eu sempre lle dicía que parecía un paxariño.

A medida que os meses pasaban e o noso amor medraba, unha guerra asomaba o seu bico para, máis tarde, tintar de negro os pobos e cidades polos que pasaba. Nós pensabamos casar en canto tivésemos oportunidade, para unir as nosas vidas dun xeito definitivo.

Aquel día erguérame contento, xa só quedaban un par de semanas para a voda e eu era a persoa más feliz do mundo. Pero todo se tronrou cando abrína aquela carta que a miña nai me dera cun xesto de pre-

(vén da páxina 51):

-Non, ela ten que morrer. Ten que unirse a min para poder ser dúas almas vagantes. Os dous xuntos.

El seguiu alí sentado e eu pola contra fun correndo ata chegar ó mar e nadei onda a moza de pelo vermello. A marea xa subira nos poucos minutos que estivera ausente e agora xa lle chegaba a auga polo queixo.

-É el, non si? Non nos vai axudar, va que non? –preguntoume e para a miña sorpresa estaba mais serena que cando a deixara alí.

-Non. Pero quen é? Coñécelo? –preguntei mentres a sostiña pola cintura para que non se cansase tanto.

-El quere que morra para que poida estar con el. Para que non teña que estar só. Vou morrer –dixo coa mirada posta na figura negra do rapaz que agora estaba de pé a carón do banco.

-O que? Non digas parvadas. Tí vas saír de aquí e eu vouche axudar. Intenta aguantar a dor. Vou intentar quitar o nocello do burato.

Nin sequera esperei a que lle dera tempo dicir nada. Somerxinme e volví intentar quitar o nocello da rapaza da súa prisión. Estaba cuberto de sangue. Tiven que saír varias veces á superficie. Intentei sacar de alí empurrando, tirando da moza, quitar as pedras... pero nada do que intentei funcionou. Ó saír de novo á

ocupación. Lina. Levaba moi tempo temendo recibir aquela carta, esas verbas que me dicían que nunha semana, ao máis tardar, me tiña que alistar no exército para loitar contra outros homes que defendían as súas ideoloxías e que tamén tiñan unha familia nunha guerra que non tiña nada de civil, nunha guerra que derrubaría persoas, cidades e soños.

Eu non sabía como lle fa decir a ela, sabía que non fa rexer a dor que lle provocaría a miña marcha. Pero prometinlle que en canto a quel pesadelo rematase, todo voltaría a ser coma antes.

Naquel inferno, entre disparos, loitas e moitas mortes non había un segundo no que non pensase nela. Cada noite dende o campamento escribíalle; poucas veces obtiña resposta pero cada carta que recibía dela era a forza que precisaba para resistir. Nunha das primeiras díxome que estaba embarazada; esa nova fixome sentir moi feliz, a pesar das circunstancias que me rodeaban.

As cousas alí cada vez fanse polo máis complicadas e eu pensaba que era a escaseza o motivo de que xa non recibise cartas súas. Aquela guerra parecía non querer rematar nunca e a min cada vez fallábanme máis as forzas. Un día de correo, despois de moito tempo, recibín unha carta. Pensei que sería dela e abrinx con moito entusiasmo. Abrinx, pero non era ela quen ma escribira, a carta era de meus pais; nela dicía que no porto xurdiran complicacións, e ela e mais a bebé non o pudieron resistir... Cunha sensación de parálise no corpo seguín léndoa pero xa non puiden prestar atención a nada máis do que nela se dicía. Sentía como todo ao meu redor se derrubaba, para min xa nada tiña sentido. Os ollos anegáronse en bagóas, e nese momento chorei, chorei como nunca antes chorara. Non era un salouco feble, era un choro forte de rabbia e de impotencia.

Aínda que a pena me acompañaba a cada intre, entre loitas e tiroteos parecía que as cousas se esquecían, ou polo menos pasaban a un lugar secundario da miña cabeza, pero máis tarde safan e atormentábanme, feríndome o corazón.

Ao chegar o inverno aquela guerra rematou, aínda que para algúns non foi para nada o final, as mortes e as perdidas que sufriran con ese conflito bélico nunca se poderían recuperar. E agora aquí estou eu, sentado neste vagón escuro, tendo ao meu carón aquelas cartas que nalgún momento me fixeron feliz. Mentre vexo as paisaxes pasar lixeiras por diante de min, penso en todo polo que pasei e teño a certeza de que xa non quero voltar alí, a quel lugar no que algún día fun o home máis feliz do mundo, pero no que hoxe só queda moita dor e un baleiro xigantesco.

superficie a auga cubría case por completo a rapaza. Non sabía que facer. Quedei mirándoa esperando que ocorrera un milagre. Dirixín a mirada en dirección ó banco para ver o rapaz que estaba alí de pé, mirando fixamente na nosa dirección. Estaba demasiado lonxe como para ver a súa expresión pero pareceume que tiña coita de nós.

-Vaite. Non hai maneira de que eu me salve. Non mentres el queira que morra. Sálvate.

-Non. Eu non me movo de aquí. Só tes que aguantar ata que baixe a marea –deinlle as mans e apertei as dela, que estaban se cabía máis frías cás miñas.

-É demasiado tarde. A marea seguirá subindo. Vaite.

A auga cubrfa cada vez que viña unha onda. Quedáballe pouco. Eu estaba pouco disposta a marchar deixándoa alí pero unha onda xigante separoume dun empurrido do lado da rapaza, deixando que se esvaecese no fondo do mar. O segundo seguinte estaba intentando coller aire sentada na miña cama. Prendín a luz da lámpada que tiña sobre a mesiña de noite e a habitación iluminouse.

Fora un soño. Todo fora un soño. Pero que real. Aínda recordaba os cabelos vermellos da rapaza flotando como lapas de lume na auga mentres os fríos ollos azuis do mozo nos miraban imperturbables.

"Nin arte nin cultura", por LARA RODRÍGUEZ



"Presentacións", por DEBORAH PULIDO



"Televisión nova", por ROCÍO CASTAÑO



## “A lectura é a miña principal fonte de inspiración”

Charla no noso instituto do escritor Fernando Lalana

JUNIOR MANUEL ARAÚJO /

O 10 de febreiro de 2010 visitou o noso centro Fernando Lalana, un recoñecido escritor aragonés. Ten no mercado unha chea de libros e estes son os tres máis famosos: *Morirás en Chafarias*, co que gañou en 1991 o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, outorgado polo Ministerio de Culturan; *La tuneladora*, seleccionada pola Internationale Jugend Bibliotheek de Munich (Alemania), dentro da súa pretxiosa lista mundial de libros “White Ravens” na súa edición de 2007, e mais *El asunto Galindo*, que circulou antes polo norte de Europa que por España.

Fernando Lalana é avogado pero non exerce a profesión e

recoñece unha pequena debilidade polo teatro. Exerceu como actor, director e técnico ao longo de dúas décadas e participou en trinta montaxes. O noso autor está casado e ten dúas fillas. Velaquí unha pequena entrevista que lle fixemos:

**Cal foi a primeira experiencia literaria?**

Un concurso escolar, cando tiña 14 anos.

**Cal é a súa característica persoal principal?**

Teño unha visión irónica da vida.

**Que é o que más aprecia nun amigo?**

Que saiba cando está de máis.

**En que país lle gustaría vivir?**

En calquera país. Pódese ser un desgraciado mesmo en España. He, he, he...



Despois da charla, Fernando Lalana asinou exemplares dos seus libros

**Quen son os seus novelistas favoritos?**

González Ledesma, Martín Gaite..., pero prefiro o teatro á novela.

**Que é o que o impulsa a escribir?**

Os motivos son dous: ter que lle dar de comer á familia e a necesidade persoal de que a xente me queira.

**Consegues sempre o que queres contar?**

Con dificultade, pero si.



### A festa do magosto

NURIA SÁNCHEZ /

O magosto é unha festa tradicional galega relacionada coa recollida de castañas. Ten lugar entre o 1 e o 11 de novembro. Con esta celebración inténtase recuperar a importancia deste alimento, ao que nos últimos séculos o millo e a pataca lle foron arrebantando protagonismo na dieta dos galegos.

Tamén se aproveita para probar o primeiro viño novo. A xente adóitase reunir para comer pan, chourizos asados e castañas asadas para acompañar o viño.

Os alumnos do IES Ribeira do Louro non tivemos nin pan, nin chourizos, nin viño, pero si tivemos castañas, e vaia castañas, estaban boísímas!

Xuntámonos para celebrar

esta festa, o 10 de novembro. Aproveitando que era martes (os martes temos clase pola tarde) decidiron facelo pola tarde. Mais, aínda que iso de comer castañas está moi ben, non nos íamos tirar dúas horas comendo; entón, tamén tivemos xogos populares como a ra, a chave, a petanca...


En cada xogo había catro persoas que se ían aquendando coa finalidade de controlar que todo quedase en perfecto estado para o vindeiro ano.

Despois dun anaco de diversión, recollerón os xogos e formouse unha ringleira para coller as castañas. Así e todo, aquilo máis ca unha ringleira era unha barafunda de xente empurrando por todos os lados. Logo de comer as castañas, a diferenza doutros anos, fómonos para a casa. Normalmente, despois das castañas, farruscámonos e saímos todos negriños.



Distintas imaxes do magosto deste curso, no que houbo tamén, como vemos, un obradoiro de cabazas dirixido por Sonia Omil, do Departamento de Educación Plástica, que serviu para celebrar o samán

1. Velaquí as caricaturas realizadas por alumnos de dúas profesoras e mais un político. Quen son?



ROCÍO CASTAÑO



DEBORAH PULIDO



ALEJANDRO FERNANDES MEIRÍN

Soluciones ao exercicio 2  
sobre citas:

11 - H  
10 - E  
ð - E  
8 - Γ  
Ј - B  
Q - I  
2 - C  
弋 - A  
3 - W  
5 - D  
1 - G

2. O profesor do Departamento de Inglés, Guillermo Comesaña, que é tamén o noso director, recolleu para *Órbita* algunas unha citas de diversos autores na súa versión orixinal. Emparéllaas coa súa correspondente tradución ao galego.

- |                                                                                                                                                                     |                                                                                                                                       |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1. You don't write because you want to say something; you write because you've got something to say (F. Scott Fitzgerald)                                           | A. O que se escribe se esforzo, normalmente lese sen placer.                                                                          |
| 2. No entertainment is so cheap as reading, nor any pleasure so lasting. (Mary Wortley Montagu)                                                                     | B. Penso que a televisión é moi educativa. Cada vez que alguén a acende marcha a outro cuarto para ler un libro                       |
| 3. How many a man has dated a new era in his life from the reading of a book. (Henry David Thoreau)                                                                 | C. Os libros son os amigos más tranquilos e constantes; son os consellos más sabios e accesibles, e os profesores más pacientes       |
| 4. What is written without effort is in general read without pleasure. (Samuel Johnson)                                                                             | D. Non hai entretenimento máis barato que a lectura, nin placer máis duradeiro                                                        |
| 5. Books are the quietest and most constant of friends; they are the most accessible and wisest of counselors, and the most patient of teachers. (Charles W. Eliot) | E. Deixa que os libros sexan a túa mesa de comedor, e estarás cheo de manxares; deixa que sexan o teu colchón e durmirás con descanso |
| 6. I divide all readers into two classes; those who read to remember and those who read to forget (William Lyon Phelps)                                             | F. Sabes que acabas de ler un bo libro cando pasas a derradeira páxina e sentes algo así coma se acabases de perder un amigo          |
| 7. I find television to be very educating. Every time somebody turns on the set, I go in the other room and read a book (Groucho Marx)                              | G. Non esribes porque queiras dicir algo; esribes porque tes algo que dicir                                                           |
| 8. A house without books is like a room without windows (Heinrich Mann)                                                                                             | H. A ficción revela verdades que a realidade escurece                                                                                 |
| 9. Let books be your dining table, / And you shall be full of delights<br>Let them be your mattress / And you shall sleep restful nights.<br>(Author Unknown)       | I. Eu divido os lectores en dúas clases: os que len para lembrar e os que len para esquecer                                           |
| 10. You know you've read a good book when you turn the last page and feel a little as if you have lost a friend (Paul Sweeney)                                      | L. Unha casa sen libros é coma un cuarto sen ventás                                                                                   |
| 11. Fiction reveals truths that reality obscures (Jessamyn West).                                                                                                   | M. Cantas persoas comezaron unha nova era nas súas vidas a partir da lectura dun libro!                                               |

3. Lembras os personaxes parodiados no entroido deste ano:



# Unha ollada ao mundo dende o IES Ribeira do Louro

Nas últimas semanas do curso, o Equipo de Normalización Lingüística, nunha actividade coordinada pola profesora do Departamento de Inglés Herminia Pérez, e coa colaboración do Departamento de Xeografía e Historia, preparou unha exposición fotográfica comentada dos cinco continentes.

A peculiaridade da exposición residiu en estar constituída por fotografías tiradas por membros da propia comunidade educativa do IES Ribeira do Louro nas súas viaxes polo mundo e nela procuráronse peneirar imaxes con encanto que tivesen un alto interese educativo: xoias



Nena de Myanmar (antiga Birmania) coa faciana pintada con tanaka, unha madeira que se usa como protector solar e como enfeite (Fotografía: Sara Costa)

artísticas pouco coñecidas, paisaxes de alto valor ecolóxico, comunidades humanas das


que haxa moito que aprender, curiosidades sobre a vida cotiá, etc.



Gasolineira á beira dunha estrada, en Myanmar  
(Fotografía: Sara Costa)



Escola "Córdoba-Alicante" nos campos de refuxiados saharauis en Tinduf, Alxeria. Foi construída coa axuda daquelas dúas cidades (Fotografía: Alisalem Hmetou)



Espectacular fervenza de rochas basálticas en forma de órgano (Islandia). Fotografía: Eva Mª Pazos




Escola en Bolivia. Na era dixital...  
(Fotografía: Xulia Cerviño)



Patacas nun mercado de Bolivia (existen centos de variedades). As linguis indíxenas teñen moi sólidos nomes para designalas (Fotografía: Xulia Cerviño)



Cadea de conos volcánicos en Islandia (Fotografía: Eva Mª Pazos)



Debido ao elevado índice de analfabetismo, en países como Bolivia é moi común o oficio de escribente. As persoas pagan para que escriban por elas (documentos oficiais, etc.)  
(Fotografía: Xulia Cerviño)



Persoas moendo o cereal para obter fariña, (Burkina Faso). Fotografía: Xan Casalderrey

A mostra permitiuos ver, entre outros aspectos, algunas estampas de escolas en Bolivia, de fervenzas espectaculares en Islandia, da fermeira arte corporal practicada en Túnez, dos derradeiros gorilas de Uganda, da mítica *Sierra Maestra* de Cuba, dos campos de refuxiados saharauis en Alxeria, do xeito de moer o gran para obter fariñas en Burkina Faso, dos templos e pagodes de Myanmar...

En definitiva, esta foi unha das actividades perfectas para intercambiar conocementos e arriquecer-nos coas experiencias dos demás, e por iso mesmo haberá que reeditala en vindeiros cursos.